



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 211
18 de xuño de 2025

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 27337 (12/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24314, publicada no BOPG núm. 193f1, do día 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 10 de xuño de 2025.) [89573](#)

■ 27402 (12/MOC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 25091, publicada no BOPG núm. 197f2, do 14 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025) [89577](#)

■ 27403 (12/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 24261, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025) [89581](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 27317 (12/PNP-002205)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España relacionadas coa desestimación das reclamacións de anulación da normativa europea que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental [89584](#)



Admisión a trámite e publicación

I 26920 (12/PNP-002165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as manifestacións e as actuacións que o Goberno galego debe, respectivamente, explicitar e levar a cabo en relación coa situación actual de Gaza

[89588](#)

I 26924 (12/PNP-002166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatría necesario

[89594](#)

I 26941 (12/PNP-002167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as medidas que debe tomar coa máxima urxencia o Goberno galego co obxectivo de comezar a dragaxe do río Lérez

[89600](#)

I 26948 (12/PNP-002168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co fin de mellorar o seu apoio á Federación Galega de Natación

[89605](#)

I 26958 (12/PNP-002169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego coa finalidade de mellorar a integración do alumnado xitano no sistema educativo

[89610](#)

I 26910 (12/PNP-002170)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA)

[89616](#)

I 26985 (12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

[89620](#)

I 27068 (12/PNP-002172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno de Galicia relacionadas coa promoción da actividade física e deportiva

[89625](#)**I 27074 (12/PNP-002173)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia respecto das liñas de actuación para favorecer a inclusión e o desenvolvemento educativo do alumnado de etnia xitana

[89630](#)**I 27082 (12/PNP-002174)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co obxectivo de garantir a viabilidade da planta de Faurecia en Ourense

[89634](#)**I 27086 (12/PNP-002175)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda ao Goberno galego da igualación do horario lectivo do CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, co horario dos demais centros do concello

[89639](#)**I 27090 (12/PNP-002176)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dun plan de reforzamento dos recursos sanitarios na comarca do Salnés co fin de absorber a forte demanda concentrada na época estival e garantir a calidade da atención médica

[89644](#)**I 27099 (12/PNP-002177)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación cos problemas de cobertura médica no Centro de Saúde de Catoira

[89649](#)**I 27103 (12/PNP-002178)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

[89654](#)**I 27108 (12/PNP-002179)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego do deseño dun plan propio de mellora da accesibilidade no parque inmobiliario galego

[89659](#)

I 27115 (12/PNP-002180)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de procurar unha solución para mellorar a calidade das augas da praia de Barrañán, en Arteixo [89664](#)

I 27138 (12/PNP-002181)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de sementar ameixa fina na ría do Burgo para recuperar a súa produtividade [89669](#)

I 27148 (12/PNP-002182)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego referidas á loita contra a exclusión social [89673](#)

I 27153 (12/PNP-002183)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia [89679](#)

I 27154 (12/PNP-002184)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade [89683](#)

I 27163 (12/PNP-002185)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e López Font, Carlos**

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e a execución doutras intervencións para a seguridade viaria neste concello [89687](#)

I 27169 (12/PNP-002186)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co fin de mellorar o transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e o Álvaro Cunqueiro, de Vigo [89692](#)

I 27178 (12/PNP-002187)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Fernández, Secundino**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o Goberno galego pola forma en que exerceu a súa obriga legal de tutela do órgano de control e certificación do Consello Regulador da D. O. O Ribeiro [89696](#)

I 27185 (12/PNP-002188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG para adaptalas ao contexto laboral e tecnolóxico actual

[89701](#)

I 27192 (12/PNP-002189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia co fin de levar a cabo as obras anunciadas para a mellora das instalacións dos xulgados de Lugo

[89707](#)

I 27212 (12/PNP-002190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha investigación sobre a autorización, o día 8 de xuño, dun servizo de pasaxe marítimo desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres á illa de San Simón

[89711](#)

I 27217 (12/PNP-002191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que o Sergas lles facilite ás mulleres embarazadas material informativo destinado a promocionar os nomes galegos

[89715](#)

I 27218 (12/PNP-002192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a promoción da cultura da alimentación saudable e de proximidade nos albergues públicos e privados do Camiño de Santiago

[89719](#)

I 27225 (12/PNP-002193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a permanencia dentro do catálogo patrimonial galego das pezas da colección numismática de Antonio Orol Pernas consideradas como patrimonio histórico e cultural de Galicia

[89724](#)

I 27230 (12/PNP-002194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dunha nova unidade de 6º de Educación Infantil no CEIP Valle-Inclán, do concello do Grove, para o vindeiro curso 2025-2026

[89728](#)



I 27237 (12/PNP-002195)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promocionar a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego

[89732](#)**I 27241 (12/PNP-002196)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

[89739](#)**I 27250 (12/PNP-002197)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as accións concretas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para previr a colleita ilegal de bivalvos e sementes de moluscos nas praias da comarca do Salnés por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro

[89743](#)**I 27257 (12/PNP-002198)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e 7 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que persista no desenvolvemento das medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027

[89748](#)**I 27279 (12/PNP-002199)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao número de xulgados de violencia contra a muller

[89752](#)**I 27296 (12/PNP-002200)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora do tratamento informativo dos delitos contra a liberdade sexual

[89758](#)**I 27299 (12/PNP-002201)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

[89762](#)**I 27305 (12/PNP-002202)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no referido á tramitación dos proxectos industriais dos parques eólicos Campelo e Lamas de Freás [89766](#)

I 27315 (12/PNP-002204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de saneamento previstos nos lugares do Rodeiro, Podrizo e Vieite, no concello de Coristanco [89772](#)

I 27318 (12/PNP-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP) [89776](#)

I 27332 (12/PNP-002207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda [89780](#)

I 27338 (12/PNP-002208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os criterios que debe adoptar o Goberno galego ante as propostas e a planificación que está a impulsar o Goberno central en política de vivenda [89784](#)

I 27340 (12/PNP-002209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para axilizar a obra proxectada no paso da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras [89789](#)

I 27350 (12/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que defenda ante calquera instancia que for preciso o mantemento da biodiversidade e o equilibrio entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros [89793](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

I 27316 (12/PNC-002576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España relacionadas coa desestimación das reclamacións de anulación da normativa europea que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental

[89797](#)**I 27466 (12/PNC-002598)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 7 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante en relación co conflito no sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e coa negociación do seu convenio colectivo

[89801](#)**I 27499 (12/PNC-002600)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse, coa parte social da empresa Guidoni Quartz, de Narón, medidas laborais e industriais destinadas a garantir nela o emprego e a actividade

[89806](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 26914 (12/PNC-002530)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a contaminación que se rexistra na praia do porto de Santa Cruz, en Oleiros

[89810](#)**I 26919 (12/PNC-002531)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as manifestacións e as actuacións que o Goberno galego debe, respectivamente, explicitar e levar a cabo en relación coa situación actual de Gaza

[89815](#)**I 26925 (12/PNC-002532)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatria necesario

[89821](#)**I 26947 (12/PNC-002534)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co fin de mellorar o seu apoio á Federación Galega de Natación

[89827](#)**I 26952 (12/PNC-002535)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Taibo Corsanego, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co obxecto de mellorar a atención que se presta na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros ás persoas residentes

[89832](#)**I 26957 (12/PNC-002536)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego coa finalidade de mellorar a integración do alumnado xitano no sistema educativo

[89837](#)**I 26909 (12/PNC-002537)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA)

[89843](#)**I 26986 (12/PNC-002538)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandería rexenerativa

[89847](#)**I 27069 (12/PNC-002539)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno de Galicia relacionadas coa promoción da actividade física e deportiva

[89852](#)**I 27075 (12/PNC-002540)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia respecto das liñas de actuación para favorecer a inclusión e o desenvolvemento educativo do alumnado de etnia xitana

[89856](#)**I 27083 (12/PNC-002541)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co obxectivo de garantir a viabilidade da planta de Faurecia en Ourense

[89860](#)**I 27085 (12/PNC-002542)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda ao Goberno galego da igualación do horario lectivo do CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, co horario dos demais centros do concello

[89865](#)

I 27091 (12/PNC-002543)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a demanda dun plan de reforzamento dos recursos sanitarios na comarca do Salnés co fin de absorber a forte demanda concentrada na época estival e garantir a calidade da atención médica

[89870](#)**I 27097 (12/PNC-002544)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

[89875](#)**I 27098 (12/PNC-002545)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

[89880](#)**I 27107 (12/PNC-002546)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda ao Goberno galego do deseño dun plan propio de mellora da accesibilidade no parque inmobiliario galego

[89885](#)**I 27114 (12/PNC-002547)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de procurar unha solución para mellorar a calidade das augas da praia de Barrañán, en Arteixo

[89890](#)**I 27139 (12/PNC-002548)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de sementar ameixa fina na ría do Burgo para recuperar a súa produtividade

[89895](#)**I 27147 (12/PNC-002549)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego referidas á loita contra a exclusión social

[89899](#)**I 27152 (12/PNC-002550)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia

[89905](#)

I 27155 (12/PNC-002551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade

[89910](#)

I 27164 (12/PNC-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e outras intervencións para a seguridade viaria neste concello

[89914](#)

I 27170 (12/PNC-002553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e a execución doutras intervencións para a seguridade viaria neste concello

[89918](#)

I 27173 (12/PNC-002554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que manteña, nas mesmas condicións de tempo de servizo semanal, o posto de traballador/a social na Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Tui

[89923](#)

I 27177 (12/PNC-002555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o Goberno galego pola forma en que exerceu a súa obriga legal de tutela do órgano de control e certificación do Consello Regulador da D. O. O Ribeiro

[89928](#)

I 27187 (12/PNC-002556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG para adaptalas ao contexto laboral e tecnolóxico actual

[89933](#)

I 27188 (12/PNC-002557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis



Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia co fin de levar a cabo as obras anunciadas para a mellora das instalacións dos xulgados de Lugo [89939](#)

I 27193 (12/PNC-002558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da busca, xunto coa representación legal do persoal, de solucións para evitar a destrución de emprego na empresa Einsa Print, localizada nas Pontes de García Rodríguez [89943](#)

I 27211 (12/PNC-002559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha investigación sobre a autorización, o día 8 de xuño, dun servizo de pasaxe marítimo desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres á illa de San Simón [89947](#)

I 27216 (12/PNC-002560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que o Sergas lles facilite ás mulleres embarazadas material informativo destinado a promocionar os nomes galegos [89951](#)

I 27219 (12/PNC-002561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a promoción da cultura da alimentación saudable e de proximidade nos albergues públicos e privados do Camiño de Santiago [89955](#)

I 27224 (12/PNC-002562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a permanencia dentro do catálogo patrimonial galego das pezas da colección numismática de Antonio Orol Pernas consideradas como patrimonio histórico e cultural de Galicia [89960](#)

I 27231 (12/PNC-002563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dunha nova unidade de 6º de Educación Infantil no CEIP Valle-Inclán, do concello do Grove, para o vindeiro curso 2025-2026 [89964](#)

I 27236 (12/PNC-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promocionar a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego [89968](#)



I 27242 (12/PNC-002565)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

[89975](#)**I 27243 (12/PNC-002566)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

[89979](#)**I 27251 (12/PNC-002567)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as accións concretas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para previr a colleita ilegal de bivalvos e sementes de moluscos nas praias da comarca do Salnés por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro

[89983](#)**I 27256 (12/PNC-002568)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e 7 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que persista no desenvolvemento das medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027

[89988](#)**I 27278 (12/PNC-002569)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao número de xulgados de violencia contra a muller

[89992](#)**I 27289 (12/PNC-002570)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorar os servizos de saúde mental no Centro Integral de Saúde de Lalín

[89997](#)**I 27295 (12/PNC-002571)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

[90001](#)**I 27297 (12/PNC-002572)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora do tratamento informativo dos delitos contra a liberdade sexual [90005](#)

I 27304 (12/PNC-002573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no referido á tramitación dos proxectos industriais dos parques eólicos Campelo e Lamas de Freás [90009](#)

I 27314 (12/PNC-002575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de saneamento previstos nos lugares do Rodeiro, Podrizo e Vieite, no concello de Coristanco [90015](#)

I 27319 (12/PNC-002577)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP) [90019](#)

I 27334 (12/PNC-002578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda [90023](#)

I 27339 (12/PNC-002579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os criterios que debe adoptar o Goberno galego ante as propostas e a planificación que está a impulsar o Goberno central en política de vivenda [90027](#)

I 27341 (12/PNC-002580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para axilizar a obra proxectada no paso da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras [90033](#)

I 27351 (12/PNC-002581)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que defenda ante calquera instancia que for preciso o mantemento da biodiversidade e o equilibrio entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros [90037](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 27337 (12/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24314, publicada no BOPG núm. 193f1, do día 2 de maio de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 10 de xuño de 2025.)

- 27402 (12/MOC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 25091, publicada no BOPG núm. 197f2, do 14 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025)

- 27403 (12/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 24261, publicada no BOPG núm. 193f1, do 2 de maio de 2025 e debatida na sesión plenaria do 10 de xuño de 2025)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27317 (12/PNP-002205)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España relacionadas coa desestimación das reclamacións de anulación da normativa europea que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental



Admisión a trámite e publicación

- 26920 (12/PNP-002165)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as manifestacións e as actuacións que o Goberno galego debe, respectivamente, explicitar e levar a cabo en relación coa situación actual de Gaza

- 26924 (12/PNP-002166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatría necesario

- 26941 (12/PNP-002167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as medidas que debe tomar coa máxima urxencia o Goberno galego co obxectivo de comezar a dragaxe do río Lérez

- 26948 (12/PNP-002168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co fin de mellorar o seu apoio á Federación Galega de Natación

- 26958 (12/PNP-002169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego coa finalidade de mellorar a integración do alumnado xitano no sistema educativo

- 26910 (12/PNP-002170)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA)

- 26985 (12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

- 27068 (12/PNP-002172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno de Galicia relacionadas coa promoción da actividade física e deportiva

- 27074 (12/PNP-002173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia respecto das liñas de actuación para favorecer a inclusión e o desenvolvemento educativo do alumnado de etnia xitana

- 27082 (12/PNP-002174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co obxectivo de garantir a viabilidade da planta de Faurecia en Ourense

- 27086 (12/PNP-002175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda ao Goberno galego da igualación do horario lectivo do CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, co horario dos demais centros do concello

- 27090 (12/PNP-002176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dun plan de reforzamento dos recursos sanitarios na comarca do Salnés co fin de absorber a forte demanda concentrada na época estival e garantir a calidade da atención médica

- 27099 (12/PNP-002177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación cos problemas de cobertura médica no Centro de Saúde de Catoira

- 27103 (12/PNP-002178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

- 27108 (12/PNP-002179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego do deseño dun plan propio de mellora da accesibilidade no parque inmobiliario galego



- 27115 (12/PNP-002180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de procurar unha solución para mellorar a calidade das augas da praia de Barrañán, en Arteixo

- 27138 (12/PNP-002181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de sementar ameixa fina na ría do Burgo para recuperar a súa produtividade

- 27148 (12/PNP-002182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego referidas á loita contra a exclusión social

- 27153 (12/PNP-002183)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia

- 27154 (12/PNP-002184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade

- 27163 (12/PNP-002185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e a execución doutras intervencións para a seguridade viaria neste concello

- 27169 (12/PNP-002186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co fin de mellorar o transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e o Álvaro Cunqueiro, de Vigo

- 27178 (12/PNP-002187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Fernández, Secundino



Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o Goberno galego pola forma en que exerceu a súa obriga legal de tutela do órgano de control e certificación do Consello Regulador da D. O. O Ribeiro

- 27185 (12/PNP-002188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG para adaptalas ao contexto laboral e tecnolóxico actual

- 27192 (12/PNP-002189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia co fin de levar a cabo as obras anunciadas para a mellora das instalacións dos xulgados de Lugo

- 27212 (12/PNP-002190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha investigación sobre a autorización, o día 8 de xuño, dun servizo de pasaxe marítimo desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres á illa de San Simón

- 27217 (12/PNP-002191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que o Sergas lles facilite ás mulleres embarazadas material informativo destinado a promocionar os nomes galegos

- 27218 (12/PNP-002192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a promoción da cultura da alimentación saudable e de proximidade nos albergues públicos e privados do Camiño de Santiago

- 27225 (12/PNP-002193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a permanencia dentro do catálogo patrimonial galego das pezas da colección numismática de Antonio Orol Pernas consideradas como patrimonio histórico e cultural de Galicia

- 27230 (12/PNP-002194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dunha nova unidade de 6º de Educación Infantil no CEIP Valle-Inclán, do concello do Grove, para o vindeiro curso 2025-2026



- 27237 (12/PNP-002195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promocionar a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego

- 27241 (12/PNP-002196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

- 27250 (12/PNP-002197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións concretas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para previr a colleita ilegal de bivalvos e sementes de moluscos nas praias da comarca do Salnés por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro

- 27257 (12/PNP-002198)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que persista no desenvolvemento das medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027

- 27279 (12/PNP-002199)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao número de xulgados de violencia contra a muller

- 27296 (12/PNP-002200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora do tratamento informativo dos delitos contra a liberdade sexual

- 27299 (12/PNP-002201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

- 27305 (12/PNP-002202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 4 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no referido á tramitación dos proxectos industriais dos parques eólicos Campelo e Lamas de Freás

- 27315 (12/PNP-002204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de saneamento previstos nos lugares do Rodeiro, Podrizo e Vieite, no concello de Coristanco

- 27318 (12/PNP-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

- 27332 (12/PNP-002207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda

- 27338 (12/PNP-002208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os criterios que debe adoptar o Goberno galego ante as propostas e a planificación que está a impulsar o Goberno central en política de vivenda

- 27340 (12/PNP-002209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para axilizar a obra proxectada no paso da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras

- 27350 (12/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que defenda ante calquera instancia que for preciso o mantemento da biodiversidade e o equilibrio entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 27316 (12/PNC-002576)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fidalgo Iglesias, Miguel e 14 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España relacionadas coa desestimación das reclamacións de anulación da normativa europea que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27466 (12/PNC-002598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 7 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante en relación co conflito no sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e coa negociación do seu convenio colectivo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27499 (12/PNC-002600)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse, coa parte social da empresa Guidoni Quartz, de Narón, medidas laborais e industriais destinadas a garantir nela o emprego e a actividade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 26914 (12/PNC-002530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a contaminación que se rexistra na praia do porto de Santa Cruz, en Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26919 (12/PNC-002531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as manifestacións e as actuacións que o Goberno galego debe, respectivamente, explicitar e levar a cabo en relación coa situación actual de Gaza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26925 (12/PNC-002532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que dote os centros de saúde da comarca do Condado-A Paradanta do persoal facultativo de pediatría necesario

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26947 (12/PNC-002534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha co fin de mellorar o seu apoio á Federación Galega de Natación
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26952 (12/PNC-002535)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar co obxecto de mellorar a atención que se presta na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros ás persoas residentes
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26957 (12/PNC-002536)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego coa finalidade de mellorar a integración do alumnado xitano no sistema educativo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26909 (12/PNC-002537)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co fin de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA)
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26986 (12/PNC-002538)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27069 (12/PNC-002539)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno de Galicia relacionadas coa promoción da actividade física e deportiva
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27075 (12/PNC-002540)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia respecto das liñas de actuación para favorecer a inclusión e o desenvolvemento educativo do alumnado de etnia xitana
Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 27083 (12/PNC-002541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co obxectivo de garantir a viabilidade da planta de Faurecia en Ourense

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27085 (12/PNC-002542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda ao Goberno galego da igualación do horario lectivo do CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, co horario dos demais centros do concello

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27091 (12/PNC-002543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dun plan de reforzamento dos recursos sanitarios na comarca do Salnés co fin de absorber a forte demanda concentrada na época estival e garantir a calidade da atención médica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27097 (12/PNC-002544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27098 (12/PNC-002545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda da constitución dunha mesa de diálogo de carácter social, político e institucional para pór en marcha un novo decreto no ensino que cumpra o mandato da Lei de normalización lingüística

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27107 (12/PNC-002546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego do deseño dun plan propio de mellora da accesibilidade no parque inmobiliario galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27114 (12/PNC-002547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de procurar unha solución para mellorar a calidade das augas da praia de Barrañán, en Arteixo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27139 (12/PNC-002548)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de sementar ameixa fina na ría do Burgo para recuperar a súa produtividade

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27147 (12/PNC-002549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego referidas á loita contra a exclusión social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27152 (12/PNC-002550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha homenaxe en lembranza de José Manuel Costas Capelo, figura vencellada ao sector náutico-pesqueiro e á mariña mercante de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27155 (12/PNC-002551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e a remisión ao Parlamento de Galicia dun informe relativo ao cumprimento dos obxectivos da Lei Valentín Paz-Andrade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27164 (12/PNC-002552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e outras intervencións para a seguridade viaria neste concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27170 (12/PNC-002553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego do remate do tramo central da senda peonil entre Outeiro da Orraca e Gundiás, no concello de Allariz, e a execución doutras intervencións para a seguridade viaria neste concello

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 27173 (12/PNC-002554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que manteña, nas mesmas condicións de tempo de servizo semanal, o posto de traballador/a social na Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Tui

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27177 (12/PNC-002555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Fernández, Secundino

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobado o Goberno galego pola forma en que exerceu a súa obriga legal de tutela do órgano de control e certificación do Consello Regulador da D. O. O Ribeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27187 (12/PNC-002556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG para adaptalas ao contexto laboral e tecnolóxico actual

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27188 (12/PNC-002557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia co fin de levar a cabo as obras anunciadas para a mellora das instalacións dos xulgados de Lugo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27193 (12/PNC-002558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da busca, xunto coa representación legal do persoal, de solucións para evitar a destrución de emprego na empresa Einsa Print, localizada nas Pontes de García Rodríguez

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27211 (12/PNC-002559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha investigación sobre a autorización, o día 8 de xuño, dun servizo de pasaxe marítimo desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres á illa de San Simón

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27216 (12/PNC-002560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Taibo Corsanego, Iria e Carreira Pazos, Iria

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que o Sergas lles facilite ás mulleres embarazadas material informativo destinado a promocionar os nomes galegos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27219 (12/PNC-002561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a promoción da cultura da alimentación saudable e de proximidade nos albergues públicos e privados do Camiño de Santiago

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27224 (12/PNC-002562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre a permanencia dentro do catálogo patrimonial galego das pezas da colección numismática de Antonio Orol Pernas consideradas como patrimonio histórico e cultural de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27231 (12/PNC-002563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dunha nova unidade de 6º de Educación Infantil no CEIP Valle-Inclán, do concello do Grove, para o vindeiro curso 2025-2026

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27236 (12/PNC-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego destinadas a promocionar a aprendizaxe da lingua portuguesa no ensino público galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27242 (12/PNC-002565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27243 (12/PNC-002566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que nesta anualidade inicie o compromiso orzamentario para a execución do Centro Integral de Saúde de Carballo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 27251 (12/PNC-002567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións concretas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para previr a colleita ilegal de bivalvos e sementes de moluscos nas praias da comarca do Salnés por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27256 (12/PNC-002568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que persista no desenvolvemento das medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27278 (12/PNC-002569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á planta xudicial en Galicia e ao número de xulgados de violencia contra a muller

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27289 (12/PNC-002570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de mellorar os servizos de saúde mental no Centro Integral de Saúde de Lalín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27295 (12/PNC-002571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que aboe a débeda contraída pola asistencia sanitaria do Sergas aos internos dos penais de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27297 (12/PNC-002572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora do tratamento informativo dos delitos contra a liberdade sexual

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27304 (12/PNC-002573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 4 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia no referido á tramitación dos proxectos industriais dos parques eólicos Campelo e Lamas de Freás
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27314 (12/PNC-002575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos proxectos de saneamento previstos nos lugares do Rodeiro, Podrizo e Vieite, no concello de Coristanco
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27319 (12/PNC-002577)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27334 (12/PNC-002578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27339 (12/PNC-002579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os criterios que debe adoptar o Goberno galego ante as propostas e a planificación que está a impulsar o Goberno central en política de vivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27341 (12/PNC-002580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 9 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para axilizar a obra proxectada no paso da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27351 (12/PNC-002581)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que defenda ante calquera instancia que for preciso o mantemento da biodiversidade e o equilibrio entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de xuño, sobre a demanda de prazas en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e a regulación do acceso a elas (doc. núm. **24314**, [12/INT-000954]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar unha listaxe única de admisión para as solicitudes de prazas de escolas infantís 0-3 que evite duplicidades na reserva e simplifique o procedemento, igualando os períodos de matriculación e establecendo unha baremación única en todas aquelas escolas que dependan do financiamento da Xunta de Galiza para a prestación deste servizo de conciliación.

2. Poñer en marcha un Plan de creación, ampliación e reforzo da rede pública de escolas infantís (0-3 anos) no que se especifique o número de prazas de nova creación que se poñerán a disposición, a dotación orzamentaria a destinada a estas e a súa localización, priorizando áreas onde a demanda supera con moito a oferta existente.

3. Incluír na rede pública de escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza as escolas infantís municipais e Puntos de Atención á Infancia, garantindo o 100% da gratuidade do servizo de conciliación.

Asinado o día 12/06/2025 ás
16:47
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 12/06/2025 ás
16:47
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Igualar as contías que perciben por parte da Xunta de Galiza as escolas infantís de carácter privado co obxectivo de que as diferencias no financiamento público destas prazas se reduza, eliminando a disparidade entre elas e garantindo que as familias non terán que aportar contías a maiores das establecidas, amparándose en conceptos e servizos que nas escolas da rede pública están incluídos dentro da gratuidade.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 12/06/2025 16:47:34

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2025 16:47:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:48:27
Nº Rexistro: 27337
Data envío: 12/06/2025 16:48:27.617

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 16:48:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:48:27
Nº Rexistro: 27337
Data envío: 12/06/2025 16:48:27.617

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de xuño, sobre a evolución da violencia machista e a valoración dos últimos datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (doc. núm. **25091**, [12/INT-000978]).

Moción

“O Parlamento galego acorda, por resolución, expresar a súa solidariedade e apoio á denunciante a un membro do goberno galego por presunta agresión sexual, reprobando a filtración pública da súa identidade e expresar o seu apoio ás mulleres agredidas que toman a decisión de acudir á xustiza e a súa vontade de seguir traballando para que o poidan facer coas máximas garantías de respecto, xustiza e reparación con independencia de quen sexan os denunciados e o seu status.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Facilitar, a través do Presidente da Xunta, a rendición democrática de explicacións políticas no Parlamento Galego sobre a súa actuación ante a denuncia dun membro do goberno galego por presunta agresión sexual.
2. Poñer á disposición da denunciante todos os recursos previstos ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e, singularmente, do seu artigo 30 canto ao exercicio da acción popular no procedemento penal.

Asinado o día 13/06/2025 ás
13:47
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 13/06/2025 ás
13:47
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Remitir á Cámara galega a documentación acreditativa onde conste o momento exacto no que tivo constancia dunha denuncia por presunta agresión sexual contra un membro do goberno galego.

4. Demandar a investigación da filtración da identidade da denunciante e colaborar, coa máxima transparencia, para que aclarar a posible responsabilidade de calquera membro do goberno galego ou vinculado ao goberno galego.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2025 13:47:17

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2025 13:47:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:48:10
Nº Rexistro: 27402
Data envío: 13/06/2025 13:48:10.338

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 13:48:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:48:10
Nº Rexistro: 27402
Data envío: 13/06/2025 13:48:10.338

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27403
Data envío: 13/06/2025 14:11:31.341

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 e 11 de xuño do 2025, sobre as políticas de xestión forestal e de prevención e loita contra os incendios (12/INT-000851, doc. núm. 24261).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xullo de cada ano, actuando con preferencia nas zonas de maior risco de incendios forestais, presentando un informe na Cámara galega unha vez rematadas as actuacións con actuación e orzamento dedicado por distrito forestal.
- Ante o risco de incendios convectivos desenrolar unha estratexia, baseada no mapa de combustibles actualizado, que será presentada no Parlamento de Galicia de forma urgente.
- Desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía con actuacións pormenorizadas por distrito forestal.
- Realizar plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e os servizos de emerxencias locais e comarcais e a poboación implicada, como xa se está a facer noutros estados europeos, que será presentado no Parlamento de Galicia no prazo de seis meses.
- Actualizar o dispositivo que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos, nos distritos forestais.

Santiago de Compostela, a 13 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89581

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado o día 13/06/2025 ás
14:10
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 13/06/2025 ás
14:10
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/06/2025 14:10:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/06/2025 14:10:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27403
Data envío: 13/06/2025 14:11:31.341

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 14:11:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27403
Data envío: 13/06/2025 14:11:31.341

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Paula Prado del Río, Cristina Sanz Arias, Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Raquel Arias Rodríguez e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto nos artigos 160,98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada polo impacto económico e social desta decisión que afecta a mais do 25% da flota galega.

Exposición de Motivos:

A recente sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) na que desestima o recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela e 16 compañías armadoras de buques afectados polo veto á pesca de fondo, supón unha mala nova para o sector pesqueiro galego e, especialmente para a flota lucense, a máis afectada pola imposición destas vedas.

O comisario europeo ultraecoloxista promoveu no ano 2022 un regulamento moi restritivo baseado na posible existencia de ecosistemas mariños vulnerables en 87 zonas do Atlántico Nororiental que deste xeito quedaban vedadas á flota. Todo iso, sen ter a debida consideración sobre o impacto económico e social desta decisión que afecta a máis do 25% da frota galega: 200 embarcacións de xeito directo e 946 de artes menores de forma indirecta.

Desde o primeiro momento o Goberno galego actuou no obxectivo de reverter esta decisión e en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas. De feito, a Xunta de Galicia participou neste procedemento xudicial en calidade de coadxuvante da parte demandante, no que achegou información relevante respecto a que a actividade pesqueira da frota de palangre non causaba efectos adversos significativos neses espazos.

Hoxe máis que nunca resulta preciso mudar as políticas pesqueiras desenvolvidas no anterior mandato comunitario e apostar por un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais que permita garantir a sostibilidade e futuro da

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO
DE GALICIA

pesca. Cómpre non esquecer que estamos a falar dunha actividade extractiva estratéxica para Galicia e o conxunto do continente dado a súa crucial contribución á hora de garantir a soberanía alimentaria.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **proposición non de lei polo trámite de urxencia**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º- Interpoñer un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ante a decisión de desestimar as demandas de anulación da normativa comunitaria que impón 87 vedas á pesca de fondo zonas do Atlántico Nororiental.

2º- Achegue a información científica recompilada desde o ano 2022 para descartar ou confirmar a existencia de ecosistemas mariños vulnerables nas 87 áreas vedadas e o impacto que a actividade pesqueira da frota causa nestes espazos.

3º- Desenvolva cantas accións sexan precisas, diante das autoridades comunitarias, en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas, apostando por unha nova regulación que estableza un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais e permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca de fondo.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 12:22:18
Miguel Fidalgo Iglesias na data 12/06/2025 12:22:31
Jesús María Fernández Rosende na data 12/06/2025 12:22:51
María Deza Martínez na data 12/06/2025 12:23:23
Paula Mouzo Mas na data 12/06/2025 12:23:52
Dolores Hermelo Piñeiro na data 12/06/2025 12:24:04
Patricia García González na data 12/06/2025 12:24:20
Maria Magdalena Perez Millares na data 12/06/2025 12:24:34
Raúl Santamaría González na data 12/06/2025 12:25:01
Manuel Santos Costa na data 12/06/2025 12:25:24
Paula Prado del Rio na data 12/06/2025 12:26:21
Cristina Sanz Arias na data 12/06/2025 12:27:09
Julio García Comesaña na data 12/06/2025 12:27:24
Roberto Rodríguez Martínez na data 12/06/2025 12:27:40
Argimiro Marnotes Fernández na data 12/06/2025 12:28:06
Raquel Arias Rodríguez na data 12/06/2025 12:28:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 12:34:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:34:55
Nº Rexistro: 27317
Data envío: 12/06/2025 12:34:55,789

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de outubro de 2023 marcou o inicio do actual ciclo de violencia, tras o ataque perpetrado por Hamás contra poboación civil israelí, que causou a morte de máis de 1.200 persoas e a captura de decenas de reféns. Desde entón, a resposta militar do Goberno de Israel sobre a Franxa de Gaza derivou nunha campaña de destrución masiva sen precedentes, afectando principalmente á poboación civil palestina.

A data de maio de 2025, máis de 54.000 persoas foron asasinadas en Gaza, entre elas polo menos 16.200 nenos e nenas. Outras 80.000 resultaron feridas, e máis de 1,9 millóns de persoas —o 85% da poboación gazatí— foron desprazadas internamente, moitas delas de forma repetida, sen acceso garantido a alimentos, auga potable, atención médica nin refuxio seguro.

A intensidade e prolongación dos ataques aéreos e terrestres provocou o colapso total do sistema sanitario, a destrución de vivendas, escolas, universidades, hospitais, infraestruturas eléctricas e de saneamento, e a devastación de centros xestionados por organismos humanitarios.

Entre as vítimas cóntanse máis de 150 traballadores de Nacións Unidas, o que converte esta ofensiva na máis letal rexistrada para o persoal da ONU desde a





súa creación. Ademais, polo menos 220 xornalistas foron asasinados, a maioría deles palestinos, mentres cubrían os efectos do conflito sobre a poboación civil.

Desde a ruptura unilateral do cesamento do fogo por parte do Goberno de Israel en marzo de 2025, a ofensiva militar intensificouse, acompañada do bloqueo sistemático da axuda humanitaria e do uso deliberado da fame como instrumento de guerra, o que levou a axencias internacionais a advertir dunha inanición inminente.

Organismos internacionais como a Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA) advertiron que máis do 70% do territorio de Gaza foi convertido en zona de evacuación ou de combate. A poboación foi forzada a desprazarse unha e outra vez, sen garantías de protección nin lugares seguros. A comunidade humanitaria denuncia unha situación insostible, na que mesmo as mínimas entregas de axuda son utilizadas como ferramenta de control militar.

A esta situación en Gaza súmase a intensificación da violencia en Cisjordania, onde o aumento dos ataques por parte de colonos armados, con apoio ou permisividade do exército israelí, está a provocar desprazamentos forzados, expropiacións ilegais e unha maior expansión dos asentamentos en aberta violación do dereito internacional.

Diversas organizacións internacionais, xuristas e expertos en dereitos humanos alertaron de que en Gaza poderían estarse cometendo crimes de guerra e actos de xenocidio, conforme ao establecido na Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio de 1948.





A relatora especial da ONU para os Territorios Palestinos Ocupados, Francesca Albanese, sinalou que existen motivos razoables para considerar que Israel está a levar a cabo polo menos tres dos actos tipificados na devandita Convención.

Organizacións como Human Rights Watch, Amnistía Internacional e Médicos Sen Fronteiras coincidiron en denunciar a existencia de prácticas sistemáticas de exterminio, desprazamento forzoso, e privación deliberada de alimentos e servizos esenciais.

Mentres tanto, a poboación civil —especialmente a infancia— segue atrapada en condicións de extrema vulnerabilidade, exposta a bombardeos constantes, á fame e ao colapso absoluto de toda infraestrutura humanitaria.

Fronte a esta situación, España asumiu un papel destacado a nivel internacional. En maio de 2024, recoñeceu oficialmente ao Estado de Palestina, e desde entón traballou para ampliar ese recoñecemento entre outros países. No marco da Unión Europea, impulsou a revisión do Acordo de Asociación con Israel, esixindo o seu cumprimento en materia de dereitos humanos, e defendeu a aplicación dun embargo de armas. Así mesmo, reiterou o seu compromiso coa solución de dous Estados como única vía posible para alcanzar unha paz duradeira, baseada na coexistencia dun Estado israelí e un Estado palestino.

Más recentemente, o 25 de maio de 2025, o noso país convocou en Madrid un cumio internacional coa participación de máis de vinte gobernos e organizacións. Alí defendéronse propostas concretas para reverter a crise humanitaria: o recoñecemento do Estado palestino, o levantamento do bloqueio





sobre Gaza, a aplicación de sancións individuais aos responsables políticos e militares, e a suspensión do comercio armamentístico con Israel.

España anunciou ademais a súa intención de promover, xunto a Palestina e outros países, unha resolución ante a Asemblea Xeral de Nacións Unidas que esixa o fin do bloqueo humanitario e garanta o acceso completo, seguro e sen restricións da axuda internacional.

Esta iniciativa enmárcase tamén nos esforzos internacionais por reactivar o proceso de paz, con base na solución de dous Estados, que garanta os dereitos do pobo palestino e a seguridade de Israel e instar a todas as partes implicadas a retomar negociacións orientadas a ese obxectivo.

Galicia non pode manterse ao marxe. A defensa da dignidade humana, o rexeitamento da violencia indiscriminada e o respecto ao dereito Internacional Humanitario forman parte dos valores que definen o noso compromiso democrático. Neste contexto, alzar a voz desde o noso territorio non só é lexítimo, senón necesario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Manifestar o seu apoio á esixencia ao goberno Israelí do cesamento inmediato das hostilidades na Franxa de Gaza, así como o respecto estrito ao dereito Internacional Humanitario e a protección da poboación civil, con especial atención á infancia; e do acceso completo, seguro e





sen restricións da axuda humanitaria á poboación palestina, conforme aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade, e rexeitar o uso da asistencia humanitaria como instrumento de guerra.

- b) Manifestar o apoio á posición do Goberno de España no cumio internacional celebrado en Madrid o 25 de maio de 2025, que defende o recoñecemento do Estado de Palestina, o levantamento do bloqueio humanitario, a imposición de sancións individuais aos responsables de crimes de guerra, a suspensión do Acordo de Asociación da Unión Europea e o embargo da venda de armas con Israel.
- c) Reafirmar o seu respaldo institucional ao recoñecemento do Estado de Palestina, como medida indispensable para avanzar cara a unha solución política baseada na coexistencia de dous Estados.
- d) Solicitar ao Goberno de España o impulso, previa resolución da Asamblea Xeral das Nacións Unidas, o pronunciamento da Corte Internacional de Xustiza sobre o cumprimento por parte de Israel das súas obrigacións internacionais con relación ao acceso de axuda humanitaria en Gaza.
- e) Manifestar o compromiso do Goberno Galego coa legalidade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a paz, así como a súa solidariedade co pobo palestino, especialmente con quen foi vítimas directas da violencia, o desprazamento forzoso ou a destrución dos seus fogares e infraestruturas.
- f) Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 10:09:32
Nº Rexistro: 26920
Data envío: 06/06/2025 10:09:32.816

Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á FEMP.

Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/06/2025 09:53:09

Patricia Iglesias Rey na data 06/06/2025 09:53:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/06/2025 09:53:27

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

89593

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernáandez Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a falta de atención pediátrica nos Centros de Saúde da comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta, levan anos arrastrando un déficit de atención pediátrica á poboación infantil e adolescente dos nove concellos da zona: Ponteareas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Caniza, Covelo, Mondariz e Mondariz Balneario.

Isto acontece dende a pandemia, onde o Sergas decidiu atender cun só profesional a varios municipios repartindo os días da semana entre uns e outros centros de saúde. Obrigando así ás familias, os días que non hai consulta no seu centro de saúde, a desprazarse a outros concellos ou dirixirse directamente ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Esta situación agrávase na actualidade por ter varias vacantes sen cubrir e agora que comeza o período vacacional pasará como en anos anteriores que as consultas pediátricas suspenderanse en varios centros de saúde, como sucedeu en Salvaterra o verán pasado, ao que se engade a falta de substitucións de pediatras por baixas laborais por enfermidade, por embarazo, maternais, permisos, etc.

Na actualidade, hai unha pediatra na Caniza que comparte consulta con Crecente, que non pode atender aos nenos e nenas de 0 a 3 anos por estar embarazada. Estes nenos e nenas máis pequenas de ambos concellos, son dirixidas a Arbo, As Neves ou Ponteareas.



Calquera pode imaxinar o malestar e preocupación entre as familias destes bebés que son atendidos noutras localidades por distintas/os pediatras de cada vez, nun período da infancia onde é máis importante a atención, a prevención e o seguimento sanitario.

Mondariz atópase na mesma situación, pero a pediatra xa colleu a baixa laboral hai un mes e aínda non foi substituída. A consulta faina a enfermeira pediátrica, recabando a información, facendo as probas precisas e enviando un informe a un dos pediatras de Ponteareas que fai unha consulta telefónica e decide despois se a menor debe ser atendida en Ponteareas ou no hospital en Vigo. Unha situación totalmente caótica e alarmante e dunha gran responsabilidade para a enfermeira pediátrica, que non lle corresponde.

En Salvaterra a titular de pediatria está de baixa e achégase unha substituta dous ou tres días á semana e nunca a xornada completa, hai días en que só permanece na consulta 2,5 horas, polo tanto tan só atende as citas concertadas e todas as urxencias son atendidas directamente no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Cando esta especialista está de vacacións ou permiso non envían a ningunha outra e o centro de saúde queda sen o servizo.

En Ponteareas, con tan só dous pediatras (un de mañán e outro de tarde) atenden a preto de 2.800 nenos e nenas da Vila, así como a todos/as as que non teñen pediatra que poida atendelas no seu centro de saúde nos concellos da contorna. Algo inasumible con eses efectivos.

Falta cubrir prazas de pediatras: un en Ponteareas; en Crecente, Covelo e Arbo non hai pediatra asignado.

Por outra banda, as urxencias pediátricas aténdense maiormente no hospital de referencia, o Álvaro Cunqueiro, tendo que facer un desprazamento importante por parte das familias, entre 30 minutos se son de Ponteareas, ate unha hora se residen no Covelo,



Caniza ou Crecente, sobre todo das súas parroquias. Se as pequenas están nunha situación moi urxente, este tempo pode ser nefasto para a recuperación da crianza.

Esta falta de atención sanitaria é xa insostible para as familias que están preocupadas polo seguimento das súas fillas e fillos e que ven como para a súa consulta por enfermidade teñen problemas de conciliación polos desprazamentos, falta de transporte público ou incluso propio, horarios que non se axustan coas xornadas laborais e os retrasos nas citas. Todo isto tendo en conta a numerosa poboación infantil que ten esta comarca.

É polo que na Caniza levan meses concentrándose todos os luns diante do centro de saúde para reivindicar un servizo de pediatría estable, a tempo completo e para todos os nenos e nenas en idade pediátrica, á que se suman persoas afectadas dos concellos limítrofes.

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado-Paradanta que fai seguimento constante dos precarios medios na sanidade pública da Comarca, ante esta falta de pediatras e as súas consecuencias nas crianzas e familias, convocou a toda a veciñanza para que, o pasado sábado, dúas caravanas de vehículos saíran da Caniza e Covelo paralelamente e confluíran en Salvaterra, onde se manifestaron un milleiro de persoas polas súas rúas entre o mercado municipal e o centro de saúde, como protesta ante unha falta de atención das e dos menores de 14 anos, cuxas familias pasan por unha odisea para conseguir que un pediatra consulte ás súas fillas e fillos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno da Xunta de Galicia a través do Sergas a dotar os centros de saúde dos municipios da comarca do Condado-Paradanta do persoal de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pediatría necesario para cubrir todas as vacantes en cada un dos Concellos, así como para substituír as baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación menor de 14 anos na Comarca.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 11:00:39

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2025 11:00:53

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 11:00:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:04:14
Nº Rexistro: 26924
Data envío: 06/06/2025 11:04:14.896

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 11:04:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:04:14
Nº Rexistro: 26924
Data envío: 06/06/2025 11:04:14.896

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre adragaxe do esteiro do río Lérez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 14 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a

Asinado o día 06/06/2025 ás
12:55
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 06/06/2025 ás
12:55
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño de 2019, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

A Comisión 2 do parlamento galego aprobou por unanimidade o 15 de xaneiro de 2020 o seguinte acordó: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar una proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría."

Malia estes acordos, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

En febreiro de 2023 o presidente da Xunta e a conselleira de Economía visitaron o Clube Naval e o presidente da Xunta puxo excusas para xustificar a paralización do proxecto.

Para o BNG, a paralización deste proxecto e as excusas para xustificala son un insulto a todas as institucións e entidades que levan máis de 14 anos demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Impulsar o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia os acordos parlamentares unánimes de xuño de 2019 e xaneiro de 2020.

2. En consecuencia co anterior, realizar no prazo de tres meses un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría.

3. Incluir no orzamento da Xunta para 2026 unha partida que permita iniciar no prazo máis breve posíbel as obras de dragaxe do río Lérez.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 06/06/2025 12:55:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/06/2025 12:55:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:02:25
Nº Rexistro: 26941
Data envío: 06/06/2025 13:02:25.629

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:02:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:02:25
Nº Rexistro: 26941
Data envío: 06/06/2025 13:02:25.629

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación do waterpolo galego e da Federación Galega de Natación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación Galega de Natación é o ente regulador dos deportes relativos coa natación en Galiza mais tamén rexe deportes como o waterpolo, a natación artística ou os deportes que se practican en augas abertas. Como calquera outra federación deportiva, trátase dunha entidade asociativa privada sen ánimo de lucro mais tamén é unha entidade de utilidade pública e está integrada polos clubs, as seccións deportivas, as e os deportistas, as e os técnicos, as e os xuíces e as e os árbitros co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento da natación en calquera das súas modalidades en Galiza.

Actualmente, a federación enfronta, tal e como puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, problemas serios de liquidez derivados principalmente da falta de apoio económico suficiente por parte do Goberno galego. Sábese que, por exemplo, a achega da Xunta de Galiza á federación non se corresponde coa suba do IPC e que por tanto é altamente complicado que esta sufrague en tempo e forma os gastos derivados dos pagamentos a traballadores, as dietas e desprazamentos por arbitraxes ou os gastos diarios da propia federación. Ademais, tamén é sabido que a Secretaría Xeral para o Deporte non realizou o pagamento en tempo o que tamén causou problemas no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento da Federación Galega de Natación. Para alén disto, a federación tamén require unha maior axuda por parte do Goberno galego no relativo a infraestruturas e material deportivo.

Estes problemas contribuíron en boa medida a que se tiveran que cancelar competicións de waterpolo pola falta de árbitros. Así, déronse por finalizadas as ligas feminina e masculina DH sen poder disputar os play-offs ou o campionato cadete mixto de verán. Unha situación que se puido reverter e solventar mais que causou un prexuízo importante a todas as persoas implicadas. É por iso que reclamamos da Secretaría Xeral para o Deporte máis compromiso e máis colaboración coa Federación Galega de Natación para asegurar que situacións como estas non se volven dar.

Ademais de todo isto, somos coñecedores tamén de problemas coa disciplina de natación artística, algo que preocupa en gran medida á Federación Galega de Natación e que a Secretaría Xeral para o Deporte debería solucionar.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG cremos que o apoio do Goberno galego á natación, ao waterpolo, á natación artística e ás disciplinas en augas abertas debe ser maior e por iso apelamos a que se teñan en conta as nosas reclamación e se traballe seriamente en prol das e dos deportistas que practican deportes rexidos pola Federación Galega de Natación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Aumentar a achega destinada á Federación Galega de Natación por parte da Xunta de Galiza como mínimo o correspondente ao IPC para a vindeira anualidade.
2. Contemplar no convenio coa Federación Galega de Natación a disciplina de natación artística con orzamento específico para a/o profesional adestrador.
3. Traballar en colaboración coa Federación Galega de Natación para tentar aumentar o número de árbitros de waterpolo en Galiza antes da fin da XII lexislatura”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/06/2025 13:15:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/06/2025 13:15:27

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2025 13:15:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:17:11
Nº Rexistro: 26948
Data envío: 06/06/2025 13:17:11.372

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:17:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:17:11
Nº Rexistro: 26948
Data envío: 06/06/2025 13:17:11.372

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila**, e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade urxente de tomar as medidas precisas para conseguir o éxito escolar entre o alumnado da comunidade xitana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de maio, representantes da Fundación Secretariado Gitano, entre a que se atopaba a súa Directora Xeral, Sara Jiménez, presentaban no Parlamento Galego a todos os grupos parlamentares un estudo realizado pola Fundación entre setembro de 2022 e setembro 2023. Todo un ano no que recabaron datos moi duros que mostran a situación educativa na que se atopa inmerso a maior parte do alumnado do Pobo Xitano.

Este estudo reflicte unha radiografía clara dunha brecha de desigualdade fronte ao resto do alumnado no Estado e tamén na Galiza; unha incorporación tardía e menor no sistema educativo; repetición de curso por primeira vez en idade moi temperá, xa en terceiro de primaria; alta taxa de abandono escolar na etapa secundaria, chegando ás etapas postobrigatorias en moi poucos casos.

Por outra banda, as familias xitanas temen que unha maior inmersión educativa dos seus fillos e fillas sexa incompatible co mantemento da súa identidade e formación como pobo; o nivel de instrución educativa nos fogares é baixo e dispoñen de menos recursos educativos, sobre todo no ámbito dixital.

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:48
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:48
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia isto, estase a producir un cambio no seu pensamento e moitas familias teñen expectativas laborais que pasan por aumentar o seu nivel de estudos. A mocidade xitana quere mellorar as súas condicións de vida e as mulleres xitanas pulan con forza por acadar cambios que pouco a pouco calan na súa comunidade.

É evidente, polo tanto, que algo está a mudar na sociedade en xeral e na comunidade xitana en concreto, dándose as circunstancias necesarias para avanzar nunha maior inclusión deste alumnado nos centros educativos. Unha débeda social que debemos saldar canto antes para facer que todas as nenas, nenos e adolescentes xitanos poidan saír da situación de pobreza na que se atopan, mediante o avance no ámbito educativo e a inserción laboral posterior.

O sistema educativo galego, a través da aplicación da actual Lei de Educación, das directivas europeas de 2013, así como da Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030, xunto coa aplicación de boas prácticas realizadas, no ámbito da inclusión e igualdade do alumnado xitano, en distintos centros educativos galegos, deben servir como base e impulso para conseguir os avances que precisan para mellorar estes datos de desigualdade absoluta con respecto ao resto do alumnado.

É fundamental trazar un plan de choque a longo prazo de apoio e reforzo ao alumnado xitano que permita reverter o fracaso e abandono escolar. Este plan debe corrixir a desigualdade e brecha educativa entre a mocidade xitana e o resto da mocidade.

Debe ser prioritario para a administración educativa, promocionar e difundir entre a comunidade os beneficios de escolarizar aos nenos e nenas no sistema educativo na primeira etapa de educación infantil, ofertar un servizo próximo ás súas vivendas, totalmente de balde e facendo un acompañamento dende o primeiro momento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, é absolutamente necesario rematar coa segregación do alumnado xitano nos centros educativos e poñer en marcha iniciativas que permitan coñecer entre o alumnado xeral a cultura, costumes e tradicións do Pobo Xitano. Só a través do coñecemento mutuo e da tolerancia podemos chegar a unha inclusión real do colectivo, sen esquecer aqueles recursos materiais e humanos que van permitir que realmente se avance.

A este respecto a Consellería de Educación ven de aprobar e publicar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril, polo tanto, agora a Consellería debe garantir que o profesorado as coñeza e as use.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Poñer en marcha un plan específico de orientación, apoio e reforzo educativo en todos os centros escolares galegos, continuado e a longo prazo para reverter a situación de fracaso e abandono educativo do alumnado xitano. Este plan, de carácter integral, debe conter medidas urxentes, continuadas no tempo e de calidade que garantan a equidade dentro dos dereitos fundamentais de todo o alumnado, tamén o xitano.

2.- Garantir a incorporación gratuíta de toda a poboación xitana á educación infantil, para evitar a desvantaxe educativa en idades temperás e compensar a situación na que se atopa boa parte da poboación xitana, dotando de prazas de 0 a 3 anos na proximidade das zonas nas que habita a comunidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Reverter a concentración e segregación educativa, poñendo en marcha políticas correctoras que aseguren unha distribución equilibrada do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa ou con necesidade específica de apoio educativo, garantindo unha ensinanza de calidade nunha contorna plural e diversa que evite situacións de concentración.

4.- Impulsar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril, polo tanto, agora a Consellería debe garantir que, unha vez publicadas, o profesorado as coñeza e as use”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 13:48:38

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 13:48:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:50:45
Nº Rexistro: 26958
Data envío: 06/06/2025 13:50:45,642

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:50:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:50:45
Nº Rexistro: 26958
Data envío: 06/06/2025 13:50:45,642

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, José Manuel Mato Díaz, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

Desde Galicia levamos tempo insistindo na urxencia de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA) para que poidan seguir prestando as súas funcións. Actualmente a UPA conta con 342 efectivos fronte aos 500 que lle corresponderían, o que representa un déficit de máis do 30%.

Esta demanda foi un dos asuntos principais do encontro que mantiveron a principios deste ano entre o conselleiro de Presidencia, Diego Calvo e o ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska pero, pasado todo este tempo, seguimos sen resposta por parte do Goberno de España a quen lle corresponde reforzar este corpo policial en Galicia.

Como pode verse, a situación actual, lonxe de resolverse, parece cronificarse. De chegar o verán, a UPA pode verse obrigada a deixar de prestar algunha das súas funcións por falta de efectivos, que deberán ser asumidas por outras forzas de seguridade, que tamén están en precario.

A isto hai que engadir o risco de demora que implica o recente cese do secretario de Estado de Seguridade, Rafael Pérez, número dous do ministerio que era o interlocutor na negociación sobre a policía.

A falta de avances condiciona diariamente a actividade da UPA, que presta servizos presta servizos en materia de medio ambiente, incendios forestais, furtivismo, menores e violencia de xénero, así como de protección e vixilancia dos edificios da Xunta e as autoridades e tamén apoia ás demais forzas de seguridade do Estado e ás policía locais galegas. A falta de persoal afecta as catro sedes provinciais, á oficina de Vigo e á central en Santiago.

Outro factor relevante é que os efectivos da UPA teñen unha idade media próxima aos 50 anos. Este feito é determinantes porque cómpre embrar que o groso dos axentes nacionais que compoñen a UPA —policías, oficiais e inspectores— poden solicitar a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 05/06/2025 ás
18:37
Por Alberto Pazos Couñago





segunda actividade ao cumprir os 55 anos, xa que o seu traballo, á parte de entrañar riscos, supón un forte desgaste físico.

A carencia do persoal da UPA en Galicia pola negativa do Ministerio a aceptar os reforzos contrasta co feito de que o Goberno de España si acepta unha ampliación do corpo de Mossos d'Esquadra de 19.000 a 25.000 axentes. O compromiso de sumar 6.000 efectivos máis á policía catalá foi asumido polo Goberno central a esixencia de ERC, un dos partidos independentistas cataláns necesarios para a investidura de Pedro Sánchez.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a urxente necesidade de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA) para que poida seguir prestando as súas funcións en termos de seguridade eficiencia e sen verse obrigados a renunciar a ningunha función e, nesa liña, lembrar que segue pendente o compromiso de reforzar o corpo en Galicia cun mínimo de 50 axentes”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/06/2025 18:37:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 05/06/2025 18:41:42.028

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 18:41:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 05/06/2025 18:41:42.028

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

Asinado o día 09/06/2025 ás 16:26
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego require de cambios nos modelos produtivos para acadar uns modelos mais sustentables, resilientes e con capacidade de adaptación aos retos ambientais sociais e económicos, cos que se enfrontan.

As persoas que se dedican á agricultura e gandería son as máximas interesadas en manter, conservar e protexer o seu entorno. Non so por ser o seu sustento económico senón que para eles e a súa forma de vida, e polo tanto en elo vai tamén o seu futuro.

Máis aló da agricultura convencional sostible e a agricultura ecolóxica hai que abrir novos escenarios de modelos de produción que permitan vivir do rural dun xeito máis comprometido dende o prisma da sostenibilidade e a calidade como e o caso da agrogandería rexenerativa.

A agricultura e gandería rexenerativa pon o foco na saúde do chan mellorando a súa calidade e aumentando a biodiversidade. Preservando os contornos naturais e humanizados. Este sistema fai que a agricultura e a gandería sexa mais resiliente ao cambio climático.

Con este tipo de prácticas estamos a mellorar a saúde do chan aumentando a materia orgánica e a súa capacidade para reter auga, o que converte aos

Asinado o día 09/06/2025 ás 16:26
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/06/2025 ás 16:25
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89620

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

chans en máis fortes e resistentes a erosión. Reduce a pegada de carbono captando carbono do aire e do chan. Minimiza o uso de insumos químicos ao ter menos dependencia de fertilizantes e pesticidas. Acadando tamén produtos de maior calidade, aumenta as súas colleitas e reduce os gastos de produción, mellorando o benestar animal.

O Goberno de España dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación está a promover en Galicia e en Cataluña iniciativas neste senso cunha aportación de 104.823,6 € con cargo as axudas para o intercambio de coñecemento e actividades de formación e información de ámbito supraautonómico.

A Xunta de Galicia ten que apostar por este novo modelo de produción creando liñas de axudas para fomentar proxectos que aposten pola agrogandería rexenerativa. Ten que acompañar a estes proxectos de formación e información para os produtores, e de campañas de difusión para o coñecemento e recoñecemento das persoas consumidoras.

Este tipo de sistema integral de xestión agrícola centrado na mellora e rexeneración do chan, na conservación do entorno e como produción máis rendible está despertando moito interese por parte do sector primario.

Dende a Xunta de Galicia debe ser proactivo e promover e incentivar técnicas de produción baseadas nos principios da agricultura rexenerativa. Coa rotación e alternancia de cultivos, con cultivos de cobertura. Con boas prácticas de manexo como minimizar o arado ou a utilización de compostaxe.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89621

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha liña de axudas para o fomento deste novo modelo de produción e contribuír así a un cambio de modelo produtivo cara a agrogandería rexenerativa, para os que queren transformar as súas explotacións como os que se inicien no sector primario.
2. Incidir en programas e xornadas formativas para mellora a capacitación do persoal buscando a profesionalidade do sector. E permitir a transferencia do coñecemento sobre as practicas rexenerativas.
3. Fomentar a investigación sobre técnicas rexenerativas e o seu impacto no medio ambiente utilizando os recursos e instrumentos dos que xa dispón a Xunta de Galicia como o CIAM.
4. Potenciar o uso de sementes orgánicas, de maior resistencia e outros insumos necesarios, aproveitando o banco de xermoplasma de Mabegondo.
5. Realizar campañas de difusión e divulgación para aumentar a demanda de produtos de este sistema de produción.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89622

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/06/2025 16:25:53

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/06/2025 16:26:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/06/2025 16:26:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 16:28:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26985
Data envío: 09/06/2025 16:28:21.465

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:23
Nº Rexistro: 27068
Data envío: 10/06/2025 13:21:23.448

Asinado o día 10/06/2025
13:20
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o ‘Bono Actívate’ prometido en campaña pola Xunta de Galiza e os motivos de non ter sido publicado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro de 2024, concretamente nos días previos á xornada electoral na cal as galegas e galegos escolleron as deputadas e deputados do Parlamento de Galiza, o titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, prometía o denominado ‘Bono Actívate’. Unha axuda que o presidente da Xunta prometeu mais que, até o de agora, non se publicou nin se convocou.

Segundo anunciaba o señor Rueda, tratábase dun bono destinado a persoas maiores de 65 anos que tiña como obxectivo principal contribuír a favorecer a práctica deportiva neste sector da poboación do noso país. Estaría dotado cunha contía de 100 euros para as persoas ás que lle for concedido e poderíase destinar a varios fins, entre eles pagar as cotas dun ximnasio, clases deportivas ou de educación física ou mesmo material deportivo. Máis dun ano despois nada se sabe desta promesa feita en plena campala electoral polo presidente do Goberno galego.

Aconteceu algo semellante, por tanto, ao acontecido co denominado ‘Bono Deporte’, un bono que si foi convocado a comezos de 2024 (semanas antes do día das eleccións) mais que, unha vez pasado o ano electoral, a Xunta deixou de convocar tal e como se puido saber após a publicación dos orzamentos da Xunta para o ano 2025. Esta

Asinado o día 10/06/2025 ás
13:20
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 10/06/2025 ás
13:19
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

maneira de actuar do actual goberno de Galiza só vén a corroborar o uso electoralista que se fai do deporte e da actividade física por parte do Partido Popular á fronte da Xunta, tal e como o Grupo Parlamentar do BNG vén denunciando ao longo desta XII lexislatura.

Compróbase máis unha vez que ao goberno do noso país non lle interesa a promoción da actividade física e de hábitos de vida saudábeis entre a cidadanía, senón que só usa bonos e anuncios de bonos que nin sequera se chegan a convocar para tentar sacar rédito electoral. Apelamos así ao PP e ao goberno galego a que deixen de usar o deporte desta maneira e que dunha vez por todas tomen coa seriedade que merece a promoción da actividade física neste país que, infelizmente, adoece de ser unha nación cun elevado índice de persoas con obesidade e sobrepeso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Convocar no prazo de tres meses o ‘Bono Actívate’ tal e como foi prometido pola Xunta de Galiza en febreiro de 2024.
2. Garantir que o acceso á práctica do deporte e da actividade física en Galiza sexa universal entre toda a poboación galega.
3. Elaborar e consensuar cos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento galego as medidas necesarias para reducir os elevados índices de sobrepeso e obesidade en Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 10/06/2025 13:19:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/06/2025 13:20:10

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 13:20:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:23
Nº Rexistro: 27068
Data envío: 10/06/2025 13:21:23.448

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:21:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:23
Nº Rexistro: 27068
Data envío: 10/06/2025 13:21:23.448

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A Xunta de Galicia vén de aprobar a Estratexia de Inclusión Educativa de Galicia, EduInclusión 2030, como mostra do seu compromiso cun modelo educativo inclusivo, equitativo e de calidade, que garanta o acceso, a participación e o éxito de todo o alumnado, con independencia das súas circunstancias persoais, sociais ou culturais. Esta estratexia estrutúrase en seis eixes complementarios e aborda, de forma transversal, actuacións dirixidas ao alumnado, profesorado e familias.

Entre as medidas que recolle, figura a posta en marcha dunha experiencia piloto denominada "Impulso Mentor", orientada especificamente ao alumnado de etnia xitana, co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento educativo e persoal. Esta iniciativa supón un paso máis no traballo da Xunta de Galicia a favor da inclusión educativa deste alumnado, que reforza as xa existentes, entre elas, unhas recentes unidades didácticas sobre o pobo xitano, destinadas a promover o coñecemento da súa historia e riqueza cultural dentro da aula e a loitar contra calquera estereotipo ou prexuízo que aínda poida existir.

Recentemente, deputados do Grupo Popular mantiveron unha xuntanza con representantes da Fundación Secretariado Xitano na que se valorou de forma positiva o labor desenvolvido pola Xunta de Galicia neste materia, precisamente no ano en que se conmemora o 600 aniversario da chegada do pobo xitano á Península Ibérica.

Desde o Grupo Popular consideramos oportuno seguir avanzando por esta vía, con políticas activas de inclusión educativa que contribúen a avanzar cara a unha sociedade máis xusta, diversa e cohesionada. Cómpre lembrar que Galicia xa é un referente a nivel estatal co ensino máis equitativo e inclusivo do Estado, tal e como establecen as estatísticas oficiais do Ministerio de Educación e do informe PISA.

Asinado o día 10/06/2025 ás
13:24
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir reforzando as liñas de actuación dirixidas a favorecer o desenvolvemento educativo e persoal do alumnado de etnia xitana, promovendo a súa inclusión e loitando contra os prexuízos e estereotipos que aínda poidan existir”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2025 13:24:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:25:37
Nº Rexistro: 27074
Data envío: 10/06/2025 13:25:37,967

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:25:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:25:37
Nº Rexistro: 27074
Data envío: 10/06/2025 13:25:37,967

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:13
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, para instar a Conselleira de Economía, Industria e Innovación a reunirse co comité de empresa de Faurecia Ourense.

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:13
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planta de Faurecia, agora integrada no grupo Forvia tras a fusión con Hella en 2022, situada no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, en Ourense, constitúe un pilar fundamental da industria automotriz galega e un motor económico para Ourense. Dende a súa implantación, esta factoría especializouse na fabricación de compoñentes plásticos para interiores de automóbiles, como taboleiros de bordo, guarnicións, paneis de porta e ebanisterías, abastecendo a grandes grupos automobilísticos como Stellantis (Peugeot, Citroën, Opel, Fiat) e Renault.

A planta, que chegou a empregar a preto de 600 traballadores en momentos de plena actividade, consolidouse como un referente de competitividade e innovación no sector, obtendo certificacións de calidade que avalan a súa excelencia en xestión ambiental e calidade.

A importancia de Faurecia Ourense vai máis alá do seu impacto económico directo. A factoría contribuíu significativamente á xeración de emprego estable na provincia, á dinamización do tecido industrial local e ao fortalecemento da cadea de valor do sector da automoción en Galiza. En 2015, dende a Xunta de Galiza destacou a fábrica

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

como “exemplo de competitividade” e “motor de emprego industrial”, recoñecendo o seu papel clave no crecemento das exportacións e da produción industrial galega. Asemade, a empresa beneficiouse de achegas públicas, recibindo millóns de euros en subvencións do Estado e da Xunta nos últimos anos, o que subliña o compromiso público co seu desenvolvemento.

Porén, a planta de Faurecia Ourense enfróntase actualmente a unha situación de incerteza que ameaza a súa viabilidade a medio e longo prazo. A perda do proxecto PX1/PH1, unha adxudicación clave para a produción de compoñentes para novos modelos de Stellantis, debido á deslocalización da produción a países con menores custos laborais, supuxo un duro golpe para a fábrica. Esta decisión, xunto coa finalización prevista en 2027 do proxecto P24 (produción de pezas para o Peugeot 2008), provoca a incerteza sobre a actividade da planta a partires de 2028, poñendo en risco preto de 300 postos de traballo. A redución de 27 empregos anunciada en febreiro de 2025, como consecuencia da baixada de produción de Stellantis, é un reflexo dos desafíos globais do sector, marcados pola transición á mobilidade eléctrica e a presión por reducir custos.

O comité de empresa vén manifestando a súa preocupación pola falla de concreción de proxectos que garantan a continuidade da planta.

Todo o anterior levou ao BNG, ao Comité de Empresa e a diferentes asociacións sindicais a reclamar a implicación das administracións públicas e a elaboración dun plan estratéxico a longo prazo que asegure o emprego e a competitividade industrial e empresarial. No caso concreto de Faurecia vense denunciando a falla de apoio político, reclamándose a implicación institucións públicas, incluída a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de industria, para abordar esta crise e evitar un impacto devastador na economía local. A Xunta de Galiza nin sequera respostou á solicitude de reunión realizada polo Comité de Empresa.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A automoción galega, e en particular a planta de Faurecia Ourense, atópase nun momento complicado. A deslocalización, a falta de novos proxectos e os axustes laborais esixen unha resposta urxente e decidida. A Xunta de Galiza ten a responsabilidade de liderar un diálogo construtivo co comité de empresa, a dirección de Forvia e outros axentes implicados, para explorar alternativas que preserven o emprego e impulsen a reindustrialización de Ourense.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Reunirse de forma urxente co comité de empresa de Faurecia Ourense para coñecer da situación da planta e as demandas dos traballadores.
2. Promover un plan de acción conxunto entre a Xunta de Galiza, a dirección de Forvia e os representantes sindicais para garantir a viabilidade da planta de Faurecia Ourense máis alá de 2027, incluíndo a captación de novos proxectos e o fortalecemento da competitividade do sector automotriz na zona
3. Reforzar o compromiso da Xunta de Galiza coa industria ourensá, adoptando medidas que eviten a deslocalización e fomenten a creación de emprego estable na provincia.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/06/2025 16:13:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/06/2025 16:13:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/06/2025 16:13:51

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/06/2025 16:13:59

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:14:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27082
Data envío: 10/06/2025 16:15:11.231

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:15:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27082
Data envío: 10/06/2025 16:15:11.231

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:34:21
Nº Rexistro: 27086
Data envío: 10/06/2025 16:34:21.825

Asinado o día 10/06/2025
16:32
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para que o CEIP de Rubiáns no concello de Vilagarcía teña un horario igual que o resto de centros do concello.

Asinado o día 10/06/2025 ás
16:32
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, leva anos reivindicando que o seu centro conte cuns horarios lectivos decentes que permitan o desenvolvemento da súa actividade de xeito que tanto crianzas coma familias poidan levar á cabo o seu día a día nun contexto favorábel, que permita a conciliación de toda a comunidade educativa e unha xornada libre de stres e présas para as crianzas.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Asinado o día 10/06/2025 ás
16:32
Por María Montserrat Prado Cores

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan só media hora para comer, a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús.

Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a Xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética

É indignante que a programación lectiva se leve a cabo única e exclusivamente en función do servizo de autobús, que comparten con alumnado doutros centros vilagarcíans. Vemos como a vida de toda unha comunidade educativa vese modificada simplemente por meros motivos económicos.

Unha das condicionantes máis claras do horario dos centros escolares galegos é o orzamento que a Xunta está disposta a destinar ao transporte escolar. É habitual ver horarios en centros educativos sen sentido, especialmente comparados con centros próximos, para aproveitar os mesmos buses en varios centros. Tal é a supeditación da educación ao transporte escolar, que a propia normativa para cambio de horarios non obedece á vontade da comunidade escolar senón ás contas do transporte escolar, podendo deixar sen efecto calquera proposta de cambio, por moi sensato que este sexa e aínda que conte con criterios pedagóxicos que o avalen e co apoio unánime da comunidade educativa.

Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é o de non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A demanda é clara, dotar ao centro dun horario de 9.15 a 14.15 h coma o resto dos centros de Vilagarcía, e facilitarlle un servizo de autobús acorde ao mesmo, xa que entendemos que esta debería ser a lóxica habitual, que o servizo de buses se adapte ao centro e non á inversa.

É o momento propicio para levar a cabo dita acción, xa que se vai producir o remate do contrato coa concesionaria actual. Co cal sería perfectamente factíbel que a Xunta lle esixa á nova concesionaria que poña as liñas, o persoal e os recursos precisos para dotar ao centro dun servizo axeitado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a proceder a modificar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, pasando do actual de 9.50 a 15.30h a un de 9.15 a 14.15h. Para o cal incluírá este horario na nova licitación para a concesión do transporte para este centro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2025 16:32:17

Cristina Fernández Davila na data 10/06/2025 16:32:38

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:32:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:34:21
Nº Rexistro: 27086
Data envío: 10/06/2025 16:34:21.825

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:34:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:34:21
Nº Rexistro: 27086
Data envío: 10/06/2025 16:34:21.825

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:22
Nº Rexistro: 27090
Data envío: 10/06/2025 16:40:22.941

Asinado o día 10/06/2025
16:38
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os meses de verán, a comarca do Salnés experimenta un notable incremento de poboación debido ao auxo do turismo.

Por exemplo, segundo datos recentes, no mes de agosto de 2024 rexistráronse máis de 880.000 desprazamentos, con picos de presenza en Sanxenxo que superaron as 170.000 persoas, moi por enriba da súa poboación habitual.

Este aumento estacional supón unha forte presión sobre as infraestruturas e servizos públicos, especialmente sobre o sistema sanitario, que non está dimensionado para absorber este incremento puntual da demanda asistencial.

O Hospital do Salnés e os centros de saúde da comarca vense sometidos a unha elevada carga de traballo, tanto na atención primaria como nos servizos de urxencias.

Polo que resulta evidente que se fai necesario un reforzo estacional dos recursos sanitarios, que garanta unha atención de calidade tanto á poboación residente como á poboación visitante, evitando situacións de colapso, saturación ou risco para a saúde pública.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que é urxente que o goberno da Xunta poña en marcha un sistema de reforzo sanitario para a época estival

Asinado o día 10/06/2025 ás
16:38
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 10/06/2025 ás
16:38
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89644

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:22
Nº Rexistro: 27090
Data envío: 10/06/2025 16:40:22.941

na comarca do Salnés como medida imprescindible para garantir unha atención médica digna e eficaz durante os meses de maior afluencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á elaboración e aprobación urxente dun plan sanitario estival para a comarca do Salnés, coordinado pola Consellería de Sanidade e pola Xerencia da Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés, coa participación activa dos concellos afectados, que contemple medidas como:

- a) Reforzo temporal de persoal sanitario (médicos/as, persoal de enfermaría, técnicos/as de urxencias, celadores/as, etc.) durante os meses de maior afluencia (xullo e agosto), tanto para o Hospital do Salnés como os centros de saúde e PACs da comarca.
- b) Dotación de recursos móbiles adicionais, como:
 - Unha segunda ambulancia medicalizada para o conxunto da comarca, debido ao aumento poboacional durante o período estival, mantendo durante todo o ano a que ten como base o Hospital do Salnés e podendo variar a base desta segunda ambulancia en función dos criterios asistenciais.
 - Un Punto de Atención Continuada (PAC) móbil para eventos de alta concentración.
- c) Ampliación dos horarios de atención nos centros de saúde durante o verán, adaptándose á demanda real das persoas usuarias.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89645

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:22
Nº Rexistro: 27090
Data envío: 10/06/2025 16:40:22.941

- d) Campañas de información cidadá e mellora da coordinación intermunicipal, co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles e derivar correctamente a demanda asistencial.
- e) Seguimento e avaliación anual do plan, co obxectivo de mellorar progresivamente a resposta sanitaria estival segundo os datos e resultados obtidos.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89646

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/06/2025 16:38:07

Elena Espinosa Mangana na data 10/06/2025 16:38:15

Silvia Longueira Castro na data 10/06/2025 16:38:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/06/2025 16:38:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:22
Nº Rexistro: 27090
Data envío: 10/06/2025 16:40:22.941

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:40:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:22
Nº Rexistro: 27090
Data envío: 10/06/2025 16:40:22.941

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego leva anos denunciando os problemas da atención sanitaria no concello de Catoira, anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida da veciñanza deste concello, coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que a falta de persoal é unha constante, ao non proceder á súa substitución ben sexa cando están en situación de ILT, vacacións ou permisos, o que ten como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

As veciñas e veciños de Catoira, co seu Goberno municipal á fronte, denuncian que levan semanas cunha situación crítica e inaceptábel, ao só contar cunha facultativa con redución de xornada e que ademais fai gardas e polo tanto libra ao día seguinte, situación que se vai manter como mínimo un mes máis, sen que haxa ningunha garantía de que pasado este tempo o Sergas aporte ningunha solución.

As crianzas pasaron de ter atención pediátrica catro días á semana a tela só un día, no mellor dos casos, sendo moi habitual que nin iso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son moi graves, ao quedar sen atención médica, tendo que desprazarse até Vilagarcía, só en caso de urxencias, non tendo posibilidade de solicitar cita para cuestións non urxentes.

A veciñanza de Catoira está alarmada diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente. Está farta de que o PP, poña en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais no centro de saúde ou de que non estean saturados os servizos de urxencias.

Por todo isto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a:

1.- Substituír de inmediato as ausencias do persoal do Centro de Saúde de Catoira tanto nas ILTs, nas súas licenzas como vacacións, para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel.

2.- Restituír a atención pediátrica, como mínimo, os catro días á semana que se prestaba”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2025 16:57:03

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2025 16:57:12

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:57:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:58:53
Nº Rexistro: 27099
Data envío: 10/06/2025 16:58:53,045

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:58:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:58:53
Nº Rexistro: 27099
Data envío: 10/06/2025 16:58:53.045

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:50
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta mudar o modelo educativo actual por cumprir o mandato da Lei de normalización lingüística no curso 2025-2026.

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:50
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos do último informe do IGE foron contundentes: a perda de galegofalantes acelérase a respecto do uso e agora tamén en relación á competencia: 1 de cada 4 menores de 14 anos recoñece que non sabe falar nada ou case nada en galego.

Deste xeito conclúse que o goberno da Xunta non está a cumprir co mandato da Lei de normalización lingüística que regula a obriga de conseguir competencia en galego e castelán no fin da escolaridade obrigatoria.

As causas son diversas, mais todas as fontes autorizadas apuntan a un elemento común: a función desgaleguizadora da escola desde a imposición unilateral do Decreto 79/2010 do plurilingüismo que, 16 anos despois, cumpriu os seus obxectivos políticos contrarios á función normalizadora: avanzar no proceso de substitución lingüística do galego e, consecuentemente, no monolingüismo en castelán.

A Real Academia Galega fixo pública unha declaración institucional após estudar con detalle a enquisa do IGE. As conclusións son contundentes: “Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado do plurilingüismo de 2010 e en

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:50
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do monolingüismo en castelán e diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso”.

A RAG tamén expón que este “proceso de substitución lingüística gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século (...) un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma”.

Consonte os resultados de diferentes estudos elaborados pola RAG ao longo dos últimos anos que xa viñan concluíndo o efecto desgaleguizador do ensino, de novo a máxima institución do estudo da lingua ratifica que “o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística” a respecto da consecución da dobre competencia en galego e castelán ao final da escolaridade obrigatoria.

Finalmente, malia toda a sociedade galega ser parte da situación lingüística actual, a RAG sinala que o responsábel fundamental “é quen detén o goberno e dispón, xa que logo dos mecanismos de actuación e planificación, A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego”.

Asemade, a primeira sesión do foro participativo Un país coa súa lingua que está desenvolvendo o Consello da Cultura Galega, centrado na educación e na socialización, concluíu que é preciso un cambio no modelo educativo que coloque o galego como lingua vehicular, conforme outros modelos e experiencias de éxito contrastado.

Un cambio de rumbo na política lingüística aplicada ao ensino que tamén están a demandar as múltiples entidades sociais que conforman a plataforma Queremos Galego, tal e como veu reclamando tamén o Comité de Expertos do Consello de Europa en sucesivos informes.

Transcorridos oito meses desde a publicación do informe do IGE, e após a celebración de dúas novas manifestacións históricas, convocadas pola plataforma Queremos Galego, que volven demostrar que a maioría social galega lle quere á súa lingua





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e quere que teña futuro, o goberno segue sen deseñar un plan de actuacións no curto prazo co obxectivo de reverter a situación lingüística que colocou o galego nos peores datos da historia.

Desde o BNG partillamos a preocupación social e institucional por un futuro vivo e pleno para o galego, como tamén entendemos que é hora de recuperar o consenso que rompeu o PP en 2010 ao impoñer unilateralmente un marco legal na educación deliberadamente regresivo para a aprendizaxe e uso do galego.

É hora de a Xunta rectificar esta situación tan negativa para o galego agora que aínda é reversíbel, para o que propomos activar novas accións a favor do galego sen máis demora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a constituír unha mesa de diálogo participada polas organizacións políticas e sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, universidades, entidades de referencia na defensa do idioma e as institucións académicas e estatutarias que teñen o coñecemento sobre a lingua, para poñer en marcha un novo decreto no ensino no vindeiro curso escolar 2025-2026 co obxectivo de cumprir o mandato da Lei de normalización lingüística.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/06/2025 16:50:26

Iria Taibo Corsanego na data 10/06/2025 16:50:32

Daniel Castro García na data 10/06/2025 16:50:40

Cristina Fernández Davila na data 10/06/2025 16:50:47

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:55:13



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:59:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:59:54
Nº Rexistro: 27103
Data envío: 10/06/2025 16:59:54.408

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as subvencións do programa de mellora de accesibilidade en e ás vivendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas con código de procedemento VI435B foi convocado no ano 2024, mediante un procedemento de concorrência non competitiva. Como é norma nas subvencións en materia de vivendas, esta forma de proceder limita a eficiencia social destas axudas. Mais neste caso aínda resulta se cabe máis grave que non se teñan en consideración cales son as condicións específicas e persoais que poden condicionar un problema de accesibilidade á hora de conceder unha subvención orientada a tal fin. De forma que a única condición esixible para solicitar a subvención é que a vivenda constitúa o domicilio habitual, sen que se entre a valorar a problemática concreta e a súa urxencia, nin tampouco se valore unha especial urxencia ao tramitar todas as solicitudes por orde cronolóxica de solicitude. Apenas se teñen en conta condicións específicas que afectan á accesibilidade á hora de establecer a porcentaxe da actuación que será subvencionable: un 60% da actuación con carácter xeral e un 80% no caso de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Asinado o día 10/06/2025 ás
17:37
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 10/06/2025 ás
17:37
Por Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda a Xunta de Galiza anunciou que na convocatoria de 2024 estimaba outorgar 1.350 subvencións cun crédito orzamentario total de 9.423.000 euros distribuídos da seguinte forma:

Anualidade	Aplicación	Importe
2024	06.81.451A.770.1	76.000 €
	06.81.451A.780.0	2.500.000 €
2025	06.81.451A.770.1	47.000 €
	06.81.451A.780.0	6.800.000 €

Posteriormente, o 15 de xullo de 2024 foi publicado no DOG unha resolución para a ampliación da dotación orzamentaria en 1.527.366,38 euros distribuídos da seguinte forma:

	Anualidade 2024	Anualidade 2025
06.81.451A.770.1	50.000,00 €	50.000,00 €
06.81.451A.780.0	788.676,11 €	638.690,27 €

Por tanto para a anualidade de 2024 esta subvención contaba cunha dotación de 126.000€ na partida 06.81.451A.770.1 e 3.288.676,11€ na partida 780.0. Porén nas contas de 2024 rexístrase para a primeira (770.1) logo das modificacións orzamentarias un crédito vixente de 332.557,66€, uns gastos comprometidos de 23.429,14€ e unhas obrigas recoñecidas de 7.989,14€. No caso da segunda partida (780.0) logo das modificacións orzamentarias tiña 7.528.391,96€ de crédito vixente e unha execución de 2.956.484,09€.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A convocatoria de 2025 foi dotada con 5,3 millóns de euros co que agardaban alcanzar as 750 actuacións. Á vista de que xa finalizou o prazo para a solicitude da axuda tamén cómpre que o goberno dea explicacións sobre a xestión da actual convocatoria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a deseñar un Plan propio de mellora da accesibilidade en Galiza dotada de instrumentos e orzamento suficiente para garantir unha resposta áxil ante situacións de urxencia, desenvolver unha estratexia a longo prazo na transformación e mellora do nivel de accesibilidade do parque inmobiliario galego e garantir a accesibilidade de todos os inmobles públicos da súa propiedade”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2025 17:37:07

Luis Bará Torres na data 10/06/2025 17:37:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 17:41:01
Nº Rexistro: 27108
Data envío: 10/06/2025 17:41:01.752

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 17:41:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 17:41:01
Nº Rexistro: 27108
Data envío: 10/06/2025 17:41:01.752

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a contaminación da praia de de Barrañán (Arteixo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro de Augas de Baño de Galiza inclúe entre a listaxe de lugares nos que está prohibido o baño, nos que a auga non supera o limiar de calidade, a praia de Barrañán, en Arteixo. Esta prohibición entrou en vigor o 1 de xuño e manterase todo o verán.

A Consellería de Sanidade fai análises da calidade da auga das praias e áreas recreativas para velar pola seguridade dos bañistas e evitar posíbeis contaminacións bacterianas entre as persoas usuarias destas áreas. De feito, en decembro de 2024 xa declarara a “prohibición permanente” de baño nesta praia.

A praia de Barrañán é un dos espazos naturais máis emblemáticos de Arteixo, recoñecida pola súa beleza paisaxística e polo seu valor ecolóxico, que é utilizada de xeito habitual pola veciñanza e por visitantes chegados doutros concellos. Porén, nos últimos anos estase a producir unha progresiva deterioración ambiental deste espazo debido á presenza recorrente de episodios de contaminación, seguramente procedentes do río Sisalde, que desemboca directamente na praia. Diferentes asociacións ecoloxistas e medios de comunicación locais advertiron da existencia de verteduras, que poderían





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ter orixe industrial ou proceder de deficiencias na rede de saneamento. A praia de Barrañán está situada na Rede Natura 2000, dentro do LIC Costa da Morte, feito que non impide que a contaminación provoque a prohibición de bañarse nela en diversas ocasións.

Esta contaminación ten graves consecuencias para os ecosistemas litorais e para a saúde pública, ademais de prexudicar a imaxe turística e ambiental de Arteixo. O goberno galego é responsábel da calidade da auga, polo que é imprescindible e urxente coñecer a orixe da contaminación da praia de Barrañán e pór medidas para corrixila.

Por outra banda, non se comprende que non exista sinalización que indique a prohibición do baño debido ao mal estado da auga, debido á gran cantidade de persoas que se achegan a esta praia de xeito habitual. A praia de Barrañán é moi frecuentada por persoas afeccionadas ao surf. A veciñanza da zona non é demasiado consciente da prohibición e, moito menos, as persoas chegadas de fóra, polo que a sinalización resulta imprescindible.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Estudar a orixe da contaminación continuada na praia da ría de Barrañán.
2. Pór en marcha unha inspección integral do curso do río Sisalde, identificando todas as fontes de vertedura que vaian á praia de Barrañán.
3. Pór en marcha un estudo técnico independente sobre a calidade da auga na desembocadura do río Sisalde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Sinalizar a prohibición do baño e a súa motivación, para informar axeitadamente e protexer as persoas que queiran face uso da praia da ría de Barrañán”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputadas do G.P. do BNG
Luís Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 10/06/2025 18:08:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/06/2025 18:08:59

Luis Bará Torres na data 10/06/2025 18:09:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 18:12:17
Nº Rexistro: 27115
Data envío: 10/06/2025 18:12:17.314

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 18:12:17
Nº Rexistro: 27115
Data envío: 10/06/2025 18:12:17.314

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 18:12:17

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a demanda de recuperar especies de bivalvos na Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2024 rematou o proxecto da denominada rexeneración da Ría do Burgo. A recepción da obra fíxose sen que esta estivera correctamente concluída, mais unha das principais preocupacións é que os traballos que se levaron a cabo durante a dragaxe poidan condicionar o futuro da propia Ría.

Entre outros problemas, en concreto, as especies sementadas resultan insuficientes para garantir o futuro económico e ambiental da Ría do Burgo. A participación da Xunta de Galiza en todo o proceso de rexeneración da Ría foi practicamente inexistente, polo que neste momento é preciso que o goberno galego, que ten a competencia no ámbito marisqueiro, a exerza e asuma a súa responsabilidade na garantía de futuro para as persoas que aínda continúan a vivir desta actividade na Ría do Burgo. Na actualidade, trátase de apenas 70 persoas, mais sementar especies autóctonas resulta imprescindible para dar continuidade a longo prazo á actividade marisqueira e avanzar no proceso de recuperación ambiental da Ría.

Na actualidade, non é posíbel sementar novas unidades de ningún tipo de bivalvo con cargo ao proxecto de Dragaxe Ambiental dos Sedimentos da Ría do Burgo, polo que demandamos que, atendendo á competencia da Xunta de Galiza no ámbito do marisqueo, esta institución se faga cargo de sementar as especies autóctonas de ameixa. Este é o único

Asinado o día 11/06/2025 ás
10:40
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 11/06/2025 ás
10:40
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xeito de recuperar a produtividade plena da Ría do Burgo e de garantir a continuidade da actividade marisqueira. Trátase dunha demanda imprescindible, tanto desde o punto laboral como ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a sementar ameixa fina na Ría do Burgo, para recuperar a produtividade da ría e garantir a súa sostibilidade produtiva e ambiental.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 10:40:26

Rosana Pérez Fernández na data 11/06/2025 10:40:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 10:41:41
Nº Rexistro: 27138
Data envío: 11/06/2025 10:41:41.808

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 10:41:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 10:41:41
Nº Rexistro: 27138
Data envío: 11/06/2025 10:41:41.808

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación de extrema vulnerabilidade na que se atopan persoas en situación de exclusión social ou risco de a padecer en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o G.P. do Bloque Nacionalista Galego mantivemos un encontro con integrantes do grupo Acubillo. Un grupo que integra de persoas migrantes e nadas en Galiza que se atopan en situación de extrema vulnerabilidade pola falta de ingresos e, especialmente, pola falta de acceso a unha vivenda digna.

Na xuntanza mantida, puidemos coñecer de primeira man as súas experiencias persoais que describen unha complexa realidade compartida por centos, milleiros de persoas en toda Galiza.

Especialmente gravosa é a situación das persoas migrantes que se atopan á espera de obter unha primeira cita nos servizos de estranxeiría. Concretamente, un dos integrantes do grupo Acubillo, Euro, trasladounos listas de espera de até 3 anos para obter unha primeira xuntanza que lle permita saír do limbo administrativo no que se atopa como solicitante de protección internacional.

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:33
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:33
Por Olalla Rodil Fernández



Ese limbo déixao a el, e con el ao seu fillo, sen a posibilidade de poder traballar, sen ingresos nin posibilidade de obter unha prestación económica e mesmo con dificultades para recibir atención sanitaria gratuíta.

Porén, non só persoas migrantes como Euro, tamén outras con permiso de residencia e cidadás nadas en Galiza atopan atrancos no marco lexislativo e administrativo que empeoran as súas precarias vidas.

Faise pois imprescindible revisar a normativa vixente en Galiza –tamén a nivel estatal– para garantir de maneira real e efectiva o dereito fundamental de calquera persoa a unha vida digna.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a presentar antes de rematar o actual período de sesións a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para impulsar, entre outras, as seguintes medidas:

1. A creación dunha Renda galega de inclusión social e laboral concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais. A Renda galega de inclusión social e laboral contemplará dúas modalidades de prestación:

a) a renda básica de inclusión social e laboral, dirixida a aquelas persoas que non dispoñan de ingresos procedentes de rendas do traballo e cuxo nivel de ingresos non chegue ao mínimo para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas. Esta prestación estará suxeita a un convenio de inclusión social e laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a renda complementaria de ingresos do traballo, dirixida a aquelas persoas ou unidades de convivencia que, dispoñendo de ingresos procedentes do traballo, contan cun nivel mensual de ingresos insuficientes para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas.

Así mesmo, crearase unha prestación complementaria de vivenda, entendida como un complemento a calquera das modalidades anteriores dirixido a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou

aloxamento habitual das persoas titulares das devanditas prestacións. As contías das prestacións económicas fixaranse en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI)

2. Incluirase na reforma da Lei de inclusión social a regulación da Tarxeta Básica como un recurso de emerxencia para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica que servirá de ponte para solicitantes doutras prestacións.

3. Deseñar programas específicos de loita contra a pobreza dirixidos a fogares, colectivos sociais e persoas vulnerabilizadas como familias monoparentais, persoas con difícil empregabilidade ou poboación migrante.

De igual maneira, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao Goberno español para lle reclamar unha solución inmediata e duradeira aos importantes atrasos que se están a producir nas Oficinas de Estranxeiría de Galiza na tramitación de documentos obrigatorios para as persoas migrantes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2025 11:33:39

Ariadna Fernández González na data 11/06/2025 11:33:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:35:37
Nº Rexistro: 27148
Data envío: 11/06/2025 11:35:37.016

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:35:37
Nº Rexistro: 27148
Data envío: 11/06/2025 11:35:37.016

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:35:37

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Hai persoas que, por ocupar un papel na retagarda se lles resta importancia, pero todos sabemos que non ten por que ser así. Moitas veces, detrás do primeiro plano, existen “enerxías” imprescindibles, sen as cales a máquina non avanza.

Este é o caso do profesor José Manuel Costas Capelo, vigués nado no “Camiño da Raposa”, no popular barrio de Coia e coruñés de adopción. Socio de honra de AETINAPE (Asociación Española de Titulados Náutico Pesqueiros) é un dos seus auténticos motores.

O seu recente falecemento espertou no mundo académico relacionado coa pesca e coa mariña mercante un fondo sentimento de orfandade e baleiro. Con todo, a súa figura e a importancia da actividade que desenvolveu en vida fai que conflúan nel numerosas razóns para recibir a maior homenaxe a unha impecable traxectoria profesional.

O capitán José Manuel Costas Capelo, obtivo o título da Escola Oficial de Náutica da Coruña en 1964. Nesa mesma cidade transcorreu a súa maior parte da vida académica, ao obter en 1971 a praza de profesor adxunto como profesor de Construción Naval. Previamente entre 1966 e 1971 navegou en diferentes buques mercantes.

En 1972 ingresou como profesor da Universidade Laboral Crucero Baleares da Coruña, como profesor de Navegación e Meteoroloxía, centro no que se xubilou como Catedrático de Navegación e Instalacións Mariñas, actividade que compaxinou coa docencia no IES Universidad Laboral de A Coruña.

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:36
Por Alberto Pazos Couñago



Como profesor marcou o norte de moitas xeracións náutico-pesqueiras e proxectou a súa vocación marítima moito máis alá das aulas, pois a súa preocupación pola formación e a seguridade do persoal técnico foi o fundamento da súa vida. Milleiros de mariños mercantes e náutico-pesqueiros pasaron polas aulas deste gran capitán, extraordinario profesor e mellor persoa.

Recentemente a súa figura foi glosada no propio Parlamento de Galicia lembrando que inspirou coas súas propostas iniciativas sobre seguridade marítima que se atopan en estudo relacionadas coa sinalización das bateas, a prohibición de que os buques pesqueiros faenen e naveguen en condicións meteorolóxicas extremas, a necesaria incorporación de botes de rescate en substitución das balsas salvavidas para aqueles buques que faenen en augas xelidas, así como a substitución das bengalas con luces LED.

Tanto a través de iniciativas vinculadas á AETINAPE como con numerosos artigos publicados na revista deste entidade, Costas converteuse nunha das principais fontes de coñecemento do sector, a cuxa dimensión técnica contribuíu de xeito decisivo ao largo da súa vida.

Existe un convencemento xeral entre gran parte dos profesionais náutico pesqueiros de Galicia da importancia de render unha homenaxe respectuosa a este persoeiro que nos deixou de forma case repentina.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un acto de homenaxe en lembranza e recoñecemento de José Manuel Costas Capelo, no que se inclúa a elaboración dun busto ou placa conmemorativa, para salientar a súa importancia no sector náutico-pesqueiro e na mariña mercante de Galicia, así como na formación neste ámbito”.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/06/2025 11:36:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:39:44
Nº Rexistro: 27153
Data envío: 11/06/2025 11:39:44.863

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:39:44
Nº Rexistro: 27153
Data envío: 11/06/2025 11:39:44.863

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:39:45

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, establece no seu Artigo 5:

“O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia”.

Este informe nunca foi remitido ao Parlamento Galego, senón que o goberno asumiu que podía substituílo por unha comparecencia do Secretario Xeral da Lingua. Porén, en 2024 non se produciu a devandita comparecencia, nin o goberno galego cumpriu a literalidade da Lei Valentín Paz-Andrade remitindo un informe do cumprimento da lei.

A marxe de mellora no cumprimento e avance desta Lei é moi ampla, tanto no que se refire á evolución da presenza do portugués no ámbito educativo ou no que ten que ver coa relación cos diferentes países de lingua portuguesa.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno galego a cumprir o artigo 5.º da Lei Valentín Paz-Andrade, elaborando un informe sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei e remitíndoo ao Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 11:53:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/06/2025 11:53:32

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 11:53:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:55:36
Nº Rexistro: 27154
Data envío: 11/06/2025 11:55:36.442

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:55:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:55:36
Nº Rexistro: 27154
Data envío: 11/06/2025 11:55:36.442

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 27163
Data envío: 11/06/2025 12:50:11.940

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:38
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María del Carmen Rodríguez Dacosta** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Carlos López Font

A senda peonil Allariz–Alto de Taboadela constitúe unha infraestrutura clave para a mobilidade sustentable, a cohesión territorial e a mellora da calidade de vida da veciñanza dos concellos de Allariz e Taboadela, así como doutros núcleos próximos da comarca de Ourense. Esta senda foi concibida como un proxecto integral para facilitar o tránsito seguro de peóns e ciclistas, favorecendo o uso de medios de transporte non motorizados e promovendo hábitos de vida saudables.

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Con todo, dende o ano 2017 permanece sen rematar un tramo central do itinerario, concretamente o comprendido entre os puntos quilométricos PQ11+540 e PQ12+720, que conecta Outeiro da Orraca e Gundiás, no termo

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89687

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 27163
Data envío: 11/06/2025 12:50:11.940

municipal de Allariz. A interrupción desta parte do percorrido rompe a continuidade da senda e obriga ás persoas usuarias a circular por un treito da estrada OU-320, que non foi deseñado para o tránsito peonil nin conta coas condicións mínimas de seguridade viaria necesarias.

Esta carencia supón un risco evidente para a integridade física das persoas que fan uso da senda, tanto veciñas da zona como visitantes, ao verse expostas ao tráfico rodado sen protección nin espazo delimitado. Cómpre lembrar que a estrada OU-320 é unha vía con circulación de vehículos a motor, na que a velocidade media adoita ser elevada, polo que a presenza de peóns sen infraestrutura axeitada pode derivar en situacións de perigo real.

Ademais, na contorna do núcleo de Gundiás tamén se detecta a ausencia de pasos peonís seguros e sinalización adecuada, elementos imprescindibles para garantir unha convivencia equilibrada entre os distintos modos de mobilidade. A falta destes pasos supón un obstáculo para a accesibilidade de persoas maiores, nenos e persoas con mobilidade reducida, vulnerando o dereito á mobilidade segura e inclusiva.

Non é comprensible que, despois de tantos anos, o proxecto siga sen executarse completamente, malia as demandas reiteradas da veciñanza e dos concellos afectados.

Neste contexto, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para retomar e completar de inmediato o tramo central pendente, executar os pasos peonís necesarios na zona de Gundiás e instalar a sinalización viaria correspondente para advertir da presenza de peóns e reforzar a seguridade do tráfico.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89688

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 27163
Data envío: 11/06/2025 12:50:11.940

Todo isto contribuirá non só a mellorar a seguridade e mobilidade da cidadanía, senón tamén a dar cumprimento aos obxectivos de desenvolvemento sostible e planificación territorial responsable aos que se compromete a administración autonómica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder de maneira inmediata ao remate do tramo central da senda peonil Allariz–Alto de Taboadela, entre os PQ11+540 e PQ12+720 (Outeiro da Orraca a Gundiás), pendente dende o ano 2017.
2. Executar os pasos peonís necesarios á altura de Gundiás (Allariz), co obxectivo de mellorar a seguridade viaria da zona, instalando a sinalización correspondente para advertir da presenza de peóns e limitar a velocidade do tráfico rodado nos tramos con presenza peonil.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89689

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/06/2025 12:37:47

Carlos López Font na data 11/06/2025 12:37:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 12:38:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 27163
Data envío: 11/06/2025 12:50:11.940

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 12:50:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:11
Nº Rexistro: 27163
Data envío: 11/06/2025 12:50:11.940

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:40
Nº Rexistro: 27169
Data envío: 11/06/2025 12:52:40,337

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:38
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, a atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo é prestada polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), que ten como principais centros os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Este complexo dá cobertura a unha poboación de máis de 566.000 persoas, incluíndo os concellos de Cangas e Moaña, que suman máis de 46.000 habitantes.

Na contorna do hospital Meixoeiro tamén se atopan centros educativos como o CIFP Manuel Antonio, IES Ricardo Mella, CIFP Valentín Paz Andrade e a Escola Universitaria de Enfermería, así como residencias de maiores. Un gran número de persoas residentes no Morrazo, especialmente en Moaña, Cangas e tamén Bueu, desprázanse diariamente a Vigo por motivos laborais, formativos ou asistenciais.

A conexión mediante transporte público entre O Morrazo e os hospitais resulta, porén, ineficiente. A duración do traxecto actual, que pode chegar ata os 110 minutos, non permite cumprir cos horarios de entrada das quendas hospitalarias (15:00h e 22:00h), o que dificulta a asistencia puntual ao traballo e fomenta o uso de vehículos particulares. Este problema está a provocar o abandono do transporte público por parte dos usuarios.

A situación podería agravarse en xuño do 2025, coa previsión de obras na Avenida de Madrid en Vigo, que é parte do itinerario actual do autobús. Estas actuacións poderían causar importantes retrasos nos percorridos.

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:38
Por Carlos López Font

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89692

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:40
Nº Rexistro: 27169
Data envío: 11/06/2025 12:52:40,337

Dada esta realidade, faise necesaria unha mellora da liña de transporte público, con percorridos máis directos e tempos de viaxe inferiores á hora. As administracións públicas deben garantir un sistema de mobilidade eficiente, sostible e accesible, que fomente o uso do transporte colectivo e dea resposta real ás necesidades da cidadanía da comarca do Morrazo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro, cunha duración estimada inferior a 1 hora.
2. Establecer liñas de transporte directo que cubran os horarios da tarde e da noite, como sucede no caso do horario das mañás.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89693

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 11/06/2025 12:37:50

Carlos López Font na data 11/06/2025 12:38:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 12:38:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:40
Nº Rexistro: 27169
Data envío: 11/06/2025 12:52:40,337

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 12:52:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:40
Nº Rexistro: 27169
Data envío: 11/06/2025 12:52:40,337

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/06/2025
13:21
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos reiterados incumprimentos legais da Xunta de Galiza en relación co Consello Regulador do Ribeiro e ao seu amparo de actuacións reprobábeis.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:21
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Legalmente, o Consello Regulador da Denominación de Orixe O Ribeiro constitúese como unha corporación de dereito público, dotada de personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, á que se lle atribúe a xestión da denominación de orixe Ribeiro e o resto de funcións recollidas na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño. Desta maneira, o Consello Regulador actúa en réxime de dereito privado exercendo toda clase de actos de administración e xestión, excepto nas actuacións que impliquen o exercicio de potestades ou funcións públicas nas que debe suxeitarse ao dereito administrativo.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:21
Por Noa Presas Bergantiños

No seo do Consello Regulador, de acordo coa normativa vixente, existe un órgano de control e certificación que debe manter unha separación funcional e orgánica total dos órganos de xestión do propio Consello para desenvolver a súa actuación con absoluta independencia respecto á dirección do Consello Regulador e baixo a tutela da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consellería competente, neste caso, a Consellería do Medio Rural. Así mesmo, é imprescindible garantir a independencia do persoal que desempeña as funcións de control e certificación. Este persoal debe ser habilitado pola Consellería do Medio Rural, e calquera decisión de remoción debe estar debidamente motivada e contar co informe favorable da devandita Consellería. Este requisito busca garantías democráticas: evitar posibles inxerencias no desenvolvemento do traballo e nas decisións.

Da mesma maneira, a regulación europea apunta no mesmo sentido e, singularmente, o Regulamento 2017/625 establece as obrigas das autoridades competentes que delegan funcións de control oficial, incluíndo a organización de auditorías e inspeccións, así como a revogación total ou parcial da delegación cando se detecten irregularidades, incumprimentos ou se comprometa a independencia do organismo delegado. Polo tanto, enténdese que a Consellería do Medio Rural ten pleno coñecemento das funcións delegadas no Consello Regulador da D.O. Ribeiro.

Porén, este Grupo Parlamentario tivo coñecemento de distintos incumprimentos do marco legal e accións reprobábeis por parte da Consellaría do Medio rural que, resumidamente, incorren no incumprimento da obriga legal de tutela da Consellería do Medio Rural sobre o órgano de control e certificación do Consello Regulador do Ribeiro, na falta de cumprimento das formalidades preceptivas para a remoción de persoal do órgano de control e na inxerencia do secretario xerente coa connivencia da presidencia do consello regulador na labor do órgano de control. Máis aínda, todo fai indicar que estas actuacións supoñen un uso espurio das institucións para favorecer represalias políticas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, reprobar ao goberno galego e, singularmente á Consellaría de Medio rural, polas súas responsabilidades á hora de permitir o uso espurio das institucións ao incumprir da obriga legal de tutela sobre o órgano de control e certificación do Consello Regulador do Ribeiro para permitir inxerencias contravindo a normativa aplicable e favorecer represalias políticas sometendo as institucións referidas ao descrédito e incorrendo en riscos e consecuencias xurídicas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2025 13:21:08

Secundino Fernández Fernández na data 11/06/2025 13:21:18

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 13:21:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:22:54
Nº Rexistro: 27178
Data envío: 11/06/2025 13:22:54.796

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:22:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:22:54
Nº Rexistro: 27178
Data envío: 11/06/2025 13:22:54.796

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:24
Por Paloma Castro R

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual sistema de clasificación profesional do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) está absolutamente desfasado. A única normativa vixente sobre categorías profesionais data do ano 1992, nun contexto tecnolóxico, organizativo e laboral radicalmente distinto ao que hoxe define o sector audiovisual público galego. En máis de tres décadas, a CRTVG experimentou un profundo proceso de transformación e dixitalización, incorporando novas ferramentas, dinámicas e responsabilidades en todas as súas áreas, sen que isto se vise acompañado dunha revisión do marco laboral que recoñeza e regule as novas funcións asumidas polo seu cadro de persoal.

Esta falta de actualización ten consecuencias moi graves: precarización das condicións laborais, solapamento de funcións, inseguridade xurídica e desigualdades retributivas. A título de exemplo, a CRTVG vén aplicando modificacións substanciais das condicións de traballo desde o ano 2018 sen recoñecemento profesional nin compensación salarial correspondente, derivando en múltiples litixios e nunha crecente conflictividade interna.

Resulta particularmente ilustrativo o caso do denominado “Grupo Soporte”, conformado por traballadores e traballadoras de diferentes categorías técnicas —desde operadores de medios audiovisuais (OPMV) ata analistas programadores/as— que recibiron máis de 250 horas de formación nas novas

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:24
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:23
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89701

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

ferramentas dixitais e que, na práctica, exercen funcións superiores sen un encadramento profesional ou retributivo acorde. De feito, máis do 44% dos OPMV perciben actualmente un complemento de responsabilidade, mais noutros departamentos nos que tamén se modificaron as funcións (como inxesta PAM, edición avanzada ou MAN), non existe tal recoñecemento, perpetuando así un sistema arbitrario e inxusto.

Outros exemplos significativos inclúen a asunción de tarefas de edición básica por parte de redactores, locutores e auxiliares de redacción (antes función exclusiva de OPMV); a redefinición da categoría de grafista/titulador fóra do marco normativo actual; ou a multiplataformización do traballo nas delegacións territoriais (radio, TV, web, OTT), sen criterios definidos para a asignación de funcións.

En 2023, un total de 104 persoas recibiron complementos por desempeñar funcións de superior categoría, das cales 61 foron por funcións de nivel superior (o 59%). A existencia de perfís dixitais asumidos por profesionais de redacción ou contratos en prácticas, ou a redefinición arbitraria das funcións da categoría de produtor/a (nivel 1) evidencian unha situación insostible e desregulada.

A Representación Legal do Persoal (RLT) leva anos solicitando a reactivación da mesa de clasificación profesional, paralizada desde xuño de 2024. A última solicitude formal, datada do 30 de abril de 2025, segue sen resposta firme nin fixación de prazos por parte da dirección da corporación. A masa salarial autorizada pola Dirección Xeral da Función Pública —imprescindible para unha negociación efectiva— tampouco foi actualizada desde 2024, impedindo avances reais.

A CSAG está a aplicar cambios organizativos de xeito unilateral, burlando o principio de negociación colectiva e evitando os custos que suporía regular

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89702

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

debidamente os novos perfís e funcións. Esta situación vulnera o artigo 22 do Estatuto dos Traballadores, que establece a obrigatoriedade de contar cun sistema de clasificación profesional que defina, mediante negociación colectiva, as funcións, responsabilidades e requisitos de cada categoría, sen discriminación e con transparencia.

Neste contexto, resulta urxente e imprescindible activar un proceso negociador serio, áxil e transparente, que permita actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG, recoñecer a realidade funcional actual e garantir os dereitos laborais do seu persoal.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo que se fai preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reactivar de forma inmediata a mesa de negociación da nova clasificación profesional, paralizada desde xuño de 2024, fixando un calendario concreto, verificable e con prazos definidos para avanzar nos traballos.
2. Garantir a participación efectiva da representación legal do persoal na definición das novas categorías profesionais, co obxectivo de que os cambios se produzan sempre no marco da negociación colectiva e con pleno respecto á legalidade vixente.
3. Impulsar unha reforma integral do sistema de clasificación profesional, substituíndo o obsoleto cadro de categorías de 1992 por unha estrutura actualizada e adaptada ás necesidades do sector audiovisual galego, garantindo o cumprimento da lexislación laboral e dos plans de igualdade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89703

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89704

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/06/2025 13:23:37

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 13:24:12

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 13:24:23

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 13:24:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 13:24:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:33:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:08
Nº Rexistro: 27185
Data envío: 11/06/2025 13:33:08,596

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:48:00
Nº Rexistro: 27192
Data envío: 11/06/2025 13:48:00,244

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:43
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar onde un realiza o seu traballo diario ten que ser un espazo confortable e cun ambiente saudable. Por varios motivos, a redución do estrés laboral, promovendo a saúde física e mental do persoal. Contribúe a ser un espazo que permita unha maior concentración e a ser máis eficientes. Un entorno que xere unha maior satisfacción reduce os riscos de lesións e mellora a saúde.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:42
Por Paloma Castro Rey

Se a isto lle engadimos que este espazo é un lugar onde se desenvolve un servizo público e, polo tanto, onde pasa moita xente diariamente, compre aínda mais facer de este espazo un lugar acolledor, seguro e en boas condicións.

Isto non está a acontecer nos xulgados de Lugo. Estamos vendo como debido as filtracións que se dan nos edificios propiedade da Xunta de Galicia, están provocando goteiras e desprendementos obrigando a reubicar algún xulgado para evitar danos persoais.

Esta situación xa era coñecida pola Xunta de Galicia pero nada fixo ata a visita ás instalacións do presidente do TSXG, Jose María Gómez y Díaz-Castroverde o pasado 28 de maio. Evidenciando a situación precaria na que se atopan e amosaba así o seu apoio á xuíza decana de Lugo.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:42
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89707

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:48:00
Nº Rexistro: 27192
Data envío: 11/06/2025 13:48:00,244

O propio presidente do TSXG recalcaba a necesidade de garantir a seguridade do persoal que traballa no edificio así como de que as dependencias xudiciais deber ter e dicía literalmente “dignidad que la función judicial necesita”.

Ante isto a Xunta reacciona e formaliza un contrato menor de urxencia para as reparacións mais necesarias e como unha medida provisional namentres non se lle da unha resposta definitiva.

A Xunta de Galicia anunciou que tras estes arranxos urxentes vai a acometer as obras necesarias para a adecuación definitiva da cuberta. Os antecedentes que obran neste caso fan dubidar que o fagan de maneira inmediata e sen dilatar unha solución definitiva no tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Consignar fondos suficientes para o arranxo definitivo da cuberta así como o sistema de aire acondicionado e calefacción dos xulgados.
2. Redactar o anteproxecto, proxecto e posterior licitación das actuacións e acometelas a maior brevidade posible.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89708

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/06/2025 13:42:41

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 13:42:52

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 13:43:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 13:43:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:48:00
Nº Rexistro: 27192
Data envío: 11/06/2025 13:48:00,244

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:48:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:48:00
Nº Rexistro: 27192
Data envío: 11/06/2025 13:48:00,244

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/06/2025 ás 16:35
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e dos deputados **Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a autorización de servizo de pasaxe desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres (Vilaboa).

Asinado o día 11/06/2025 ás 16:35
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto pesqueiro de San Adrián de Cobres, no concello de Vilaboa, non está autorizado para a prestación de servizos de viaxeiros/as. Aínda que durante anos se prestaban desde este porto servizos de pasaxe para o acceso á illa de San Simón, desde o ano 2024 non se autorizan este tipo de servizos.

En contra deste criterio, o pasado domingo 8 de xuño utilizouse o porto de San Adrián para o embarque de pasaxeiros/as para asistir a unha actividade autorizada pola Xunta na Illa de San Simón.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a abrir unha investigación sobre a autorización da prestación do servizo de pasaxe o domingo 8 de xuño desde o

Asinado o día 11/06/2025 ás 16:34
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porto pesqueiro de San Adrián á Illa de San Simón, e a enviar os resultados ao Parlamento.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2025

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 16:34:53

Rosana Pérez Fernández na data 11/06/2025 16:35:16

Paulo Ríos Santomé na data 11/06/2025 16:35:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 16:37:19
Nº Rexistro: 27212
Data envío: 11/06/2025 16:37:19.392

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 16:37:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 16:37:19
Nº Rexistro: 27212
Data envío: 11/06/2025 16:37:19.392

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a proposta de que o SERGAS facilite información sobre nomes galegos ás mulleres embarazadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os nomes propios en galego teñen unha grande importancia simbólica para a normalización da nosa lingua. Cando unha familia elixe un nome en galego para o seu fillo ou filla, está a demostrar un claro compromiso co futuro da nosa lingua, ademais de transmitir ás súas crianzas a importancia deste patrimonio, e influír tamén noutras persoas.

Entre os materiais informativos que se entregan ás mulleres nas consultas médicas que se producen ao longo do embarazo, mesmo no puerperio máis inmediato, sería posíbel facilitar unha listaxe de nomes na nosa lingua que faciliten esa escollo. Existen xa listaxes, tanto da Real Academia Galega como do proxecto Apego, ou o folleto “Ímoslle chamar...” da propia Xunta de Galiza, que o Servizo Galego de Saúde podería entregar sen moita dificultade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O parlamento insta o Goberno galego a entregar ás mulleres embarazadas, no transcurso das consultas médicas relacionadas co embarazo ou inmediatamente despois de daren a luz, unha listaxe con suxestións de nomes galegos, xunto con argumentos a favor desa escolla”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 17:23:07

Iria Carreira Pazos na data 11/06/2025 17:23:18

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 17:23:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:24:08
Nº Rexistro: 27217
Data envío: 11/06/2025 17:24:08,413

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:24:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:24:08
Nº Rexistro: 27217
Data envío: 11/06/2025 17:24:08,413

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:38:58
Nº Rexistro: 27218
Data envío: 11/06/2025 17:38:58,431

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia estamos a promover unha contratación pública estratéxica. Onde se prime os produtos de proximidade co fin de contribuír a loitar contra o cambio climático a par do fomento dunha alimentación máis saudable. Dentro de esta estratexia pública que defendemos se busca un impacto en termos económicos, sociais e ambientais.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:37
Por Patricia Iglesias Rey

O fin é garantir unha alimentación máis saudable que reduza a contaminación e o desperdicio e a súa vez contribúe a fortalecer o sector primario e todo o ecosistema que se xera no seu entorno potenciando a economía de proximidade e circular.

O pasado 20 de febreiro do ano en curso aprobábase por unanimidade unha iniciativa do Partido Socialista onde o Goberno galego se compromete a que todas as entidades do sector público autonómico foméntase, a través de criterios de valoración ou condicións especiais de execución, que nos contratos de servizos de comedores foméntanse o consumo de produtos de tempada ou Km0.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:37
Por Lara Méndez López

Isto non pode quedar nunha declaración de intencións como xa fixo o Goberno de Galicia a través do conselleiro de Facenda que anunciaba coma un futurible a Estratexia Galega de Contratación o día 6 de outubro no ano 2023, pero na que nada se fixo. Dende o PSdeG-PSOE queremos seguir dando pasos neste

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89719

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:38:58
Nº Rexistro: 27218
Data envío: 11/06/2025 17:38:58,431

camiño sen retorno, e que a alimentación sustentable chegue tamén aos albergues de peregrinos.

O Camiño de Santiago é un dos produtos turísticos que aunan un catálogo moi diverso de experiencias nunha mesma viaxe e poucos tamén son capaces de atraer ao mesmo tempo perfís tan heteroxéneos e con capacidade de interaccionar coa poboación local. Pero dentro de esa heteroxeneidade hai un denominador común, todos os peregrinos comen, é queren comer ben, de xeito saudable e produtos locais. Como parte da experiencia que é facer o camiño de Santiago. Falase moito de aloxamentos, de percorridos, da natureza, da historia dos lugares por onde pasamos, de arte, de todas as experiencias vividas na transcurso do peregrinaxe. Pero a cuestión culinaria non ten o mesmo protagonismo.

A gastronomía é unha sinal de identidade de Galicia, de feito é un dos motivos máis aló do Camiño de Santiago polo que escollen Galicia como destino turístico. A gastronomía convértese en embaixadora do noso país pola calidade dos produtos así como pola cociña propia da nosa terra. Converténdose nunha aproximación máis plena coa nosa cultura e tradición tamén da cociña de vangarda.

Dende a Xunta de Galicia en colaboración con outras administracións e entidades dispón dun menú coñecido como “o Menú do Peregrino”. Nace coa idea de ser unha comida económica e enerxética adecuada para os peregrinos que percorren o camiño. O perfil das e dos peregrinos, como decímaos, é moi variado e defendemos que o poder adquisitivo da e do peregrino non condicione a calidade e cantidade do mesmo.

O estómago do peregrino vén percorrendo os mesmos itinerarios dende fai anos e ven como a evolución foi en decadencia, e non so afectan aos prezos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89720

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:38:58
Nº Rexistro: 27218
Data envío: 11/06/2025 17:38:58,431

senón tamén a calidade. E o dereito a comer ben non pode ser privilexio de poucos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Implementar con garantías nos albergues públicos o menú da e do peregrino con produtos de proximidade, xerando riqueza no territorio fomentado a economía circular e mantendo a calidade sen que supoña un esforzo económico para a persoa consumidora.
- Concienciar nos albergues privados a cultura da alimentación saudable polo seu impacto en termos económicos, sociais e ambientais.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89721

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/06/2025 17:37:20

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 17:37:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 17:37:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:38:58
Nº Rexistro: 27218
Data envío: 11/06/2025 17:38:58,431

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:38:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:38:58
Nº Rexistro: 27218
Data envío: 11/06/2025 17:38:58,431

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:53
Nº Rexistro: 27225
Data envío: 11/06/2025 17:42:53,246

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a importancia de a Xunta se implicar para que a Colección Orol faga parte do catálogo patrimonial público galego.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acaba de se facer pública a poxa da Colección Orol, unha colección única de moedas que pertence a un numismático galego, Antonio Orol Pernas, xa falecido, considerado un dos máis destacados investigadores da numismática galega e un dos maiores coleccionistas.

É autor dunha extensa bibliografía realcionada co estudo da numismática.

A colección de moedas exposta a poxa pública destaca polo alto valor histórico e polo incalculábel valor económico, tal e como se pode apreciar no prezo de saída dalgún lote de 15.000, de 12.000 ou 6.000 euros, que mesmo contan xa con comprador.

Trátase dunha colección que conta con pezas cualificadas como moi probabelmente únicas, pertencentes algunhas ao reino suevo.

Sirva como mostra o exemplar dunha moeda que está no lote 17 da poxa que probabelmente date do século VI e que o coleccionista recuperou nunha poxa en Nova York.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, no BNG entendemos que un patrimonio cultural desta altura debería pasar a facer parte do patrimonio cultural galego co obxectivo de ser exposto para o coñecemento e goce da sociedade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a analizar a Colección Orol, actualmente ofertada en venda en poxa pública, para valorar a incoación do expediente BIC daquelas que foren patrimonio histórico cultural galego e valorar a compra, exercendo o dereito de tanteo que lle permite a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza, para asegurar a súa permanencia no catálogo patrimonial público galego.

Asemade, insta a solicitar ao goberno do Estado que as declare inexportábeis”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/06/2025 17:41:23

Daniel Castro García na data 11/06/2025 17:41:33

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 17:41:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:53
Nº Rexistro: 27225
Data envío: 11/06/2025 17:42:53,246

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:53
Nº Rexistro: 27225
Data envío: 11/06/2025 17:42:53,246

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:42:53

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:46:50
Nº Rexistro: 27230
Data envío: 11/06/2025 17:46:50,710

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:43
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Valle Inclán en O Grove é un centro plurilingüe de referencia neste concello, que na actualidade con 3 unidades de educación infantil e un total de 25 alumnos dos cales 2 deles presentan unha discapacidade de grado II e grado III respectivamente.

Unha educación inclusiva implica que estes nenos/as teñan necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo e isto se atope en equilibrio cunha atención axeitada a todo o alumnado.

Para que isto sexa así e para cumprir os fins acadados no artigo 4 do Decreto 1555/2022 do 15 de setembro a comunidade educativa deste centro demanda da Consellería de Educación a creación dunha nova unidade para educación infantil.

Demanda que apoiamos dende o Grupo Parlamentario Socialista por entender que a creación desta unidade para 6º de educación infantil o vindeiro curso 2025/2026 cumpre os requisitos establecidos no acordo cos sindicatos de educación e a maiores contribuirá a mellorar significativamente as condicións de aprendizaxe e responderá á diversidade do alumnado existente.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:43
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:43
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89728

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:46:50
Nº Rexistro: 27230
Data envío: 11/06/2025 17:46:50.710

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dunha nova unidade para 6º de educación infantil do CEIP Valle Inclán en O Grove para o vindeiro curso 2025/26.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89729

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 17:43:46

Julio Abalde Alonso na data 11/06/2025 17:43:57

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 17:44:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 17:44:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:46:50
Nº Rexistro: 27230
Data envío: 11/06/2025 17:46:50.710

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:46:50
Nº Rexistro: 27230
Data envío: 11/06/2025 17:46:50.710

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:46:51

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a presenza da lingua portuguesa no ensino público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos obxectivos da denominada Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada hai once anos, é o de introducir a lingua portuguesa no ensino: “É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”.

O propio texto da Lei Paz-Andrade reconece a importancia da educación para a consecución destes obxectivos. Na exposición de motivos da lei afirmase “debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional”, e os seus artigos 1 e 2 están dedicados a este asunto:

“Artigo 1

Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 2

O Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Na convocatoria de prazas de profesorado para 2024 non se incluía ningunha nova praza de portugués, inicialmente. Aínda que se corrixiu a convocatoria, foi para incluír só 4 prazas de portugués para Escolas Oficiais de Idiomas, e ningunha para educación secundaria, co que o obxectivo da Lei Paz-Andrade en relación coa “introdución progresiva” do portugués non se está a cumprir. En vista de que na convocatoria de 2024 non se incluía ningunha praza para educación secundaria, a convocatoria de 2025 debería compensar esta eiva e, a pesar disto, só incluíu 5 prazas para educación secundaria máis unha de aceso de corpo de A2 a A1.

Hai outros elementos que non favorecen a consolidación e ampliación da presenza da lingua portuguesa na educación pública que establece a Lei Paz-Andrade. Por unha banda, o goberno galego debería facer un esforzo por fomentar a adquisición da especialidade por parte do profesorado. Na actualidade, unha parte importante das persoas que dan aulas de lingua portuguesa faino desde outras especialidades e, cando deixan de impartir a materia por diferentes motivos, desaparece a materia, co que se perde todo o traballo feito polo centro e da comunidade escolar por crear grupos de portugués. Poderían establecerse medidas concretas para incentivar que o profesorado adquira a especialidade, xa que contar cunha especialidade adicional é positivo profesionalmente (os profesionais teñen máis puntos no baremo da carreira docente, por exemplo).

Ademais disto, outro xeito de fomentar a presenza da lingua portuguesa nos centros de ensino é facilitar o cambio de corpo do profesorado. Existen na actualidade persoas formadas en lingua portuguesa, mais ao non existir un corpo único, o



movemento entre o corpo de Escolas Oficiais de Idiomas e Educación Secundaria non é sinxelo, e sería desexábel que as persoas que queiran poidan facelo sen seren penalizadas ou prexudicadas. Sería positivo que, cada vez que haxa oposicións de portugués, se abra a posibilidade de cambio de código, de 590 (secundaria) para 592 (escola de idiomas) e viceversa.

Por outra banda, non se permite o acceso aos corpos de profesorado de persoas con formación e capacidade suficientes para impartir esta materia procedentes doutras titulacións, como o Grao de Tradución e Interpretación, que en moitas ocasións estarían en condicións de incorporarse ás listaxes de substitución e na actualidade non poden facelo, debido aos requisitos de acceso. Sería preciso establecer unha proba de coñecemento da lingua, tanto porque estas persoas formadas non poden incorporarse ao corpo de profesorado como para acreditar o nivel de coñecemento de todas as persoas candidatas.

A oferta de portugués debería estar presente en todas as Escolas Oficiais de Idiomas. O goberno galego manifestou en diversas ocasións no Parlamento Galego que a oferta de linguas en todas as EOI está adaptada á demanda, mais é responsabilidade da Xunta de Galiza, especialmente se temos en conta a literalidade da Lei Paz-Andrade, crear esa demanda, entre outras cousas, informando a poboación sobre as vantaxes da aprendizaxe do portugués. A ausencia do portugués resulta especialmente rechamante no caso da EOI de Verín, pola súa proximidade con Portugal (e pola coñecida demanda de formación nesta lingua na área).

En relación con isto, a Xunta de Galiza debería pór en marcha unha campaña propia para informar sobre as vantaxes do coñecemento do portugués, ademais das opcións para estudar esta lingua actualmente en Galiza, e divulgala amplamente cos medios de que dispón o goberno galego, ademais de dar a coñecer os vídeos que a DPG, en acordo coa SXPL, ten realizado e publicado sobre isto tudo, sobre a vantaxe e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidades de estudar portugués nas diferentes etapas do ensino regrado galego:
<https://www.dpgaliza.org/campanhas/>.

Ademais, é imprescindible que se inclúa a lingua portuguesa no sobre de prematrícula para coñecer a demanda real, e tamén para poder crear, en base a esa demanda, novos grupos onde sexa preciso, e non ter que agardar ou depender de que os centros fagan campañas para divulgar e fomentar a matrícula.

Na actualidade, a pesar dos obxectivos que establece a Lei Paz-Andrade, o aumento de alumnado de portugués que se produce ano tras ano é debido á iniciativa dos centros e da comunidade escolar, ademais das entidades do sector, cando debería ser o goberno galego o que tomase a iniciativa e asumise como prioridade a lingua portuguesa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a 1. Aumentar o número de prazas de profesorado de lingua portuguesa, nun mínimo total de 10 en cada convocatoria de concurso?

2. Incorporar a oferta de lingua portuguesa en todos os centros de educación secundaria do país.

3. Iniciar as negociacións cos sectores implicados para a elaboración de decretos que que desenvolvan a Lei Paz-Andrade no ensino.

4. Pór en marcha unha campaña de concienciación sobre os aspectos positivos da aprendizaxe de portugués, co obxectivo de concienciar da plusvalía que temos como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos e galegas podendo acadar a excelencia nunha lingua internacional se temos acceso á súa aprendizaxe.

5. Establecer medidas para promover a adquisición da especialidade de lingua portuguesa por parte do profesorado de educación secundaria.

6. Establecer medidas para posibilitar o cambio de corpo de profesorado de lingua portuguesa.

7. Establecer medidas para facilitar o acceso ao corpo de profesorado de lingua portuguesa de profesionais con formación e capacitación suficiente nesta lingua procedentes doutras titulacións.

8. Pór en marcha unha proba para acreditar os coñecementos das persoas candidatas ao corpo de profesorado de lingua portuguesa procedentes doutras titulacións.

9. Implantar a ensinanza do portugués en todas as Escolas Oficiais de Idiomas de Galiza.

10. Incluír a lingua portuguesa no sobre de prematrícula en todos os centros de educación secundaria”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 18:21:39

Cristina Fernández Davila na data 11/06/2025 18:21:44

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 18:21:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:23:19
Nº Rexistro: 27237
Data envío: 11/06/2025 18:23:19.822

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 18:23:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:23:19
Nº Rexistro: 27237
Data envío: 11/06/2025 18:23:19.822

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:27:47
Nº Rexistro: 27241
Data envío: 11/06/2025 18:27:47,008

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:25
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Año tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Dentro do eido da sanidade, o Centro Integral de Saúde (CIS) en Carballo, é clave xa que se ampliará nun 50 % a superficie do actual centro de saúde. Incluirá unha área integral de hemodiálise con 25 postos, evitando desprazamentos á Coruña, así como novas consultas de reumatoloxía, cirurxía e oftalmoloxía.

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:25
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:25
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89739

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:27:47
Nº Rexistro: 27241
Data envío: 11/06/2025 18:27:47.008

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a iniciar nesta anualidade o compromiso orzamentario de executar o Centro Integral de Saúde (CIS), en Carballo.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89740

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 18:25:31

Elena Espinosa Mangana na data 11/06/2025 18:25:39

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 18:25:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 18:25:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:27:47
Nº Rexistro: 27241
Data envío: 11/06/2025 18:27:47,008

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:27:47
Nº Rexistro: 27241
Data envío: 11/06/2025 18:27:47,008

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 18:27:47

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27250
Data envío: 12/06/2025 08:49:45,030

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:33
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés é un dos destinos turísticos máis valorados de Galicia, grazas á beleza das súas paisaxes, a riqueza da súa cultura mariñeira e a calidade das súas praias.

Un dos principais recursos naturais e económicos desta zona son os bivalvos, como as ameixas, os berberechos ou os mexillóns, cuxa explotación está regulada e controlada a través de plans de xestión marisqueira.

A actividade de sementar cría de bivalvos na zona é unha práctica fundamental para a conservación e rexeneración dos bancos marisqueiros da ría. Esta acción, que implica a introdución de sementes de moluscos como a ameixa fina, ameixa babosa ou ameixa xapónica, busca restablecer a produtividade dos fondos mariños e garantir a sustentabilidade do sector marisqueiro.

Porén, nos últimos anos tense detectado un incremento de visitantes que, por descoñecemento da normativa, recollen bivalvos e sementes nas praias de maneira ilegal. Esta práctica ten consecuencias negativas tanto para o medio mariño como para o sector produtivo.

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:33
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:33
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89743

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27250
Data envío: 12/06/2025 08:49:45,030

A extracción non autorizada de sementes interrompe os ciclos naturais de reprodución destas especies e diminúe os recursos dispoñibles para os profesionais do marisqueo, afectando directamente ao seu modo de vida.

Ademais, esta actividade representa un risco para a saúde pública, xa que os bivalvos extraídos sen control sanitario poden conter biotoxinas perigosas, como as derivadas das mareas vermellas, que fan que o seu consumo sexa altamente perigoso.

A actual sinalización nas praias e puntos de acceso é escasa ou pouco visible, e non sempre está dispoñible en varios idiomas o que fai que as mariscadoras teñan en moitas ocasións que facer de “policías das praias” e apercibir aos turistas o que soe xerarlles moitos problemas.

Por este motivo, dende o Grupo Socialista cremos que o goberno da Xunta ten que levar a cabo unha campaña informativa máis efectiva, clara e multilingüe, que inclúa carteleira visible en zonas de paso, paneis informativos en puntos estratéxicos, códigos QR con acceso a vídeos explicativos, e material divulgativo nos aloxamentos turísticos, puntos de información e negocios locais...

O obxectivo é fomentar un turismo responsable e sostible, que respecte o patrimonio natural e económico da Illa de Arousa e coide o medio mariño como recurso común e garantir a rexeneración dos bancos marisqueiros e a sustentabilidade do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en coordinación cos concellos costeiros da comarca do Salnés e confrarías da zona, levar a cabo accións

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89744

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27250
Data envío: 12/06/2025 08:49:45.030

orientadas a previr a recolección ilegal de bivalvos e sementes por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro, sensibilizar á poboación visitante e garantir un turismo respectuoso co medio mariño. En concreto:

- a) Unha campaña informativa máis efectiva, clara e multilingüe, que inclúa carteleira visible en zonas de paso, paneis informativos en puntos estratéxicos, códigos QR con acceso a vídeos explicativos, e material divulgativo nos aloxamentos turísticos, puntos de información e negocios locais.
- b) Campaña de sensibilización visual e de difusión nas redes sociais e medios dixitais de promoción turística da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89745

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 8:33:16

Julio Abalde Alonso na data 12/06/2025 8:33:24

Carlos López Font na data 12/06/2025 8:33:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 8:33:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27250
Data envío: 12/06/2025 08:49:45.030

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 8:49:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27250
Data envío: 12/06/2025 08:49:45.030

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Juan Casaes Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, a través do Plan de simplificación administrativa 2025-2027, está a poñer en marcha un conxunto de medidas para facer da Administración galega unha Administración máis próxima, áxil e centrada nas necesidades das persoas. Neste contexto, destacan os novos servizos proactivos xa habilitados, como a Tarxeta Benvida —que permite ás mulleres embarazadas recibir automaticamente información e acceso á axuda sen ter que realizar xestións innecesarias— e as declaracións censuais anuais de explotacións gandeiras, onde os titulares reciben unha ligazón directa á Oficina Virtual para cubrir os datos de forma sinxela e inmediata.

Estes exemplos evidencian un cambio de paradigma: a Administración galega adiantase ás necesidades da cidadanía, aproveitando os datos dispoñibles e eliminando trámites e burocracia innecesarios. Grazas a esta estratexia, a cidadanía accede de maneira máis sinxela a prestacións e dereitos, o que redundará en maior confianza e satisfacción. Non en van, as enquisas realizadas amosan niveis de satisfacción superiores ao 85 % entre os usuarios destes servizos.

O Plan de simplificación administrativa 2025-2027 prevé, ademais, a creación de novos servizos proactivos nos vindeiros anos —como a prórroga do Bono Aluguer, a renovación da Tarxeta de Identidade Marítima Náutica de Lecer ou o Bono Emancípate—, co obxectivo de seguir reducindo as cargas administrativas e mellorar a atención á cidadanía.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular considera fundamental que a Xunta de Galicia continúe apostando por esta liña de traballo, consolidando e ampliando

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:06
Por Julio García Comesaña



as medidas de simplificación administrativa que teñen demostrado a súa eficacia e que contribúen a construír unha Administración máis eficiente, próxima e ao servizo da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar impulsando as medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027, consolidando e ampliando as iniciativas de servizos proactivos como a Tarxeta Benvida e as declaracións censuais de explotacións gandeiras, e eliminando cargas burocráticas para construír unha Administración máis próxima, áxil e centrada nas necesidades das persoas.
- 2.- Recoñecer o liderado de Galicia na posta en marcha de servizos públicos innovadores, como estes dous exemplos destacados, e na mellora continua da relación entre a Administración e a cidadanía”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 12/06/2025 10:06:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:07:55
Nº Rexistro: 27257
Data envío: 12/06/2025 10:07:55.141

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:07:55
Nº Rexistro: 27257
Data envío: 12/06/2025 10:07:55.141

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 10:07:55

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno de España anunciou recentemente a creación de novos Xulgados de Violencia sobre a Muller en Galicia, unha medida que, en principio, podería contribuír a mellorar a resposta institucional fronte á violencia de xénero. Porén, nas cidades da Coruña e Vigo esta medida materialízase mediante a transformación de xulgados de instrución xa existentes —o Xulgado de Instrución nº 8 da Coruña e o Xulgado de Instrución nº 8 de Vigo—, o que supón, na práctica, unha redución da planta xudicial penal en dúas das cidades con maior carga de traballo de Galicia.

Segundo datos oficiais, os xulgados de instrución de Vigo asumen un volume de causas que acada o 98,2 % do limiar obxectivo fixado polo propio Ministerio de Xustiza, e prevese que ese valor se supere a curto prazo. No caso da Coruña, a situación é tamén preocupante: os sete xulgados de instrución actuais acumulan unha carga de traballo que supera amplamente os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial. En concreto, o Xulgado de Instrución nº 8 —o afectado pola reforma— xestionou en 2023 un volume de asuntos que representa arredor do 115 % do módulo de entrada recomendado, segundo datos do propio TSXG.

A supresión destes órganos instrutores suporá unha sobrecarga inmediata e directa para os restantes xulgados de instrución, afectando negativamente á tramitación de dilixencias previas, medidas cautelares e causas complexas que requiren especial atención. Ademais, tanto Vigo como A Coruña presentan características demográficas, sociais e xurisdicionais que as fan especialmente sensibles á perda de recursos: ambas son cabeceiras de partido xudicial e sedes de

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:28
Por Alberto Pazos Couñago



órganos especializados e provinciais, e atenden tamén a poboación doutros municipios da súa contorna.

O rexeitamento a esta medida foi manifestado por múltiples institucións e actores xurídicos.



O propio Concello de Vigo, gobernado polo Partido Socialista, cualificou de "desafortunada e errónea" a decisión, reclamando un novo xulgado de violencia sen suprimir os xa existentes. O Colexio de Avogados da Coruña, a través dun comunicado oficial, advertiu que "a creación de novos órganos especializados debe facerse sumando recursos, non reducindo capacidades", e cualificou a decisión como "inxustificada e regresiva". A Xunta de Galicia, pola súa parte, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, expresou o seu malestar pola falta de diálogo institucional e pola perda real de medios na administración de xustiza en Galicia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia leva anos reclamando, con informes técnicos contrastados, a creación de novos xulgados de instrución na Coruña e Vigo. A eliminación de órganos existentes por parte do Goberno de España non responde a criterios de racionalidade nin de interese xeral, senón a un reparto desigual que prexudica especialmente a Galicia e ignora as necesidades do territorio.

Desde o Grupo Parlamentario Popular reiteramos o noso compromiso co fortalecemento do sistema xudicial e coa loita contra a violencia de xénero, pero consideramos inaceptable que se faga a costa de debilitar outros piares esenciais da xustiza penal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Manter integramente a planta xudicial penal das cidades da Coruña e de Vigo, evitando a supresión dos Xulgados de Instrución nº 8 en ambas cidades, e mantendo todos os órganos instrutores actualmente existentes.
- 2.- Crear novos Xulgados de Violencia sobre a Muller nas cidades da Coruña e Vigo, como órganos adicionais e específicos, sen que iso supoña a transformación nin eliminación de xulgados de instrución.





- 3.- Planificar a planta xudicial de Galicia de forma rigorosa, transparente e dialogada coa Xunta de Galicia, atendendo a informes técnicos, datos de carga de traballo e criterios de equilibrio territorial.
- 4.- Garantir unha resposta eficaz, especializada e suficiente fronte á violencia de xénero, reforzando os medios materiais e humanos sen deteriorar o funcionamento doutros órganos xurisdicionais fundamentais”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 10:28:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:29:36
Nº Rexistro: 27279
Data envío: 12/06/2025 10:29:36,694

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 10:29:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:29:36
Nº Rexistro: 27279
Data envío: 12/06/2025 10:29:36,694

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:27:46
Nº Rexistro: 27296
Data envío: 12/06/2025 11:27:46,286

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:25
Por Paloma Castro R

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 4 de xuño, o xa ex conselleiro do Mar, Alfonso Villares, presentaba a súa dimisión así como o rexeitamento de aforado. Isto ocorría tras coñecerse que o Sr. Villares recibira unha notificación do Tribunal Superior de Xustiza na que informábaselle da súa condición de investigado “nun proceso xudicial”.

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:25
Por Carmen Rodríguez Dacosta

O devandito proceso era unha denuncia por agresión sexual por uns feitos que ocorrían a finais do ano 2024 . O Tribunal Superior de Xustiza confirmaba que Villares tiña aberta unha investigación por un presunto delito contra a liberdade sexual. A denuncia fora presentada uns meses antes, en Ferrol. E pola condición de aforado, o xulgado remitiu o caso á sala do Civil e Penal do TSXG; sendo admitida a trámite e practicándose as dilixencias.

Isto supón que, durante eses meses, Villares ocultou este feito e, segundo explicou con posterioridade, tamén o ocultou o presidente da Xunta de Galicia, que tamén era coñecedor destes feitos desde o mes de febreiro de 2025.

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:24
Por Silvia Longueira Castro

A noticia destes feitos, e mesmo da dimisión de Alfonso Villares, ten unha transcendencia considerable; tanto polo que supón a natureza do ocorrido, o comportamento silente do presidente da Xunta así como as consecuencias políticas que poidan derivarse.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89758

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:27:46
Nº Rexistro: 27296
Data envío: 12/06/2025 11:27:46,286

É sorprendente como ante un acto desta natureza, a Televisión de Galicia apenas lle deu cobertura. Aínda é máis: estruturou a noticia en torno a toma de posesión da nova conselleira do Mar, Marta Villaverde, mentres o xa ex conselleiro era despedido entre palmadas e abrazos por Alfonso Rueda e o resto de conselleiros. De xeito que o eixo principal da noticia, unha denuncia por un presunto delito contra a liberdade sexual, reducía a gravidade deste tipo de delitos ao tempo que revitimiza á presunta vítima.

E deste xeito, en apenas un día, pechou a noticia na que facía pasar inadvertida a causa da renuncia de Villares, ensalzando a súa valía e anunciando á nova conselleira.

Ante o devir dos acontecementos, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Formular un protocolo de actuación para a emisión de noticias sobre os delitos contra a liberdade sexual, de xeito que non se revitimice ás vítimas e non se minimice a gravidade dos feitos ante a sociedade.
2. Traballar conxuntamente co Colexio de Xornalistas de Galicia coa fin de ofrecer módulos de formación para o tratamento da información relativa ás denuncias por delitos contra a liberdade sexual.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89759

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/06/2025 11:24:54

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/06/2025 11:25:01

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 11:25:13

Patricia Iglesias Rey na data 12/06/2025 11:25:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 11:25:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:27:46
Nº Rexistro: 27296
Data envío: 12/06/2025 11:27:46,286

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:27:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:27:46
Nº Rexistro: 27296
Data envío: 12/06/2025 11:27:46,286

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención sanitaria que se presta nos centros penitenciarios é competencia do Ministerio do Interior a través da Secretaría de Estado de Institucións Penitenciarias.

Este organismo, a través de cada un dos cárceres, ten a obriga de manter o seu propio servizo sanitario para atender á poboación reclusa da que é responsable.

A Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, do 25 de Abril establece un modelo mixto, onde a prestación da asistencia primaria levarase a cabo por Institucións Penitenciarias, cos seus propios medios, ou cando non dispoña deles, por medios alleos concertados, e a asistencia especializada, prestarase a través do Sistema Nacional de Saúde.

No referente á atención sanitaria especializada, o Servizo Galego de Saúde ten formalizado un convenio de colaboración coa Administración penitenciaria en base a este novo modelo onde a atención hospitalaria é prestada dentro do SNS có financiamento da asistencia a cargo da Administración Penal.

Malia isto, o Goberno central arrastra unha débeda de máis de 15 millóns de euros pola asistencia sanitaria prestada polo Sergas aos internos dos centros penitenciarios pertencentes a esta Comunidade Autónoma, xerando un prexuízo económico.

Dende Galicia sempre se brindou a máxima colaboración có Ministerio do Interior para facer máis doada a asistencia sanitaria do reclusos con accións como acceder

Asinado o día 12/06/2025 ás
11:28
Por Alberto Pazos Couñago





ás historias clínicas dos internos, participar das experiencias de telemedicina que ten en marcha o Sergas, etc., pero isto debe ir da man da lealdade institucional e co saldo das débedas pendentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle o aboamento da débeda contraída no que corresponde ás prestacións de asistencia sanitaria dadas polo Servizo Galego de Saúde aos internos dos centros penitenciarios situados en Galicia”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 11:28:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:45
Nº Rexistro: 27299
Data envío: 12/06/2025 11:28:45,999

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:45
Nº Rexistro: 27299
Data envío: 12/06/2025 11:28:45,999

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:39:02
Nº Rexistro: 27305
Data envío: 12/06/2025 11:39:02.656

Asinado o día 12/06/2025
11:35
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres, Daniel Pérez López** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre irregularidades na tramitación do proxecto industrial dos parques eólicos Campelo e Lamas de Feás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás foron adxudicados á empresa Kaekias Eólica SA concurso eólico de 2010. Esta empresa resultou adxudicataria de 75 MW. Dado que non se lle concederon os 108 MW solicitados, a empresa renunciou a executar o Plan Industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, e optou por monetarizalo, resultando unha cantidade de 11.721.971 euros, que a empresa debería ingresar no fondo de capital risco SOGIGA do IGAPE no prazo dun mes desde a posta en funcionamento dos parques.

Os activos de Kaekias Eólica SA foron mercados por GREENALIA WIND POWER SLU en setembro de 2016, data na que os parques eólicos anteriormente mencionados non estaban en construción.

Os compromisos referentes á monetización do plan industrial foron xustificadas por Greenalia a través de diversas inversións, e a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais aceptou a proposta de modificación e xustificación do

Asinado o día 12/06/2025 ás
11:35
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 12/06/2025 ás
11:34
Por José Manuel Golpe Acuña





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

plan industrial presentada en novembro de 2019 por Greenalia, mediante resolución do 21 de xullo de 2021.

No transcurso do tempo estes proxectos eólicos tomaron camiños diferentes. O parque Lamas de Feás foi rexeitado na súa avaliación ambiental, denegándose a súa autorización mediante resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático de 12 de febreiro de 2025.

O proxecto correspondente ao parque eólico Campelo veuse sometido a un proceso xudicial mediante un recurso contencioso administrativo presentado pola Asociación para a defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica, contra o acordo do Consello da Xunta de Galiza de 18 de novembro de 2021, polo que se outorga autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos mineiros e forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campelo, localizado nos concellos de Coristanco e de Santa Comba (A Coruña), e promovido pola sociedade "Greenalia Wind Power Campelo, SLU".

Este recurso foi fallado a favor das demandantes pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no recurso contencioso-administrativo 7052/2022, e recorrido pola promotora, a Xunta de Galiza e a asociación Eólica de Galiza diante do Tribunal Supremo.

A sección quinta da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo na súa Sentencia núm. 316/2025 de data 21 de marzo de 2025 estimou o recurso de casación 7213/2023 interposto pola Xunta de Galiza, pola mercantil Greenalia Wind Power Campelo, S.L.U. e pola Asociación Eólica de Galiza (EGA) contra a sentenza 171/2023, de 26 de maio, ditada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no recurso contencioso-administrativo 7052/2022.

Tanto o plan industrial presentado por Greenalia, como a a asunción do seu cumprimento por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, presentan indicios de vulneración da legalidade do que se derivou que, a organización ecoloxista Adegá presentou denuncia diante da Fiscalía de Medio Ambiente, o pasado 9 de febreiro de 2024, pola comisión de presuntos delitos de prevaricación e malversación.

Estando a resolución do 21 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, baixo instrución xudicial, ao igual que os actos da asinante da mesma, e logo de verse modificado o obxecto que deu lugar ao plan industrial presentado inicialmente por Kaekias Eólica SA, son moitas as dúbidas que se presentan a respecto da futura construción do parque eólico Campelo.

Dúbidas a respecto do cumprimento dos condicionantes da Orde do 29 de marzo de 2010, baixo a que se tramita e autoriza o parque eólico Campelo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Anular a resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 2021 pola que se acepta a proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA, por considerala manifestamente ilegal e prexudicial para as arcas públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Recalcular a proposta presentada inicialmente pola empresa Kaekias Eólica para a monetarización do plan industrial na cantidade de 11.721.971 euros, que deberá ingresar no fondo de capital risco do IGAPE no prazo de un mes desde a posta en funcionamento dos parques, tendo en conta as actuais condicións da concesión”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 12/06/2025 11:34:49

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/06/2025 11:35:00

Luis Bará Torres na data 12/06/2025 11:35:10

Daniel Pérez López na data 12/06/2025 11:35:20

Iria Carreira Pazos na data 12/06/2025 11:35:32

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2025 11:35:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:39:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:39:02
Nº Rexistro: 27305
Data envío: 12/06/2025 11:39:02.656

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:29:24
Nº Rexistro: 27315
Data envío: 12/06/2025 12:29:24.111

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:24
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Coristanco leva anos figurando nos anuncios e promesas da Xunta de Galicia no que respecta á mellora das infraestruturas básicas, nomeadamente no ámbito do saneamento.

En concreto, foron reiteradamente anunciados proxectos para a mellora e ampliación da rede de saneamento nos lugares de O Rodeiro e Podrizo, así como a actuación necesaria sobre a estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Vietie. Non obstante, a día de hoxe, estas actuacións continúan sen materializarse, e os veciños e veciñas seguen padecendo as consecuencias dunha rede deficiente ou, directamente, inexistente.

A situación agrávase pola falta de vontade reivindicativa do goberno municipal de Coristanco, presidido polo Partido Popular, que semella conformarse coas promesas sen esixir o seu cumprimento real e efectivo. Esta actitude permisiva contribúe a un abandono estrutural que impide mellorar a calidade de vida da veciñanza e que compromete a protección ambiental dun territorio que depende, en gran parte, do seu medio natural.

Neste contexto, resulta imprescindible coñecer con detalle o estado de tramitación dos proxectos comprometidos pola Xunta de Galicia, así como os prazos previstos para a súa execución, co fin de garantir que as actuacións

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:24
Por Carlos López Font

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:24
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89772

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:29:24
Nº Rexistro: 27315
Data envío: 12/06/2025 12:29:24.111

anunciadas non queden, unha vez máis, nun mero exercicio de propaganda institucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar, con carácter urgente, sobre o estado actual da tramitación dos proxectos de mellora da rede de saneamento no lugar de O Rodeiro, da mellora da rede de saneamento en Podrizo e da actuación sobre a estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Vietie, todos eles no concello de Coristanco.
2. Establecer un calendario concreto de execución para cada un destes proxectos, con previsión orzamentaria suficiente, garantindo a súa posta en marcha no prazo máis breve posible.
3. Impulsar, en colaboración co concello de Coristanco, todas as medidas necesarias para asegurar que estas actuacións se leven a cabo con axilidade e sen máis demoras, atendendo ás demandas veciñais e ás necesidades ambientais da zona.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89773

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/06/2025 12:24:25

Carlos López Font na data 12/06/2025 12:24:41

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 12:24:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 12:24:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 12:29:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:29:24
Nº Rexistro: 27315
Data envío: 12/06/2025 12:29:24.111

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago constitúe unha das expresións máis senlleiras do patrimonio cultural, espiritual e turístico de Europa, recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade e pola propia Unión Europea como primeiro Itinerario Cultural Europeo. Os anos santos xacobeos, representan unha oportunidade histórica para a proxección internacional da nosa comunidade, así como para o fortalecemento da Marca España e Marca Galicia a través dun turismo de valores, sostible e ligado á identidade cultural.

Nos últimos anos, Galicia consolidouse como referente do turismo espiritual e de peregrinación grazas á aposta institucional polo Camiño de Santiago e polos distintos roteiros xacobeos. O éxito do Xacobeo 21-22, ampliado pola pandemia, demostrou a capacidade mobilizadora deste evento, xerando beneficios económicos, sociais e culturais, non só en Galicia, senón tamén noutras comunidades polas que discorren os diferentes camiños.

Neste contexto, resulta esencial anticipar a planificación do próximo ciclo xacobeo 2027-2032, para o cal é imprescindible a declaración do Xacobeo 2027 como Evento de Excepcional Interese Público (AEIP). Esta figura supón unha ferramenta clave para o financiamento público-privado e para a difusión nacional e internacional do evento. A súa solicitude xa conta co respaldo da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e o visto bo do Ministerio de Cultura, así como coa unanimidade do Parlamento de Galicia. Cómpre, pois, que o Goberno de España avance con celeridade na aprobación desta declaración, permitindo iniciar os traballos preparatorios e garantir a continuidade dunha estratexia sustentada na calidade e no respecto polo legado cultural do Camiño. Así mesmo, resulta oportuno reclamar un apoio económico máis decidido do Estado ao conxunto do “lustró Xacobeo”, como parte dunha visión estratéxica que transcenda os fitos anuais e aposte por unha promoción sostida no tempo.

O Parlamento de Galicia non pode permanecer alleo á importancia desta oportunidade histórica. Por iso, cómpre solicitar formalmente á Xunta que inste o Goberno de España a avanzar nesta dirección, coa máxima ambición e compromiso institucional.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal

Asinado o día 12/06/2025 ás
13:01
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que apoie a solicitude unánime do Parlamento de Galicia de conceder, canto antes, ao Xacobeo de 2027 a declaración como evento de excepcional interese público (EEIP), que conta xa coa aprobación da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e co visto e praxe do Ministerio de Cultura. Na mesma liña, instarase o Goberno central para un maior e firme apoio económico ante o próximo "lustró Xacobeo 2027-2032", co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva, como os xacobeos anteriores, para o reforzo turístico da marca España e da marca Galicia."

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 13:01:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 13:01:19
Nº Rexistro: 27318
Data envío: 12/06/2025 13:01:19.230

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 13:01:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 13:01:19
Nº Rexistro: 27318
Data envío: 12/06/2025 13:01:19.230

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais desafíos sociais que afectan a milleiros de cidadáns en Galicia e no conxunto de España. Trátase dunha cuestión sensible, que require unha planificación seria, estabilidade normativa, financiamento suficiente e, sobre todo, cooperación leal entre administracións.

Nos días previos á Conferencia de Presidentes celebrada o 6 de xuño de 2025 en Barcelona, o presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, remitiu unha carta aos presidentes autonómicos anunciando a súa intención de impulsar un suposto Acordo Estatal de Vivenda 2026-2030, con referencias xerais a un incremento do investimento, ao blindaxe da vivenda protexida e á creación dunha base pública de datos sobre prezos inmobiliarios.

Porén, na citada Conferencia de Presidentes non se presentou ningunha proposta formal nin se promoveu debate, nin votación algunha, en materia de vivenda por parte do Executivo central, demostrando que a carta enviada previamente tiña un carácter meramente propagandístico e sen vocación real de acordo.

Así mesmo, tal como confirmou o presidente da Xunta de Galicia na sesión plenaria celebrada o 11 de xuño no Parlamento de Galicia, non existiu ningunha proposta formal nin diálogo institucional efectivo sobre vivenda antes, durante ou despois do devandito foro multilateral.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos inadmisíbel que, unha vez mais, o Sr. Sanchez realice anuncios baleiros, sen contido nin vontade de consenso. As comunidades autónomas, e nomeadamente Galicia, teñen propostas concretas e solicitudes pendentes nesta materia que deben ser atendidas con seriedade por parte do Goberno de España.

Asinado o día 12/06/2025 ás
14:05
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixirlle ao Goberno de España:

1. Remitir, tal e como expresaba o presidente do Goberno na carta enviada ás comunidades autónomas con motivo da Conferencia de Presidentes do 6 de xuño de 2025, unha proposta formal e detallada para iniciar a negociación real dun Acordo Estatal de Vivenda 2026–2030, acompañado de cronogramas, financiamento, e garantías de execución.
2. Reclamar que calquera medida ou iniciativa en materia de vivenda sexa previamente consensuada e dialogada coas comunidades autónomas, garantindo o respecto ao principio de lealdade institucional e ás competencias exclusivas ou compartidas recollidas no marco constitucional e estatutario.
3. Reclamar que atenda de forma efectiva as peticións, propostas e necesidades expostas polas comunidades autónomas en materia de vivenda e, particularmente, as formuladas pola Xunta de Galicia, garantindo un tratamento equitativo, transparente e estable.
4. Convocar a Conferencia Sectorial de Vivenda que leva desde o mes de outubro sen reunirse, como foro de cooperación multilateral no que facer efectiva a participación das comunidades autónomas na definición do interese xeral, o apoio á unidade de acción e o respecto ao autogoberno e a diversidade.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 14:05:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27332
Data envío: 12/06/2025 14:05:38.062

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 14:05:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27332
Data envío: 12/06/2025 14:05:38.062

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:02:45
Nº Rexistro: 27338
Data envío: 12/06/2025 17:02:45,378

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:59
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Ramón Gómez Besteiro**, e do seu deputado e da súa deputada **Carlos López Font** e **Paloma Castro Rey**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia. O acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que, porén, leva anos gravemente comprometido pola falta de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia de Alfonso Rueda a exercer unha política pública ambiciosa e sostida no tempo.

Galicia carece dun parque público de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Mentres países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público ou social que representa entre o 15 % e o 25 % do total de vivendas, Galicia sitúase moi por debaixo do 5 %, á cola de Europa. Este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas da poboación, especialmente a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito á vivenda se transforma nun privilexio.

A realidade é incontestable: máis de 22.000 familias en Galicia están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día se suman 18 novas solicitudes. Mentres tanto, os prezos de compra e alugueiro continúan disparados e o mercado expulsa a milleiros de persoas cara á incerteza, á precariedade ou directamente ao risco de exclusión residencial.

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:58
Por Carlos López Font

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:58
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89784

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUtaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:02:45
Nº Rexistro: 27338
Data envío: 12/06/2025 17:02:45,378

En vez de actuar con responsabilidade, a Xunta de Galicia está a optar pola parálise, a confrontación partidaria e a renuncia aos recursos. O caso máis grave produciuse recentemente: o presidente da Xunta rexeitou 380 millóns de euros ofrecidos polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda 2025–2028, aprobado na Conferencia de Presidentes. Un investimento que multiplicaba por 2,5 o do período anterior e que permitiría construír 4.000 vivendas públicas de protección permanente en todo o territorio galego.

A decisión da Xunta de Galicia non ten outra explicación que a obediencia cega aos intereses do Partido Popular a nivel estatal. Mentres comunidades como Euskadi, Navarra, Canarias ou Asturias aceptaron os fondos e puxeron en marcha os mecanismos para aprobeitalos, Galicia quedou fóra dunha oportunidade histórica para garantir o dereito á vivenda.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non se limitaba ao investimento: incluía tamén medidas estruturais, como a creación dunha base de datos pública sobre prezos reais de mercado, a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas e entidades locais nun novo modelo de planificación a longo prazo.

Non é admisible que, por motivos ideolóxicos, a Xunta de Galicia rexeite fondos estatais que pertencen á cidadanía galega. Non se trata dunha disputa entre administracións, senón da obriga ética e política de garantir un dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

O que está en xogo é a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar proxectos vitais nin arraigar nas súas vilas e cidades. Galicia precisa unha

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ **981.55.15.30**

89785

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:02:45
Nº Rexistro: 27338
Data envío: 12/06/2025 17:02:45.378

política pública de vivenda valente, responsable e aliñada cos retos do presente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aceptar os 380 millóns de euros do novo Plan de Vivenda Estatal promovido polo Goberno de España, para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.
2. Aumentar ata un 40 % o seu financiamento para o vindeiro Plan Estatal de Vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.
3. Deixar de antepoñer os intereses partidistas ás necesidades da cidadanía galega, e que actúe con responsabilidade para facer fronte á emerxencia habitacional.
4. Trasladar ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana do Goberno de España o seu apoio á solicitude realizada polo Partido Socialista para manter a proposta de financiamento dirixida á comunidade galega, facilitando así que os recursos poidan ser activados en canto a Xunta rectifique a súa negativa.
5. Apostar por un novo Plan Galego de Vivenda Pública con participación das entidades locais que priorice a construción en réxime de alugueiro e garanta o carácter permanente da protección das vivendas.
6. Que non bloquee as propostas en materia de vivenda presentadas polo Goberno do Estado e colabore activamente para a súa implementación, incluíndo a xestión áxil e eficiente dos fondos estatais dirixidos á vivenda.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89786

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 16:58:43

Carlos López Font na data 12/06/2025 16:58:50

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 16:59:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:02:45
Nº Rexistro: 27338
Data envío: 12/06/2025 17:02:45.378

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 17:02:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:02:45
Nº Rexistro: 27338
Data envío: 12/06/2025 17:02:45.378

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

O Goberno galego segue avanzando no seu obxectivo de mellorar a seguridade nas estradas autonómicas, nomeadamente na AC-840, onde están a ser executadas, por preto de 1,2 M€, as obras de mellora da mobilidade peonil no concello de Oza-Cesuras para a execución dun paso peonil baixo a vía do tren, resolvendo así o problema histórico que xerou o terraplén da vía.

Trátase de dar solución ao estreitamento nesta vía á altura do quilómetro 8+280, no paso baixo o ferrocarril. Neste punto agora mesmo só hai espazo para a circulación de vehículos, de xeito que as persoas que queren pasar andando teñen que facelo pola estrada.

A solución consiste en habilitar un paso exclusivo e seguro duns 128 metros para peóns e ciclistas non deportivos, través dun itinerario separado da calzada da estrada e con conexión coas beirarrúas a ambos lados do paso baixo o ferrocarril, o que redundará en maior seguridade nesa contorna. O proxecto tamén inclúe a dotación de iluminación en todo este treito e a execución de rede de drenaxe de pluviais.

A solución deseñada ten a vantaxe de que permite evitar afeccións significativas durante a execución das obras ao tráfico viario na propia estrada AC-840 e tamén ao tráfico ferroviario.

Nesta actuación existe afección a terreos do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), empresa pública de titularidade estatal competencia do Ministerio de Transportes, cuxa autorización se está a demorar, sen sentido, co que os traballos non poden comezar. E isto, a pesar de que a Xunta de Galicia está a resolver un problema que xerou a infraestrutura ferroviaria e





que debería acometer o Estado. A obra, con todo, foi adxudicada o 17/04/2024.

Esta demora é responsabilidade única de ADIF cun expediente iniciado no ano 23 que está a tramitarse dun modo moi dificultoso, máis do razoable, co resultado de que o proceso non para de dilatarse. A Axencia Galega de Infraestruturas, pola súa banda, ten actuado con dilixencia, dando resposta en cada momento á ADIF

Non é esta unha situación excepcional na Administración do Estado, con organismos como a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, que realizan unha aplicación da normativa que na práctica bloquea as actuacións que teñen que informar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia colaborar co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para axilizar o máximo posible a execución da obra do paso baixo a vía do tren na AC-840, no termo municipal de Oza-Cesuras e, así mesmo, o Goberno galego solicitará ao Goberno de España que axilice a emisión da autorización pendente para poder culminar esta actuación.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 17:22:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:23:30
Nº Rexistro: 27340
Data envío: 12/06/2025 17:23:30.253

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 17:23:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:23:30
Nº Rexistro: 27340
Data envío: 12/06/2025 17:23:30,253

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, María Deza Martínez Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia coñeceu o pasado xoves 11 de xuño o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se suspende cautelarmente a modificación da resolución pola que se determinan as épocas hábiles de caza en Galicia na tempada cinexética 2024-2025.

Esta decisión xudicial implica que ata o vindeiro 31 de xullo deste ano non se poderán adoptar medidas de control en casos de danos recorrentes causados por ataques de lobo á gandería, o que poderá traer graves consecuencias para o sector agrogandeiro galego, que terá que limitarse ás medidas de prevención e a solicitar axudas para compensar os danos cando se produzan.

É por iso fundamental que a Xunta de Galicia defenda, como o fixo ata o de agora, e, ante as instancias que sexan precisas, o equilibrio e a convivencia entre a protección da especie, as necesidades dos gandeiros, un sector clave na nosa economía, e a biodiversidade; e máis cando o criterio empregado polo TSXG é contrario ao seguido polos tribunais doutras comunidades -Cantabria e Castela e León- que rexeitan a suspensión cautelar das accións de control sobre o lobo, ao entender que o estado das súas poboacións é favorable.

É paradoxo porque en Galicia temos a mesma situación, pois o número de mandas da especie –segundo recolle a Xunta no último estudo remitido ao Goberno central de cara á elaboración do informe sexenal- aumentou de 84 en 2014 a 93 nas últimas estimacións, e está presente en máis do 90% do territorio galego. De feito, só desde o ano 2021 os avisos por ataques de lobos na comunidade aumentaron un 77% e o número de reses afectadas un 57%.

É tamén un contrasentido tras os últimos cambios que se produciron a nivel normativo en Europa e en España.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 12/06/2025 ás
18:10
Por Alberto Pazos Couñago





A nivel europeo, modificando o regulamento que consideraba que o lobo no admitía medidas de xestión por ser unha especie especialmente protexida. A propia Europa constatou a tendencia positiva desta especie, que ocupa territorios cada vez máis amplos. É máis, recuperouse en todo o continente dobrando a poboación en 10 anos, un éxito desde o punto de vista da conservación desta especie, como recoñece a propia Comisión europea.

E en España este cambio en Europa incorporouse recentemente por Lei, eliminando o lobo o norte do río Douro do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), momento no que a Xunta retomou o plan de xestión que estaba vixente ata 2021.

Apelando á importancia de garantir o mantemento da protección do lobo xunto cunha maior flexibilidade da xestión para protexer ás explotacións gandeiras en Galicia, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a defender, ante as instancias que sexan precisas, incluído os recursos pertinentes ante a Xustiza, o mantemento da biodiversidade e o equilibrio e a convivencia entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros, así como seguir defendendo as accións de control sobre esta especie tendo en conta o estado favorable das súas poboacións”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 18:10:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 18:10:30
Nº Rexistro: 27350
Data envío: 12/06/2025 18:10:30.267

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 18:10:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 18:10:30
Nº Rexistro: 27350
Data envío: 12/06/2025 18:10:30,267

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Paula Prado del Río, Cristina Sanz Arias, Julio García Comesaña, Alberto Pazos Couñago, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Raquel Arias Rodríguez e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto nos artigos 160,98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada polo impacto económico e social desta decisión que afecta a máis do 25% da flota galega.

Exposición de Motivos:

A recente sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) na que desestima o recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela e 16 compañías armadoras de buques afectados polo veto á pesca de fondo, supón unha mala nova para o sector pesqueiro galego e, especialmente para a flota lucense, a máis afectada pola imposición destas vedas.

O comisario europeo ultraecoloxista promoveu no ano 2022 un regulamento moi restritivo baseado na posible existencia de ecosistemas mariños vulnerables en 87 zonas do Atlántico Nororiental que deste xeito quedaban vedadas á flota. Todo iso, sen ter a debida consideración sobre o impacto económico e social desta decisión que afecta a máis do 25% da frota galega: 200 embarcacións de xeito directo e 946 de artes menores de forma indirecta.

Desde o primeiro momento o Goberno galego actuou no obxectivo de reverter esta decisión e en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas. De feito, a Xunta de Galicia participou neste procedemento xudicial en calidade de coadxuvante da parte demandante, no que achegou información relevante respecto a que a actividade pesqueira da frota de palangre non causaba efectos adversos significativos neses espazos.

Hoxe máis que nunca resulta preciso mudar as políticas pesqueiras desenvolvidas no anterior mandato comunitario e apostar por un maior equilibrio entre os factores

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



PARLAMENTO
DE GALICIA

ambientais, económicos e sociais que permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca. Cómpre non esquecer que estamos a falar dunha actividade extractiva estratéxica para Galicia e o conxunto do continente dado a súa crucial contribución á hora de garantir a soberanía alimentaria.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei polo trámite de urxencia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º- Interpoñer un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ante a decisión de desestimar as demandas de anulación da normativa comunitaria que impón 87 vedas á pesca de fondo zonas do Atlántico Nororiental.

2º- Achegue a información científica recompilada desde o ano 2022 para descartar ou confirmar a existencia de ecosistemas mariños vulnerables nas 87 áreas vedadas e o impacto que a actividade pesqueira da frota causa nestes espazos.

3º- Desenvolva cantas accións sexan precisas, diante das autoridades comunitarias, en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas, apostando por unha nova regulación que estableza un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais e permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca de fondo.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 12:30:59
Miguel Fidalgo Iglesias na data 12/06/2025 12:31:09
Jesús María Fernández Rosende na data 12/06/2025 12:31:27
Julio García Comesaña na data 12/06/2025 12:31:42
Dolores Hermelo Piñeiro na data 12/06/2025 12:31:52
María Deza Martínez na data 12/06/2025 12:32:11
Paula Mouzo Mas na data 12/06/2025 12:32:29
Manuel Santos Costa na data 12/06/2025 12:32:44
Raúl Santamaría González na data 12/06/2025 12:32:56
María Magdalena Perez Millares na data 12/06/2025 12:33:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 12:34:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:34:21
Nº Rexistro: 27316
Data envío: 12/06/2025 12:34:21.583

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:23:55
Nº Rexistro: 27466
Data envío: 16/06/2025 13:23:55.121

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:16
Por Iago Tabarés Pêr

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños, Oscar Insua Lema, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Tabarés Pérez Piñeiro, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo do Comercio alimentación da provincia de Ourense.

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:15
Por Noa Presas Bergantiños

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polo impacto social dos 3 días de folga que acumula o sector e a previsión de novas convocatorias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas traballadoras do sector do comercio de alimentación teñen reguladas as súas relacións laborais, salarios e condicións de traballo a través de convenios de ámbito provincial.

No caso da provincia de Ourense o convenio colectivo actualmente vixente foi negociado para o período 1 de xaneiro do 2021 a 31 de decembro 2024, e o proceso de negociación iniciado paralizouse por atoparse as posturas das dúas partes moi distantes, rachando a negociación despois de varias reunións coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:15
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A principal reivindicación da parte social é corrixir a perda de poder adquisitivo acumulada nos últimos anos por causa do brutal encarecemento da vida, así como a diferenza salarial existente entre o convenio ourensán e os convenios das provincias da Coruña e Pontevedra, que están uns 3.000€/ano por enriba, cando dun xeito moi maioritario as grandes empregadoras do sector son as mesmas empresas, que ademais controlan a representación da parte empresarial na mesa de negociación do convenio.

Combater a despoboamento da provincia de Ourense, implica necesariamente tomar medidas que corrixan os diferenciais negativos en canto a salarios e pensións, e todas as medidas tendentes a unificar un marco galego de relacións laborais serían beneficiosas.

Neste sentido as reivindicacións da parte social son totalmente coherentes coa política de cohesión social e territorial que, cando menos nominalmente, di defender a Xunta do Partido Popular

Os prezos para o público dos produtos á venda son os mesmos, as empresas as mesmas e o traballo realizado polo persoal o mesmo tamén, non se xustifica a diferenza salarial existente.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Reunirse coa parte social da mesa de negociación do convenio colectivo do sector do Comercio de alimentación da provincia de Ourense
2. Dirixirse aos grupos empresariais do sector con representación na mesa do convenio e chamalos a retomar a negociación do convenio atendendo a necesidade de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

traballar para aumentar a cohesión social e territorial da Galiza, a comezar polos salarios.

”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/06/2025 13:15:40

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 13:15:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/06/2025 13:16:05

Sonia Vidal Lamas na data 16/06/2025 13:16:12

Secundino Fernández Fernández na data 16/06/2025 13:16:21

Óscar Insua Lema na data 16/06/2025 13:16:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/06/2025 13:16:46

Rosana Pérez Fernández na data 16/06/2025 13:16:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:23:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:23:55
Nº Rexistro: 27466
Data envío: 16/06/2025 13:23:55.121

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 16/06/2025 ás 17:35
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da situación de crise da empresa Guidoni Quartz no Concello de Narón.

Asinado o día 16/06/2025 ás 17:35
Por Oscar Insua Lema

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada polo impacto social provocado polo anuncio da crise empresarial, a paralización dunha liña de produción e un ERTE nunha das principais empresas industriais da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

GUIDONI QUARTZ SPAIN S.L dedícase á fabricación e venda de taboleiro de aglomerado de seixo, ten domicilio social e principal centro de traballo no polígono das Lagoas no Concello de Narón, no que traballan actualmente 122 persoas.

O principal mercado da empresa nos exercicios 2023 e 2024 foron os Estados Unidos, que representaron máis do 55% da facturación da empresa.

Esta empresa ven de comunicar á parte social a súa intención de realizar un ERTE coa xustificación dun importante descenso de pedidos durante o ano 2024 do mercado dos

Asinado o día 16/06/2025 ás 17:34
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estados Unidos, que ademais se ten agravado nos últimos meses pola política arancelaria da administración Trump.

O ERTE proposto tería unha duración dun ano e afectaría á totalidade do cadro de persoal.

Estamos diante dunha nova crise industrial no comarca de Ferrol, neste caso unha empresa emblemática, con moitos anos de historia que xa pasou por anteriores situacións complicadas e diferentes propiedades.

A falta de alternativas ao mercado estadounidense e outros factores que estamos a coñecer a través da parte social fan necesaria a intervención urxente da Xunta de Galiza para consolidar a actividade e o emprego desta empresa.

Compren solucións a curto prazo para evitarlle prexuízos aos traballadores e traballadoras máis tamén un plan industrial a medio e longo prazo, e a Xunta como titular das competencias en materia de Emprego e máis de Industria non pode poñerse de perfil.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

reunirse coa parte social da empresa Guidoni Quartz para coñecer a situación e participar con medidas laborais e industriais para garantir o emprego e a actividade industrial”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/06/2025 17:34:59

Óscar Insua Lema na data 16/06/2025 17:35:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/06/2025 17:35:32

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 17:35:42

Rosana Pérez Fernández na data 16/06/2025 17:35:53

Ana Pontón Mondelo na data 16/06/2025 17:36:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 17:38:40
Nº Rexistro: 27499
Data envío: 16/06/2025 17:38:40,907



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 17:38:40
Nº Rexistro: 27499
Data envío: 16/06/2025 17:38:40,907

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 17:38:41

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a contaminación da praia de Santa Cruz (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro de Augas de Baño de Galiza inclúe entre a listaxe de lugares nos que está prohibido o baño, nos que a auga non supera o limiar de calidade, a praia do porto de Santa Cruz. Esta prohibición entrou en vigor o 1 de xuño e manterase todo o verán.

A Consellería de Sanidade fai análises da calidade da auga das praias e áreas recreativas para velar pola seguridade dos bañistas e evitar posíbeis contaminacións bacterianas entre as persoas usuarias destas áreas. De feito, en decembro de 2024 xa declarara a “prohibición permanente” de baño nesta praia, a pesar da disconformidade do Concello de Oleiros co resultado das análises. A Xunta de Galiza é responsábel da xestión da calidade da auga e non é a primeira vez que o Porto de Santa Cruz se ve afectado por esta prohibición, a pesar da construción do tanque de tormentas que foi entregado pola Consellaría de Medio Ambiente no ano 2018, polo que será preciso actuar para coñecer e corrixir a orixe destas contaminacións.

Resulta especialmente curioso que o Porto de Santa Cruz se atope contaminado de xeito habitual, tendo en conta que nesa propia praia, no Castelo de Santa Cruz, está emprazado o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de

Asinado o día 06/06/2025 ás
09:19
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 06/06/2025 ás
09:18
Por Iria Taibo Corsanego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza), entidade xestionada entre o goberno galego, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña, e que é unha referencia en educación ambiental a nivel galego.

Durante a marea alta, é habitual que se perciban cheiros de augas fecais, tal e como pode relatar calquera persoa que transite a zona de xeito habitual (trátase dunha zona moi frecuentada por estar no paseo de Santa Cruz).

Por outra banda, non se comprende que non exista sinalización que indique a prohibición do baño debido ao mal estado da auga, debido á gran cantidade de persoas, especialmente turistas e familias con crianzas, pola zona na que se atopa e pola súa seguridade, que se achegan a esta praia de xeito habitual. A veciñanza da zona non é demasiado consciente da prohibición e, moito menos, as persoas chegadas de fóra, polo que a sinalización resulta imprescindible, especialmente neste caso.

Trátase, ademais, dunha praia moi utilizada por campamentos de deportes acuáticos para nenos e nenas, durante todo o verán, que se bañan nela sen coñecer o seu estado ante a ausencia de información visíbel na propia praia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Estudar a orixe da contaminación continuada na praia do Porto de Santa Cruz.
2. Pór todos os medios para corrixir esta contaminación e establecer as sancións preceptivas, se corresponde.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Sinalizar a prohibición do baño e a súa motivación, para informar axeitadamente e protexer as persoas que queiran facer uso da praia do Porto de Santa Cruz”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/06/2025 9:18:58

Luis Bará Torres na data 06/06/2025 9:19:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26914
Data envío: 06/06/2025 09:20:09.541

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 9:20:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26914
Data envío: 06/06/2025 09:20:09.541

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de outubro de 2023 marcou o inicio do actual ciclo de violencia, tras o ataque perpetrado por Hamás contra poboación civil israelí, que causou a morte de máis de 1.200 persoas e a captura de decenas de reféns. Desde entón, a resposta militar do Goberno de Israel sobre a Franxa de Gaza derivou nunha campaña de destrución masiva sen precedentes, afectando principalmente á poboación civil palestina.

A data de maio de 2025, máis de 54.000 persoas foron asasinadas en Gaza, entre elas polo menos 16.200 nenos e nenas. Outras 80.000 resultaron feridas, e máis de 1,9 millóns de persoas —o 85% da poboación gazatí— foron desprazadas internamente, moitas delas de forma repetida, sen acceso garantido a alimentos, auga potable, atención médica nin refuxio seguro.

A intensidade e prolongación dos ataques aéreos e terrestres provocou o colapso total do sistema sanitario, a destrución de vivendas, escolas, universidades, hospitais, infraestruturas eléctricas e de saneamento, e a devastación de centros xestionados por organismos humanitarios.





Entre as vítimas cóntanse máis de 150 traballadores de Nacións Unidas, o que converte esta ofensiva na máis letal rexistrada para o persoal da ONU desde a súa creación. Ademais, polo menos 220 xornalistas foron asasinados, a maioría deles palestinos, mentres cubrían os efectos do conflito sobre a poboación civil.

Desde a ruptura unilateral do cesamento do fogo por parte do Goberno de Israel en marzo de 2025, a ofensiva militar intensificouse, acompañada do bloqueo sistemático da axuda humanitaria e do uso deliberado da fame como instrumento de guerra, o que levou a axencias internacionais a advertir dunha inanición inminente.

Organismos internacionais como a Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA) advertiron que máis do 70% do territorio de Gaza foi convertido en zona de evacuación ou de combate. A poboación foi forzada a desprazarse unha e outra vez, sen garantías de protección nin lugares seguros. A comunidade humanitaria denuncia unha situación insostible, na que mesmo as mínimas entregas de axuda son utilizadas como ferramenta de control militar.

A esta situación en Gaza súmase a intensificación da violencia en Cisjordania, onde o aumento dos ataques por parte de colonos armados, con apoio ou permisividade do exército israelí, está a provocar desprazamentos forzados, expropiacións ilegais e unha maior expansión dos asentamentos en aberta violación do dereito internacional.

Diversas organizacións internacionais, xuristas e expertos en dereitos humanos alertaron de que en Gaza poderían estarse cometendo crimes de guerra e





actos de xenocidio, conforme ao establecido na Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio de 1948.

A relatora especial da ONU para os Territorios Palestinos Ocupados, Francesca Albanese, sinalou que existen motivos razoables para considerar que Israel está a levar a cabo polo menos tres dos actos tipificados na devandita Convención.

Organizacións como Human Rights Watch, Amnistía Internacional e Médicos Sen Fronteiras coincidiron en denunciar a existencia de prácticas sistemáticas de exterminio, desprazamento forzoso, e privación deliberada de alimentos e servizos esenciais.

Mentres tanto, a poboación civil —especialmente a infancia— segue atrapada en condicións de extrema vulnerabilidade, exposta a bombardeos constantes, á fame e ao colapso absoluto de toda infraestrutura humanitaria.

Fronte a esta situación, España asumiu un papel destacado a nivel internacional. En maio de 2024, recoñeceu oficialmente ao Estado de Palestina, e desde entón traballou para ampliar ese recoñecemento entre outros países. No marco da Unión Europea, impulsou a revisión do Acordo de Asociación con Israel, esixindo o seu cumprimento en materia de dereitos humanos, e defendeu a aplicación dun embargo de armas. Así mesmo, reiterou o seu compromiso coa solución de dous Estados como única vía posible para alcanzar unha paz duradeira, baseada na coexistencia dun Estado israelí e un Estado palestino.





Más recentemente, o 25 de maio de 2025, o noso país convocou en Madrid un cumio internacional coa participación de máis de vinte gobernos e organizacións. Alí defendéronse propostas concretas para reverter a crise humanitaria: o recoñecemento do Estado palestino, o levantamento do bloqueo sobre Gaza, a aplicación de sancións individuais aos responsables políticos e militares, e a suspensión do comercio armamentístico con Israel.

España anunciou ademais a súa intención de promover, xunto a Palestina e outros países, unha resolución ante a Asemblea Xeral de Nacións Unidas que esixa o fin do bloqueo humanitario e garanta o acceso completo, seguro e sen restricións da axuda internacional.

Esta iniciativa enmárcase tamén nos esforzos internacionais por reactivar o proceso de paz, con base na solución de dous Estados, que garanta os dereitos do pobo palestino e a seguridade de Israel e instar a todas as partes implicadas a retomar negociacións orientadas a ese obxectivo.

Galicia non pode manterse ao marxe. A defensa da dignidade humana, o rexeitamento da violencia indiscriminada e o respecto ao dereito Internacional Humanitario forman parte dos valores que definen o noso compromiso democrático. Neste contexto, alzar a voz desde o noso territorio non só é lexítimo, senón necesario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Manifestar o seu apoio á esixencia ao goberno Israelí do cesamento inmediato das hostilidades na Franxa de Gaza, así como o respecto estrito ao dereito Internacional Humanitario e a protección da poboación civil, con especial atención á infancia; e do acceso completo, seguro e sen restricións da axuda humanitaria á poboación palestina, conforme aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade, e rexeitar o uso da asistencia humanitaria como instrumento de guerra.
- b) Manifestar o apoio á posición do Goberno de España no cumio internacional celebrado en Madrid o 25 de maio de 2025, que defende o recoñecemento do Estado de Palestina, o levantamento do bloqueio humanitario, a imposición de sancións individuais aos responsables de crimes de guerra, a suspensión do Acordo de Asociación da Unión Europea e o embargo da venda de armas con Israel.
- c) Reafirmar o seu respaldo institucional ao recoñecemento do Estado de Palestina, como medida indispensable para avanzar cara a unha solución política baseada na coexistencia de dous Estados.
- d) Solicitar ao Goberno de España o impulso, previa resolución da Asamblea Xeral das Nacións Unidas, o pronunciamento da Corte Internacional de Xustiza sobre o cumprimento por parte de Israel das súas obrigacións internacionais con relación ao acceso de axuda humanitaria en Gaza.
- e) Manifestar o compromiso do Goberno Galego coa legalidade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a paz, así como a súa solidariedade co pobo palestino, especialmente con quen foi vítimas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 10:09:22
Nº Rexistro: 26919
Data envío: 06/06/2025 10:09:22.028

directas da violencia, o desprazamento forzoso ou a destrución dos seus fogares e infraestruturas.

- f) Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á FEMP.

Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/06/2025 09:50:32

Patricia Iglesias Rey na data 06/06/2025 09:50:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/06/2025 09:50:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

89820

@PSdeG





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:05:00
Nº Rexistro: 26925
Data envío: 06/06/2025 11:05:00,494

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:01
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernáandez Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de atención pediátrica nos Centros de Saúde da comarca do Condado-Paradanta.

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:01
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta, levan anos arrastrando un déficit de atención pediátrica á poboación infantil e adolescente dos nove concellos da zona: Ponteareas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Caniza, Covelo, Mondariz e Mondariz Balneario.

Isto acontece dende a pandemia, onde o Sergas decidiu atender cun só profesional a varios municipios repartindo os días da semana entre uns e outros centros de saúde. Obrigando así ás familias, os días que non hai consulta no seu centro de saúde, a desprazarse a outros concellos ou dirixirse directamente ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Esta situación agrávase na actualidade por ter varias vacantes sen cubrir e agora que comeza o período vacacional pasará como en anos anteriores que as consultas pediátricas suspenderanse en varios centros de saúde, como sucedeu en Salvaterra o verán pasado, ao que se engade a falta de substitucións de pediatras por baixas laborais por enfermidade, por embarazo, maternais, permisos, etc.

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:01
Por Cristina Fernández Davila

Na actualidade, hai unha pediatra na Caniza que comparte consulta con Crecente, que non pode atender aos nenos e nenas de 0 a 3 anos por estar embarazada. Estes nenos e nenas máis pequenas de ambos concellos, son dirixidas a Arbo, As Neves ou Ponteareas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Calquera pode imaxinar o malestar e preocupación entre as familias destes bebés que son atendidos noutras localidades por distintas/os pediatras de cada vez, nun período da infancia onde é máis importante a atención, a prevención e o seguimento sanitario.

Mondariz atópase na mesma situación, pero a pediatra xa colleu a baixa laboral hai un mes e aínda non foi substituída. A consulta faina a enfermeira pediátrica, recabando a información, facendo as probas precisas e enviando un informe a un dos pediatras de Ponteareas que fai unha consulta telefónica e decide despois se a menor debe ser atendida en Ponteareas ou no hospital en Vigo. Unha situación totalmente caótica e alarmante e dunha gran responsabilidade para a enfermeira pediátrica, que non lle corresponde.

En Salvaterra a titular de pediatria está de baixa e achégase unha substituta dous ou tres días á semana e nunca a xornada completa, hai días en que só permanece na consulta 2,5 horas, polo tanto tan só atende as citas concertadas e todas as urxencias son atendidas directamente no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Cando esta especialista está de vacacións ou permiso non envían a ningunha outra e o centro de saúde queda sen o servizo.

En Ponteareas, con tan só dous pediatras (un de mañán e outro de tarde) atenden a preto de 2.800 nenos e nenas da Vila, así como a todos/as as que non teñen pediatra que poida atendelas no seu centro de saúde nos concellos da contorna. Algo inasumible con eses efectivos.

Falta cubrir prazas de pediatras: un en Ponteareas; en Crecente, Covelo e Arbo non hai pediatra asignado.

Por outra banda, as urxencias pediátricas aténdense maiormente no hospital de referencia, o Álvaro Cunqueiro, tendo que facer un desprazamento importante por parte das familias, entre 30 minutos se son de Ponteareas, ate unha hora se residen no Covelo,



Caniza ou Crecente, sobre todo das súas parroquias. Se as pequenas están nunha situación moi urxente, este tempo pode ser nefasto para a recuperación da crianza.

Esta falta de atención sanitaria é xa insostible para as familias que están preocupadas polo seguimento das súas fillas e fillos e que ven como para a súa consulta por enfermidade teñen problemas de conciliación polos desprazamentos, falta de transporte público ou incluso propio, horarios que non se axustan coas xornadas laborais e os retrasos nas citas. Todo isto tendo en conta a numerosa poboación infantil que ten esta comarca.

É polo que na Caniza levan meses concentrándose todos os luns diante do centro de saúde para reivindicar un servizo de pediatría estable, a tempo completo e para todos os nenos e nenas en idade pediátrica, á que se suman persoas afectadas dos concellos limítrofes.

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado-Paradanta que fai seguimento constante dos precarios medios na sanidade pública da Comarca, ante esta falta de pediatras e as súas consecuencias nas crianzas e familias, convocou a toda a veciñanza para que, o pasado sábado, dúas caravanas de vehículos saíran da Caniza e Covelo paralelamente e confluíran en Salvaterra, onde se manifestaron un milleiro de persoas polas súas rúas entre o mercado municipal e o centro de saúde, como protesta ante unha falta de atención das e dos menores de 14 anos, cuxas familias pasan por unha odisea para conseguir que un pediatra consulte ás súas fillas e fillos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta o goberno da Xunta de Galicia a través do Sergas a dotar os centros de saúde dos municipios da comarca do Condado-Paradanta do persoal de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pediatría necesario para cubrir todas as vacantes en cada un dos Concellos, así como para substituír as baixas laborais, vacacións e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación menor de 14 anos na Comarca.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 11:01:21

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2025 11:01:31

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 11:01:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:05:00
Nº Rexistro: 26925
Data envío: 06/06/2025 11:05:00.494

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 11:05:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:05:00
Nº Rexistro: 26925
Data envío: 06/06/2025 11:05:00,494

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:16:53
Nº Rexistro: 26947
Data envío: 06/06/2025 13:16:53,947

Asinado o día 06/06/2025 ás 13:15
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a situación do waterpolo galego e da Federación Galega de Natación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación Galega de Natación é o ente regulador dos deportes relativos coa natación en Galiza mais tamén rexe deportes como o waterpolo, a natación artística ou os deportes que se practican en augas abertas. Como calquera outra federación deportiva, trátase dunha entidade asociativa privada sen ánimo de lucro mais tamén é unha entidade de utilidade pública e está integrada polos clubs, as seccións deportivas, as e os deportistas, as e os técnicos, as e os xuíces e as e os árbitros co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento da natación en calquera das súas modalidades en Galiza.

Actualmente, a federación enfronta, tal e como puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, problemas serios de liquidez derivados principalmente da falta de apoio económico suficiente por parte do Goberno galego. Sábese que, por exemplo, a achega da Xunta de Galiza á federación non se corresponde coa suba do IPC e que por tanto é altamente complicado que esta sufrague en tempo e forma os gastos derivados dos pagamentos a traballadores, as dietas e desprazamentos por arbitraxes ou os gastos diarios da propia federación. Ademais, tamén é sabido que a Secretaría Xeral para o Deporte non realizou o pagamento en tempo o que tamén causou problemas no

Asinado o día 06/06/2025 ás 13:14
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 06/06/2025 ás 13:14
Por Iago Suárez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento da Federación Galega de Natación. Para alén disto, a federación tamén require unha maior axuda por parte do Goberno galego no relativo a infraestruturas e material deportivo.

Estes problemas contribuíron en boa medida a que se tiveran que cancelar competicións de waterpolo pola falta de árbitros. Así, déronse por finalizadas as ligas feminina e masculina DH sen poder disputar os play-offs ou o campionato cadete mixto de verán. Unha situación que se puido reverter e solventar mais que causou un prexuízo importante a todas as persoas implicadas. É por iso que reclamamos da Secretaría Xeral para o Deporte máis compromiso e máis colaboración coa Federación Galega de Natación para asegurar que situacións como estas non se volven dar.

Ademais de todo isto, somos coñecedores tamén de problemas coa disciplina de natación artística, algo que preocupa en gran medida á Federación Galega de Natación e que a Secretaría Xeral para o Deporte debería solucionar.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG cremos que o apoio do Goberno galego á natación, ao waterpolo, á natación artística e ás disciplinas en augas abertas debe ser maior e por iso apelamos a que se teñan en conta as nosas reclamación e se traballe seriamente en prol das e dos deportistas que practican deportes rexidos pola Federación Galega de Natación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Aumentar a achega destinada á Federación Galega de Natación por parte da Xunta de Galiza como mínimo o correspondente ao IPC para a vindeira anualidade.
2. Contemplar no convenio coa Federación Galega de Natación a disciplina de natación artística con orzamento específico para a/o profesional adestrador.
3. Traballar en colaboración coa Federación Galega de Natación para tentar aumentar o número de árbitros de waterpolo en Galiza antes da fin da XII lexislatura”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/06/2025 13:14:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/06/2025 13:14:58

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2025 13:15:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:16:53
Nº Rexistro: 26947
Data envío: 06/06/2025 13:16:53,947

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:16:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:16:53
Nº Rexistro: 26947
Data envío: 06/06/2025 13:16:53,947

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a desatención ás persoas residentes na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia asistida de maiores de Oleiros adoita ser obxecto de diversas queixas, mais nos últimos tempos tanto a atención como as infraestruturas parecen estar no seu peor momento.

Os traballadores e traballadoras protestan pola falta de persoal para atender correctamente as persoas residentes, ademais dun empeoramento xeneralizado da súa situación por decisións tomadas pola Consellaría de Política Social, como por exemplo, a de acoller en residencias de maiores persoas con perfís diferentes, sen que os centros nin o persoal estean axeitadamente preparados para isto, o que redunda nunha atención deficitaria para todos os perfís de persoas residentes e en situacións extremadamente difíciles para o persoal.

Alén diso, as familias tamén protestan pola atención moi deficitaria ás persoas residentes:

- Alimentación non correctamente adaptada ás diferentes necesidades de cada persoa.

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:43
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:42
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Escaseza case absoluta de actividades de dinamización para manter activas as persoas residentes (só se realizan actividades en horario de mañá, o que fai que pasen un gran número de horas sen ningún tipo de estímulo, tan necesario especialmente para determinados perfís e patoloxías).

- Desleixo na hixiene das persoas máis dependentes, seguramente relacionado coa cantidade insuficiente de persoal coidador.

- Falta de información ás familias en relación coa situación das persoas residentes.

- Problemas de seguridade relacionados coa mestura de diferentes perfís sen un criterio claro e axeitado á realidade de cada residente.

- Escaseza de espazos de esparcemento ao aire libre.

- Falta absoluta de coidado e mantemento dos espazos de uso común, especialmente de aqueles que se atopan ao aire libre.

Os e as residentes deste tipo de centros precisan unha atención coidada e axeitada ás súas necesidades, polo que consideramos que é preciso facer un seguimento para verificar se a situación actual da atención na RAMO de Oleiros é correcta, se se están a recibir queixas de persoas usuarias, traballadoras e familias e como se están a encamiñar as mesmas, ademais de coñecer se a Consellaría de Política Social está a facer o imprescindible papel de seguimento e control.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación coa residencia asistida de maiores de Oleiros, a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Inspeccionar a residencia para detectar posíbeis deficiencias na alimentación e na atención sanitaria e xeral.

- Informar das queixas recibidas das familias dos e das residentes.

- Corrixir a situación da alimentación dos e das residentes.

- Corrixir as eivas na atención á saúde dos e das residentes.

- Corrixir as eivas de atención e dinamización para mellorar a calidade de vida das persoas residentes.

- Corrixir a situación de saturación do persoal.

- Acondicionar os espazos ao aire libre que utilizan as persoas residentes.

- Aumentar a seguridade dos espazos de uso común.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/06/2025 13:42:50

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 13:43:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:43:59
Nº Rexistro: 26952
Data envío: 06/06/2025 13:43:59.961

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:44:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:43:59
Nº Rexistro: 26952
Data envío: 06/06/2025 13:43:59.961

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila**, e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade urxente de tomar as medidas precisas para conseguir o éxito escolar entre o alumnado da comunidade xitana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de maio, representantes da Fundación Secretariado Gitano, entre a que se atopaba a súa Directora Xeral, Sara Jiménez, presentaban no Parlamento Galego a todos os grupos parlamentares un estudo realizado pola Fundación entre setembro de 2022 e setembro 2023. Todo un ano no que recabaron datos moi duros que mostran a situación educativa na que se atopa inmerso a maior parte do alumnado do Pobo Xitano.

Este estudo reflicte unha radiografía clara dunha brecha de desigualdade fronte ao resto do alumnado no Estado e tamén na Galiza; unha incorporación tardía e menor no sistema educativo; repetición de curso por primeira vez en idade moi temperá, xa en terceiro de primaria; alta taxa de abandono escolar na etapa secundaria, chegando ás etapas postobrigatorias en moi poucos casos.

Por outra banda, as familias xitanas temen que unha maior inmersión educativa dos seus fillos e fillas sexa incompatible co mantemento da súa identidade e formación como pobo; o nivel de instrución educativa nos fogares é baixo e dispoñen de menos recursos educativos, sobre todo no ámbito dixital.

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:48
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 06/06/2025 ás
13:48
Por Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia isto, estase a producir un cambio no seu pensamento e moitas familias teñen expectativas laborais que pasan por aumentar o seu nivel de estudos. A mocidade xitana quere mellorar as súas condicións de vida e as mulleres xitanas pulan con forza por acadar cambios que pouco a pouco calan na súa comunidade.

É evidente, polo tanto, que algo está a mudar na sociedade en xeral e na comunidade xitana en concreto, dándose as circunstancias necesarias para avanzar nunha maior inclusión deste alumnado nos centros educativos. Unha débeda social que debemos saldar canto antes para facer que todas as nenas, nenos e adolescentes xitanos poidan saír da situación de pobreza na que se atopan, mediante o avance no ámbito educativo e a inserción laboral posterior.

O sistema educativo galego, a través da aplicación da actual Lei de Educación, das directivas europeas de 2013, así como da Estratexia Nacional para a Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030, xunto coa aplicación de boas prácticas realizadas, no ámbito da inclusión e igualdade do alumnado xitano, en distintos centros educativos galegos, deben servir como base e impulso para conseguir os avances que precisan para mellorar estes datos de desigualdade absoluta con respecto ao resto do alumnado.

É fundamental trazar un plan de choque a longo prazo de apoio e reforzo ao alumnado xitano que permita reverter o fracaso e abandono escolar. Este plan debe corrixir a desigualdade e brecha educativa entre a mocidade xitana e o resto da mocidade.

Debe ser prioritario para a administración educativa, promocionar e difundir entre a comunidade os beneficios de escolarizar aos nenos e nenas no sistema educativo na primeira etapa de educación infantil, ofertar un servizo próximo ás súas vivendas, totalmente de balde e facendo un acompañamento dende o primeiro momento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, é absolutamente necesario rematar coa segregación do alumnado xitano nos centros educativos e poñer en marcha iniciativas que permitan coñecer entre o alumnado xeral a cultura, costumes e tradicións do Pobo Xitano. Só a través do coñecemento mutuo e da tolerancia podemos chegar a unha inclusión real do colectivo, sen esquecer aqueles recursos materiais e humanos que van permitir que realmente se avance.

A este respecto a Consellería de Educación ven de aprobar e publicar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril, polo tanto, agora a Consellería debe garantir que o profesorado as coñeza e as use.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Poñer en marcha un plan específico de orientación, apoio e reforzo educativo en todos os centros escolares galegos, continuado e a longo prazo para reverter a situación de fracaso e abandono educativo do alumnado xitano. Este plan, de carácter integral, debe conter medidas urxentes, continuadas no tempo e de calidade que garantan a equidade dentro dos dereitos fundamentais de todo o alumnado, tamén o xitano.

2.- Garantir a incorporación gratuíta de toda a poboación xitana á educación infantil, para evitar a desvantaxe educativa en idades temperás e compensar a situación na que se atopa boa parte da poboación xitana, dotando de prazas de 0 a 3 anos na proximidade das zonas nas que habita a comunidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Reverter a concentración e segregación educativa, poñendo en marcha políticas correctoras que aseguren unha distribución equilibrada do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa ou con necesidade específica de apoio educativo, garantindo unha ensinanza de calidade nunha contorna plural e diversa que evite situacións de concentración.

4.- Impulsar as Unidades Didácticas sobre Historia e Cultura do Pobo Xitano que presentou o pasado mes de abril, polo tanto, agora a Consellería debe garantir que, unha vez publicadas, o profesorado as coñeza e as use”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 13:48:21

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 13:48:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 26957
Data envío: 06/06/2025 13:50:27.196

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:50:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 26957
Data envío: 06/06/2025 13:50:27.196

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, José Manuel Mato Díaz, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

Desde Galicia levamos tempo insistindo na urxencia de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita (UPA) para que poidan seguir prestando as súas funcións. Actualmente a UPA conta con 342 efectivos fronte aos 500 que lle corresponderían, o que representa un déficit de máis do 30%.

Esta demanda foi un dos asuntos principais do encontro que mantiveron a principios deste ano entre o conselleiro de Presidencia, Diego Calvo e o ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska pero, pasado todo este tempo, seguimos sen resposta por parte do Goberno de España a quen lle corresponde reforzar este corpo policial en Galicia.

Como pode verse, a situación actual, lonxe de resolverse, parece cronificarse. De chegar o verán, a UPA pode verse obrigada a deixar de prestar algunha das súas funcións por falta de efectivos, que deberán ser asumidas por outras forzas de seguridade, que tamén están en precario.

A isto hai que engadir o risco de demora que implica o recente cese do secretario de Estado de Seguridade, Rafael Pérez, número dous do ministerio que era o interlocutor na negociación sobre a policía.

A falta de avances condiciona diariamente a actividade da UPA, que presta servizos presta servizos en materia de medio ambiente, incendios forestais, furtivismo, menores e violencia de xénero, así como de protección e vixilancia dos edificios da Xunta e as autoridades e tamén apoia ás demais forzas de seguridade do Estado e ás policía locais galegas. A falta de persoal afecta as catro sedes provinciais, á oficina de Vigo e á central en Santiago.

Outro factor relevante é que os efectivos da UPA teñen unha idade media próxima aos 50 anos. Este feito é determinantes porque cómpre embrar que o groso dos axentes nacionais que compoñen a UPA —policías, oficiais e inspectores— poden solicitar a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 05/06/2025 ás
18:37
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA

segunda actividade ao cumprir os 55 anos, xa que o seu traballo, á parte de entrañar riscos, supón un forte desgaste físico.

A carencia do persoal da UPA en Galicia pola negativa do Ministerio a aceptar os reforzos contrasta co feito de que o Goberno de España si acepta unha ampliación do corpo de Mossos d'Esquadra de 19.000 a 25.000 axentes. O compromiso de sumar 6.000 efectivos máis á policía catalá foi asumido polo Goberno central a esixencia de ERC, un dos partidos independentistas cataláns necesarios para a investidura de Pedro Sánchez.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España a urxente necesidade de completar o cadro de persoal da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA) para que poida seguir prestando as súas funcións en termos de seguridade eficiencia e sen verse obrigados a renunciar a ningunha función e, nesa liña, lembrar que segue pendente o compromiso de reforzar o corpo en Galicia cun mínimo de 50 axentes”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/06/2025 18:37:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40,230

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 18:39:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26909
Data envío: 05/06/2025 18:39:40,230

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 09/06/2025 16:29:03,860

Asinado o día 09/06/25
16:25
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego require de cambios nos modelos produtivos para acadar uns modelos mais sustentables, resilientes e con capacidade de adaptación aos retos ambientais sociais e económicos, cos que se enfrontan.

As persoas que se dedican á agricultura e gandería son as máximas interesadas en manter, conservar e protexer o seu entorno. Non so por ser o seu sustento económico senón que para eles e a súa forma de vida, e polo tanto en elo vai tamén o seu futuro.

Máis aló da agricultura convencional sostible e a agricultura ecolóxica hai que abrir novos escenarios de modelos de produción que permitan vivir do rural dun xeito máis comprometido dende o prisma da sostenibilidade e a calidade como e o caso da agrogandería rexenerativa.

A agricultura e gandería rexenerativa pon o foco na saúde do chan mellorando a súa calidade e aumentando a biodiversidade. Preservando os contornos naturais e humanizados. Este sistema fai que a agricultura e a gandería sexa mais resiliente ao cambio climático.

Con este tipo de prácticas estamos a mellorar a saúde do chan aumentando a materia orgánica e a súa capacidade para reter auga, o que converte aos

Asinado o día 09/06/2025 ás
16:25
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 09/06/2025 ás
16:25
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89847

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 09/06/2025 16:29:03.860

chans en máis fortes e resistentes a erosión. Reduce a pegada de carbono captando carbono do aire e do chan. Minimiza o uso de insumos químicos ao ter menos dependencia de fertilizantes e pesticidas. Acadando tamén produtos de maior calidade, aumenta as súas colleitas e reduce os gastos de produción, mellorando o benestar animal.

O Goberno de España dende o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación está a promover en Galicia e en Cataluña iniciativas neste senso cunha aportación de 104.823,6 € con cargo as axudas para o intercambio de coñecemento e actividades de formación e información de ámbito supraautonómico.

A Xunta de Galicia ten que apostar por este novo modelo de produción creando liñas de axudas para fomentar proxectos que aposten pola agrogandería rexenerativa. Ten que acompañar a estes proxectos de formación e información para os produtores, e de campañas de difusión para o coñecemento e recoñecemento das persoas consumidoras.

Este tipo de sistema integral de xestión agrícola centrado na mellora e rexeneración do chan, na conservación do entorno e como produción máis rendible está despertando moito interese por parte do sector primario.

Dende a Xunta de Galicia debe ser proactivo e promover e incentivar técnicas de produción baseadas nos principios da agricultura rexenerativa. Coa rotación e alternancia de cultivos, con cultivos de cobertura. Con boas prácticas de manexo como minimizar o arado ou a utilización de compostaxe.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89848

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 09/06/2025 16:29:03.860

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha liña de axudas para o fomento deste novo modelo de produción e contribuír así a un cambio de modelo produtivo cara a agrogandería rexenerativa, para os que queren transformar as súas explotacións como os que se inicien no sector primario.
2. Incidir en programas e xornadas formativas para mellora a capacitación do persoal buscando a profesionalidade do sector. E permitir a transferencia do coñecemento sobre as practicas rexenerativas.
3. Fomentar a investigación sobre técnicas rexenerativas e o seu impacto no medio ambiente utilizando os recursos e instrumentos dos que xa dispón a Xunta de Galicia como o CIAM.
4. Potenciar o uso de sementes orgánicas, de maior resistencia e outros insumos necesarios, aproveitando o banco de xermoplasma de Mabegondo.
5. Realizar campañas de difusión e divulgación para aumentar a demanda de produtos de este sistema de produción.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89849

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/06/2025 16:25:26

Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/06/2025 16:25:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/06/2025 16:25:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 09/06/2025 16:29:03,860

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/06/2025 16:29:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26986
Data envío: 09/06/2025 16:29:03,860

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:55
Nº Rexistro: 27069
Data envío: 10/06/2025 13:21:55.376

Asinado o día 10/06/2025 ás 13:19
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o ‘Bono Actívate’ prometido en campaña pola Xunta de Galiza e os motivos de non ter sido publicado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro de 2024, concretamente nos días previos á xornada electoral na cal as galegas e galegos escolleron as deputadas e deputados do Parlamento de Galiza, o titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, prometía o denominado ‘Bono Actívate’. Unha axuda que o presidente da Xunta prometeu mais que, até o de agora, non se publicou nin se convocou.

Segundo anunciaba o señor Rueda, tratábase dun bono destinado a persoas maiores de 65 anos que tiña como obxectivo principal contribuír a favorecer a práctica deportiva neste sector da poboación do noso país. Estaría dotado cunha contía de 100 euros para as persoas ás que lle for concedido e poderíase destinar a varios fins, entre eles pagar as cotas dun ximnasio, clases deportivas ou de educación física ou mesmo material deportivo. Máis dun ano despois nada se sabe desta promesa feita en plena campala electoral polo presidente do Goberno galego.

Aconteceu algo semellante, por tanto, ao acontecido co denominado ‘Bono Deporte’, un bono que si foi convocado a comezos de 2024 (semanas antes do día das eleccións) mais que, unha vez pasado o ano electoral, a Xunta deixou de convocar tal e como se puido saber após a publicación dos orzamentos da Xunta para o ano 2025. Esta

Asinado o día 10/06/2025 ás 13:19
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 10/06/2025 ás 13:19
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

maneira de actuar do actual goberno de Galiza só vén a corroborar o uso electoralista que se fai do deporte e da actividade física por parte do Partido Popular á fronte da Xunta, tal e como o Grupo Parlamentar do BNG vén denunciando ao longo desta XII lexislatura.

Compróbase máis unha vez que ao goberno do noso país non lle interesa a promoción da actividade física e de hábitos de vida saudábeis entre a cidadanía, senón que só usa bonos e anuncios de bonos que nin sequera se chegan a convocar para tentar sacar rédito electoral. Apelamos así ao PP e ao goberno galego a que deixen de usar o deporte desta maneira e que dunha vez por todas tomen coa seriedade que merece a promoción da actividade física neste país que, infelizmente, adoece de ser unha nación cun elevado índice de persoas con obesidade e sobrepeso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Convocar no prazo de tres meses o ‘Bono Actívate’ tal e como foi prometido pola Xunta de Galiza en febreiro de 2024.
2. Garantir que o acceso á práctica do deporte e da actividade física en Galiza sexa universal entre toda a poboación galega.
3. Elaborar e consensuar cos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento galego as medidas necesarias para reducir os elevados índices de sobrepeso e obesidade en Galiza.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 10/06/2025 13:19:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/06/2025 13:19:43

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 13:19:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:55
Nº Rexistro: 27069
Data envío: 10/06/2025 13:21:55.376

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:21:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:21:55
Nº Rexistro: 27069
Data envío: 10/06/2025 13:21:55.376

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A Xunta de Galicia vén de aprobar a Estratexia de Inclusión Educativa de Galicia, EduInclusión 2030, como mostra do seu compromiso cun modelo educativo inclusivo, equitativo e de calidade, que garanta o acceso, a participación e o éxito de todo o alumnado, con independencia das súas circunstancias persoais, sociais ou culturais. Esta estratexia estrutúrase en seis eixes complementarios e aborda, de forma transversal, actuacións dirixidas ao alumnado, profesorado e familias.

Entre as medidas que recolle, figura a posta en marcha dunha experiencia piloto denominada "Impulso Mentor", orientada especificamente ao alumnado de etnia xitana, co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento educativo e persoal. Esta iniciativa supón un paso máis no traballo da Xunta de Galicia a favor da inclusión educativa deste alumnado, que reforza as xa existentes, entre elas, unhas recentes unidades didácticas sobre o pobo xitano, destinadas a promover o coñecemento da súa historia e riqueza cultural dentro da aula e a loitar contra calquera estereotipo ou prexuízo que aínda poida existir.

Recentemente, deputados do Grupo Popular mantiveron unha xuntanza con representantes da Fundación Secretariado Xitano na que se valorou de forma positiva o labor desenvolvido pola Xunta de Galicia neste materia, precisamente no ano en que se conmemora o 600 aniversario da chegada do pobo xitano á Península Ibérica.

Desde o Grupo Popular consideramos oportuno seguir avanzando por esta vía, con políticas activas de inclusión educativa que contribúen a avanzar cara a unha sociedade máis xusta, diversa e cohesionada. Cómpre lembrar que Galicia xa é un referente a nivel estatal co ensino máis equitativo e inclusivo do Estado, tal e como establecen as estatísticas oficiais do Ministerio de Educación e do informe PISA.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir reforzando as liñas de actuación dirixidas a favorecer o desenvolvemento educativo e persoal do alumnado de etnia xitana, promovendo a súa inclusión e loitando contra os prexuizados e estereotipos que aínda poidan existir”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/06/2025 13:32:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:35:20
Nº Rexistro: 27075
Data envío: 10/06/2025 13:35:20.728

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 13:35:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 13:35:20
Nº Rexistro: 27075
Data envío: 10/06/2025 13:35:20.728

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:13
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, para instar a Conselleira de Economía, Industria e Innovación a reunirse co comité de empresa de Faurecia Ourense.

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:12
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planta de Faurecia, agora integrada no grupo Forvia tras a fusión con Hella en 2022, situada no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, en Ourense, constitúe un pilar fundamental da industria automotriz galega e un motor económico para Ourense. Dende a súa implantación, esta factoría especializouse na fabricación de compoñentes plásticos para interiores de automóbiles, como taboleiros de bordo, guarnicións, paneis de porta e ebanisterías, abastecendo a grandes grupos automobilísticos como Stellantis (Peugeot, Citroën, Opel, Fiat) e Renault.

A planta, que chegou a empregar a preto de 600 traballadores en momentos de plena actividade, consolidouse como un referente de competitividade e innovación no sector, obtendo certificacións de calidade que avalan a súa excelencia en xestión ambiental e calidade.

A importancia de Faurecia Ourense vai máis alá do seu impacto económico directo. A factoría contribuíu significativamente á xeración de emprego estable na provincia, á dinamización do tecido industrial local e ao fortalecemento da cadea de valor do sector da automoción en Galiza. En 2015, dende a Xunta de Galiza destacou a fábrica

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:12
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

como “exemplo de competitividade” e “motor de emprego industrial”, recoñecendo o seu papel clave no crecemento das exportacións e da produción industrial galega. Asemade, a empresa beneficiouse de achegas públicas, recibindo millóns de euros en subvencións do Estado e da Xunta nos últimos anos, o que subliña o compromiso público co seu desenvolvemento.

Porén, a planta de Faurecia Ourense enfróntase actualmente a unha situación de incerteza que ameaza a súa viabilidade a medio e longo prazo. A perda do proxecto PX1/PH1, unha adxudicación clave para a produción de compoñentes para novos modelos de Stellantis, debido á deslocalización da produción a países con menores custos laborais, supuxo un duro golpe para a fábrica. Esta decisión, xunto coa finalización prevista en 2027 do proxecto P24 (produción de pezas para o Peugeot 2008), provoca a incerteza sobre a actividade da planta a partires de 2028, poñendo en risco preto de 300 postos de traballo. A redución de 27 empregos anunciada en febreiro de 2025, como consecuencia da baixada de produción de Stellantis, é un reflexo dos desafíos globais do sector, marcados pola transición á mobilidade eléctrica e a presión por reducir custos.

O comité de empresa vén manifestando a súa preocupación pola falla de concreción de proxectos que garantan a continuidade da planta.

Todo o anterior levou ao BNG, ao Comité de Empresa e a diferentes asociacións sindicais a reclamar a implicación das administracións públicas e a elaboración dun plan estratéxico a longo prazo que asegure o emprego e a competitividade industrial e empresarial. No caso concreto de Faurecia vense denunciando a falla de apoio político, reclamándose a implicación institucións públicas, incluída a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de industria, para abordar esta crise e evitar un impacto devastador na economía local. A Xunta de Galiza nin sequera respostou á solicitude de reunión realizada polo Comité de Empresa.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A automoción galega, e en particular a planta de Faurecia Ourense, atópase nun momento complicado. A deslocalización, a falta de novos proxectos e os axustes laborais esixen unha resposta urxente e decidida. A Xunta de Galiza ten a responsabilidade de liderar un diálogo construtivo co comité de empresa, a dirección de Forvia e outros axentes implicados, para explorar alternativas que preserven o emprego e impulsen a reindustrialización de Ourense.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Reunirse de forma urxente co comité de empresa de Faurecia Ourense para coñecer da situación da planta e as demandas dos traballadores.
2. Promover un plan de acción conxunto entre a Xunta de Galiza, a dirección de Forvia e os representantes sindicais para garantir a viabilidade da planta de Faurecia Ourense máis alá de 2027, incluíndo a captación de novos proxectos e o fortalecemento da competitividade do sector automotriz na zona
3. Reforzar o compromiso da Xunta de Galiza coa industria ourensá, adoptando medidas que eviten a deslocalización e fomenten a creación de emprego estable na provincia.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/06/2025 16:12:38

Noa Presas Bergantiños na data 10/06/2025 16:12:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/06/2025 16:13:00

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/06/2025 16:13:11

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:13:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:15:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27083
Data envío: 10/06/2025 16:15:59.128

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa ás medidas a tomar para que o CEIP de Rubiáns no concello de Vilagarcía teña un horario igual que o resto de centros do concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, leva anos reivindicando que o seu centro conte cuns horarios lectivos decentes que permitan o desenvolvemento da súa actividade de xeito que tanto crianzas coma familias poidan levar á cabo o seu día a día nun contexto favorábel, que permita a conciliación de toda a comunidade educativa e unha xornada libre de stres e présas para as crianzas.

Dende o ano escolar 2007-08 o CEIP de Rubiáns conta cuns horarios diferentes aos do resto dos centros de ensino público de Vilagarcía: Á súa hora de entrada é as 9.50, o cal provoca que as familias se vexan obrigadas por tema de conciliación a tirar de outras persoas que trasladen aos seus fillos e fillas tanto ao centro escolar coma á parada de autobús. Ademais, debido precisamente ao horario de inicio das aulas, o centro conta unicamente cun Plan Madruga que non cubre o horario que as familias realmente precisan, o cal provoca que o seu uso non sexa moi factíbel impedindo unha conciliación real.

Ao remate das clases, ás 14.50, vólvese dar unha situación indesexábel, xa que as crianzas usuarias do servizo de comedor contan con tan só media hora para comer, a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

cal todas e todos podemos entender que non é media hora real entre que chegan, colócanse e lles serven o xantar, para logo saír correndo para coller o autobús.

Falamos polo tanto de nenas e nenos que vense obrigados a Xantar nun espazo de tempo de entre 15 e 20 minutos de tempo, establecendo así uns hábitos de alimentación nada saudábeis e en contra do establecido e recomendado polos especialistas en nutrición e dietética

É indignante que a programación lectiva se leve a cabo única e exclusivamente en función do servizo de autobús, que comparten con alumnado doutros centros vilargarciáns. Vemos como a vida de toda unha comunidade educativa vese modificada simplemente por meros motivos económicos.

Unha das condicionantes máis claras do horario dos centros escolares galegos é o orzamento que a Xunta está disposta a destinar ao transporte escolar. É habitual ver horarios en centros educativos sen sentido, especialmente comparados con centros próximos, para aproveitar os mesmos buses en varios centros. Tal é a supeditación da educación ao transporte escolar, que a propia normativa para cambio de horarios non obedece á vontade da comunidade escolar senón ás contas do transporte escolar, podendo deixar sen efecto calquera proposta de cambio, por moi sensato que este sexa e aínda que conte con criterios pedagóxicos que o avalen e co apoio unánime da comunidade educativa.

Dende o BNG temos claro que o posicionamento da Xunta e a súa negativa deixa claro cales son as prioridades do goberno galego, vinculando os investimentos en educación a criterios económicos como é o de non autorizar un incremento do gasto en transporte, mentres que por outra parte subvenciónanse e promóvense centros de educación privados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A demanda é clara, dotar ao centro dun horario de 9.15 a 14.15 h coma o resto dos centros de Vilagarcía, e facilitarlle un servizo de autobús acorde ao mesmo, xa que entendemos que esta debería ser a lóxica habitual, que o servizo de buses se adapte ao centro e non á inversa.

É o momento propicio para levar a cabo dita acción, xa que se vai producir o remate do contrato coa concesionaria actual. Co cal sería perfectamente factíbel que a Xunta lle esixa á nova concesionaria que poña as liñas, o persoal e os recursos precisos para dotar ao centro dun servizo axeitado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta a proceder a modificar o horario lectivo do CEIP de Rubiáns, no concello de Vilagarcía, pasando do actual de 9.50 a 15.30h a un de 9.15 a 14.15h. Para o cal incluírá este horario na nova licitación para a concesión do transporte para este centro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2025 16:31:54

Cristina Fernández Davila na data 10/06/2025 16:32:01

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:32:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:34:01
Nº Rexistro: 27085
Data envío: 10/06/2025 16:34:01.877

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:34:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:34:01
Nº Rexistro: 27085
Data envío: 10/06/2025 16:34:01.877

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:52
Nº Rexistro: 27091
Data envío: 10/06/2025 16:40:52.171

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:37
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os meses de verán, a comarca do Salnés experimenta un notable incremento de poboación debido ao auxo do turismo.

Por exemplo, segundo datos recentes, no mes de agosto de 2024 rexistráronse máis de 880.000 desprazamentos, con picos de presenza en Sanxenxo que superaron as 170.000 persoas, moi por enriba da súa poboación habitual.

Este aumento estacional supón unha forte presión sobre as infraestruturas e servizos públicos, especialmente sobre o sistema sanitario, que non está dimensionado para absorber este incremento puntual da demanda asistencial.

O Hospital do Salnés e os centros de saúde da comarca vense sometidos a unha elevada carga de traballo, tanto na atención primaria como nos servizos de urxencias.

Polo que resulta evidente que se fai necesario un reforzo estacional dos recursos sanitarios, que garanta unha atención de calidade tanto á poboación residente como á poboación visitante, evitando situacións de colapso, saturación ou risco para a saúde pública.

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:37
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 10/06/2025 ás 16:37
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89870

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:52
Nº Rexistro: 27091
Data envío: 10/06/2025 16:40:52.171

Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que é urxente que o goberno da Xunta poña en marcha un sistema de reforzo sanitario para a época estival na comarca do Salnés como medida imprescindible para garantir unha atención médica digna e eficaz durante os meses de maior afluencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á elaboración e aprobación urxente dun plan sanitario estival para a comarca do Salnés, coordinado pola Consellería de Sanidade e pola Xerencia da Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés, coa participación activa dos concellos afectados, que contemple medidas como:

- a) Reforzo temporal de persoal sanitario (médicos/as, persoal de enfermaría, técnicos/as de urxencias, celadores/as, etc.) durante os meses de maior afluencia (xullo e agosto), tanto para o Hospital do Salnés como os centros de saúde e PACs da comarca.
- b) Dotación de recursos móbiles adicionais, como:
 - Unha segunda ambulancia medicalizada para o conxunto da comarca, debido ao aumento poboacional durante o período estival, mantendo durante todo o ano a que ten como base o Hospital do Salnés e podendo variar a base desta segunda ambulancia en función dos criterios asistenciais.
 - Un Punto de Atención Continuada (PAC) móbil para eventos de alta concentración.
- c) Ampliación dos horarios de atención nos centros de saúde durante o verán, adaptándose á demanda real das persoas usuarias.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:52
Nº Rexistro: 27091
Data envío: 10/06/2025 16:40:52.171

- d) Campañas de información cidadá e mellora da coordinación intermunicipal, co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles e derivar correctamente a demanda asistencial.
- e) Seguimento e avaliación anual do plan, co obxectivo de mellorar progresivamente a resposta sanitaria estival segundo os datos e resultados obtidos.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89872

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/06/2025 16:37:27

Elena Espinosa Mangana na data 10/06/2025 16:37:37

Silvia Longueira Castro na data 10/06/2025 16:37:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/06/2025 16:37:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:52
Nº Rexistro: 27091
Data envío: 10/06/2025 16:40:52.171

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:40:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:40:52
Nº Rexistro: 27091
Data envío: 10/06/2025 16:40:52.171

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta mudar o modelo educativo actual por cumprir o mandato da Lei de normalización lingüística no curso 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos do último informe do IGE foron contundentes: a perda de galegofalantes acelérase a respecto do uso e agora tamén en relación á competencia: 1 de cada 4 menores de 14 anos recoñece que non sabe falar nada ou case nada en galego.

Deste xeito conclúse que o goberno da Xunta non está a cumprir co mandato da Lei de normalización lingüística que regula a obriga de conseguir competencia en galego e castelán no fin da escolaridade obrigatoria.

As causas son diversas, mais todas as fontes autorizadas apuntan a un elemento común: a función desgaleguizadora da escola desde a imposición unilateral do Decreto 79/2010 do plurilingüismo que, 16 anos despois, cumpriu os seus obxectivos políticos contrarios á función normalizadora: avanzar no proceso de substitución lingüística do galego e, consecuentemente, no monolingüismo en castelán.

A Real Academia Galega fixo pública unha declaración institucional após estudar con detalle a enquisa do IGE. As conclusións son contundentes: “Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado do plurilingüismo de 2010 e en





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do monolingüismo en castelán e diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso”.

A RAG tamén expón que este “proceso de substitución lingüística gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século (...) un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma”.

Consonte os resultados de diferentes estudos elaborados pola RAG ao longo dos últimos anos que xa viñan concluíndo o efecto desgaleguizador do ensino, de novo a máxima institución do estudo da lingua ratifica que “o modelo educativo actual non está cumprindo o mandato da Lei de normalización lingüística” a respecto da consecución da dobre competencia en galego e castelán ao final da escolaridade obrigatoria.

Finalmente, malia toda a sociedade galega ser parte da situación lingüística actual, a RAG sinala que o responsábel fundamental “é quen detén o goberno e dispón, xa que logo dos mecanismos de actuación e planificación, A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego”.

Asemade, a primeira sesión do foro participativo Un país coa súa lingua que está desenvolvendo o Consello da Cultura Galega, centrado na educación e na socialización, concluíu que é preciso un cambio no modelo educativo que coloque o galego como lingua vehicular, conforme outros modelos e experiencias de éxito contrastado.

Un cambio de rumbo na política lingüística aplicada ao ensino que tamén están a demandar as múltiples entidades sociais que conforman a plataforma Queremos Galego, tal e como veu reclamando tamén o Comité de Expertos do Consello de Europa en sucesivos informes.

Transcorridos oito meses desde a publicación do informe do IGE, e após a celebración de dúas novas manifestacións históricas, convocadas pola plataforma Queremos Galego, que volven demostrar que a maioría social galega lle quere á súa lingua





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

e quere que teña futuro, o goberno segue sen deseñar un plan de actuacións no curto prazo co obxectivo de reverter a situación lingüística que colocou o galego nos peores datos da historia.

Desde o BNG partillamos a preocupación social e institucional por un futuro vivo e pleno para o galego, como tamén entendemos que é hora de recuperar o consenso que rompeu o PP en 2010 ao impoñer unilateralmente un marco legal na educación deliberadamente regresivo para a aprendizaxe e uso do galego.

É hora de a Xunta rectificar esta situación tan negativa para o galego agora que aínda é reversíbel, para o que propomos activar novas accións a favor do galego sen máis demora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a constituír unha mesa de diálogo participada polas organizacións políticas e sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, universidades, entidades de referencia na defensa do idioma e as institucións académicas e estatutarias que teñen o coñecemento sobre a lingua, para poñer en marcha un novo decreto no ensino no vindeiro curso escolar 2025-2026 co obxectivo de cumprir o mandato da Lei de normalización lingüística.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/06/2025 16:49:49

Iria Taibo Corsanego na data 10/06/2025 16:49:55

Daniel Castro García na data 10/06/2025 16:50:05

Cristina Fernández Davila na data 10/06/2025 16:50:11

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:50:18



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:51:35
Nº Rexistro: 27097
Data envío: 10/06/2025 16:51:35.454

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:51:37

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego leva anos denunciando os problemas da atención sanitaria no concello de Catoira, anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida da veciñanza deste concello, coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que a falta de persoal é unha constante, ao non proceder á súa substitución ben sexa cando están en situación de ILT, vacacións ou permisos, o que ten como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

As veciñas e veciños de Catoira, co seu Goberno municipal á fronte, denuncian que levan semanas cunha situación crítica e inaceptábel, ao só contar cunha facultativa con redución de xornada e que ademais fai gardas e polo tanto libra ao día seguinte, situación que se vai manter como mínimo un mes máis, sen que haxa ningunha garantía de que pasado este tempo o Sergas aporte ningunha solución.

As crianzas pasaron de ter atención pediátrica catro días á semana a tela só un día, no mellor dos casos, sendo moi habitual que nin iso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son moi graves, ao quedar sen atención médica, tendo que desprazarse até Vilagarcía, só en caso de urxencias, non tendo posibilidade de solicitar cita para cuestións non urxentes.

A veciñanza de Catoira está alarmada diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente. Está farta de que o PP, poña en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais no centro de saúde ou de que non estean saturados os servizos de urxencias.

Por todo isto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a:

1.- Substituír de inmediato as ausencias do persoal do Centro de Saúde de Catoira tanto nas ILTs, nas súas licenzas como vacacións, para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel.

2.- Restituír a atención pediátrica, como mínimo, os catro días á semana que se prestaba”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2025 16:56:28

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2025 16:56:44

Ana Pontón Mondelo na data 10/06/2025 16:56:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:58:36
Nº Rexistro: 27098
Data envío: 10/06/2025 16:58:36,595

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 16:58:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 16:58:36
Nº Rexistro: 27098
Data envío: 10/06/2025 16:58:36.595

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as subvencións do programa de mellora de accesibilidade en e ás vivendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas con código de procedemento VI435B foi convocado no ano 2024, mediante un procedemento de concorrência non competitiva. Como é norma nas subvencións en materia de vivendas, esta forma de proceder limita a eficiencia social destas axudas. Mais neste caso aínda resulta se cabe máis grave que non se teñan en consideración cales son as condicións específicas e persoais que poden condicionar un problema de accesibilidade á hora de conceder unha subvención orientada a tal fin. De forma que a única condición esixible para solicitar a subvención é que a vivenda constitúa o domicilio habitual, sen que se entre a valorar a problemática concreta e a súa urxencia, nin tampouco se valore unha especial urxencia ao tramitar todas as solicitudes por orde cronolóxica de solicitude. Apenas se teñen en conta condicións específicas que afectan á accesibilidade á hora de establecer a porcentaxe da actuación que será subvencionable: un 60% da actuación con carácter xeral e un 80% no caso de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Asinado o día 10/06/2025 ás
17:36
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 10/06/2025 ás
17:36
Por Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda a Xunta de Galiza anunciou que na convocatoria de 2024 estimaba outorgar 1.350 subvencións cun crédito orzamentario total de 9.423.000 euros distribuídos da seguinte forma:

Anualidade	Aplicación	Importe
2024	06.81.451A.770.1	76.000 €
	06.81.451A.780.0	2.500.000 €
2025	06.81.451A.770.1	47.000 €
	06.81.451A.780.0	6.800.000 €

Posteriormente, o 15 de xullo de 2024 foi publicado no DOG unha resolución para a ampliación da dotación orzamentaria en 1.527.366,38 euros distribuídos da seguinte forma:

	Anualidade 2024	Anualidade 2025
06.81.451A.770.1	50.000,00 €	50.000,00 €
06.81.451A.780.0	788.676,11 €	638.690,27 €

Por tanto para a anualidade de 2024 esta subvención contaba cunha dotación de 126.000€ na partida 06.81.451A.770.1 e 3.288.676,11€ na partida 780.0. Porén nas contas de 2024 rexístrase para a primeira (770.1) logo das modificacións orzamentarias un crédito vixente de 332.557,66€, uns gastos comprometidos de 23.429,14€ e unhas obrigas recoñecidas de 7.989,14€. No caso da segunda partida (780.0) logo das modificacións orzamentarias tiña 7.528.391,96€ de crédito vixente e unha execución de 2.956.484,09€.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A convocatoria de 2025 foi dotada con 5,3 millóns de euros co que agardaban alcanzar as 750 actuacións. Á vista de que xa finalizou o prazo para a solicitude da axuda tamén cómpre que o goberno dea explicacións sobre a xestión da actual convocatoria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta a deseñar un Plan propio de mellora da accesibilidade en Galiza dotada de instrumentos e orzamento suficiente para garantir unha resposta áxil ante situacións de urxencia, desenvolver unha estratexia a longo prazo na transformación e mellora do nivel de accesibilidade do parque inmobiliario galego e garantir a accesibilidade de todos os inmobles públicos da súa propiedade”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2025 17:36:41

Luis Bará Torres na data 10/06/2025 17:36:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 17:40:39
Nº Rexistro: 27107
Data envío: 10/06/2025 17:40:39.782

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 17:40:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 17:40:39
Nº Rexistro: 27107
Data envío: 10/06/2025 17:40:39.782

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a contaminación da praia de Barrañán (Arteixo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro de Augas de Baño de Galiza inclúe entre a listaxe de lugares nos que está prohibido o baño, nos que a auga non supera o limiar de calidade, a praia de Barrañán, en Arteixo. Esta prohibición entrou en vigor o 1 de xuño e manterase todo o verán.

A Consellería de Sanidade fai análises da calidade da auga das praias e áreas recreativas para velar pola seguridade dos bañistas e evitar posíbeis contaminacións bacterianas entre as persoas usuarias destas áreas. De feito, en decembro de 2024 xa declarara a “prohibición permanente” de baño nesta praia.

A praia de Barrañán é un dos espazos naturais máis emblemáticos de Arteixo, recoñecida pola súa beleza paisaxística e polo seu valor ecolóxico, que é utilizada de xeito habitual pola veciñanza e por visitantes chegados doutros concellos. Porén, nos últimos anos estase a producir unha progresiva deterioración ambiental deste espazo debido á presenza recorrente de episodios de contaminación, seguramente procedentes do río Sisalde, que desemboca directamente na praia. Diferentes asociacións ecoloxistas e medios de comunicación locais advertiron da existencia de verteduras, que poderían





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ter orixe industrial ou proceder de deficiencias na rede de saneamento. A praia de Barrañán está situada na Rede Natura 2000, dentro do LIC Costa da Morte, feito que non impide que a contaminación provoque a prohibición de bañarse nela en diversas ocasións.

Esta contaminación ten graves consecuencias para os ecosistemas litorais e para a saúde pública, ademais de prexudicar a imaxe turística e ambiental de Arteixo. O goberno galego é responsábel da calidade da auga, polo que é imprescindible e urxente coñecer a orixe da contaminación da praia de Barrañán e pór medidas para corrixila.

Por outra banda, non se comprende que non exista sinalización que indique a prohibición do baño debido ao mal estado da auga, debido á gran cantidade de persoas que se achegan a esta praia de xeito habitual. A praia de Barrañán é moi frecuentada por persoas afeccionadas ao surf. A veciñanza da zona non é demasiado consciente da prohibición e, moito menos, as persoas chegadas de fóra, polo que a sinalización resulta imprescindible.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta a

1. Estudar a orixe da contaminación continuada na praia da ría de Barrañán.
2. Pór en marcha unha inspección integral do curso do río Sisalde, identificando todas as fontes de vertedura que vaian á praia de Barrañán.
3. Pór en marcha un estudo técnico independente sobre a calidade da auga na desembocadura do río Sisalde.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Sinalizar a prohibición do baño e a súa motivación, para informar axeitadamente e protexer as persoas que queiran face uso da praia da ría de Barrañán”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 10/06/2025 18:08:24

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/06/2025 18:08:35

Luis Bará Torres na data 10/06/2025 18:08:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 18:12:01
Nº Rexistro: 27114
Data envío: 10/06/2025 18:12:01.554

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/06/2025 18:12:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/06/2025 18:12:01
Nº Rexistro: 27114
Data envío: 10/06/2025 18:12:01.554

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre a demanda de recuperar especies de bivalvos na Ría do Burgo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2024 rematou o proxecto da denominada rexeneración da Ría do Burgo. A recepción da obra fíxose sen que esta estivera correctamente concluída, mais unha das principais preocupacións é que os traballos que se levaron a cabo durante a dragaxe poidan condicionar o futuro da propia Ría.

Entre outros problemas, en concreto, as especies sementadas resultan insuficientes para garantir o futuro económico e ambiental da Ría do Burgo. A participación da Xunta de Galiza en todo o proceso de rexeneración da Ría foi practicamente inexistente, polo que neste momento é preciso que o goberno galego, que ten a competencia no ámbito marisqueiro, a exerza e asuma a súa responsabilidade na garantía de futuro para as persoas que aínda continúan a vivir desta actividade na Ría do Burgo. Na actualidade, trátase de apenas 70 persoas, mais sementar especies autóctonas resulta imprescindible para dar continuidade a longo prazo á actividade marisqueira e avanzar no proceso de recuperación ambiental da Ría.

Na actualidade, non é posíbel sementar novas unidades de ningún tipo de bivalvo con cargo ao proxecto de Dragaxe Ambiental dos Sedimentos da Ría do Burgo, polo que demandamos que, atendendo á competencia da Xunta de Galiza no ámbito do marisqueo, esta institución se faga cargo de sementar as especies autóctonas de ameixa. Este é o único

Asinado o día 11/06/2025 ás
10:40
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 11/06/2025 ás
10:40
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xeito de recuperar a produtividade plena da Ría do Burgo e de garantir a continuidade da actividade marisqueira. Trátase dunha demanda imprescindible, tanto desde o punto laboral como ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a sementar ameixa fina na Ría do Burgo, para recuperar a produtividade da ría e garantir a súa sostibilidade produtiva e ambiental.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 10:40:08

Rosana Pérez Fernández na data 11/06/2025 10:40:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 10:42:20
Nº Rexistro: 27139
Data envío: 11/06/2025 10:42:20.251

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 10:42:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 10:42:20
Nº Rexistro: 27139
Data envío: 11/06/2025 10:42:20.251

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación de extrema vulnerabilidade na que se atopan persoas en situación de exclusión social ou risco de a padecer en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o G.P. do Bloque Nacionalista Galego mantivemos un encontro con integrantes do grupo Acubillo. Un grupo que integra de persoas migrantes e nadas en Galiza que se atopan en situación de extrema vulnerabilidade pola falta de ingresos e, especialmente, pola falta de acceso a unha vivenda digna.

Na xuntanza mantida, puidemos coñecer de primeira man as súas experiencias persoais que describen unha complexa realidade compartida por centos, milleiros de persoas en toda Galiza.

Especialmente gravosa é a situación das persoas migrantes que se atopan á espera de obter unha primeira cita nos servizos de estranxeiría. Concretamente, un dos integrantes do grupo Acubillo, Euro, trasladounos listas de espera de até 3 anos para obter unha primeira xuntanza que lle permita saír do limbo administrativo no que se atopa como solicitante de protección internacional.

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:33
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:33
Por Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ese limbo déixao a el, e con el ao seu fillo, sen a posibilidade de poder traballar, sen ingresos nin posibilidade de obter unha prestación económica e mesmo con dificultades para recibir atención sanitaria gratuíta.

Porén, non só persoas migrantes como Euro, tamén outras con permiso de residencia e cidadás nadas en Galiza atopan atrancos no marco lexislativo e administrativo que empeoran as súas precarias vidas.

Faise pois imprescindible revisar a normativa vixente en Galiza –tamén a nivel estatal– para garantir de maneira real e efectiva o dereito fundamental de calquera persoa a unha vida digna.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a presentar antes de rematar o actual período de sesións a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para impulsar, entre outras, as seguintes medidas:

1. A creación dunha Renda galega de inclusión social e laboral concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fiquen na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais. A Renda galega de inclusión social e laboral contemplará dúas modalidades de prestación:

a) a renda básica de inclusión social e laboral, dirixida a aquelas persoas que non dispoñan de ingresos procedentes de rendas do traballo e cuxo nivel de ingresos non chegue ao mínimo para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas. Esta prestación estará suxeita a un convenio de inclusión social e laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a renda complementaria de ingresos do traballo, dirixida a aquelas persoas ou unidades de convivencia que, dispoñendo de ingresos procedentes do traballo, contan cun nivel mensual de ingresos insuficientes para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas.

Así mesmo, crearase unha prestación complementaria de vivenda, entendida como un complemento a calquera das modalidades anteriores dirixido a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou

aloxamento habitual das persoas titulares das devanditas prestacións. As contías das prestacións económicas fixaranse en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI)

2. Incluirase na reforma da Lei de inclusión social a regulación da Tarxeta Básica como un recurso de emerxencia para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica que servirá de ponte para solicitantes doutras prestacións.

3. Diseñar programas específicos de loita contra a pobreza dirixidos a fogares, colectivos sociais e persoas vulnerabilizadas como familias monoparentais, persoas con difícil empregabilidade ou poboación migrante.

De igual maneira, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao Goberno español para lle reclamar unha solución inmediata e duradeira aos importantes atrasos que se están a producir nas Oficinas de Estranxeiría de Galiza na tramitación de documentos obrigatorios para as persoas migrantes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:35:21
Nº Rexistro: 27147
Data envío: 11/06/2025 11:35:21.452



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2025 11:33:17

Ariadna Fernández González na data 11/06/2025 11:33:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:35:21
Nº Rexistro: 27147
Data envío: 11/06/2025 11:35:21.452

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:35:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:35:21
Nº Rexistro: 27147
Data envío: 11/06/2025 11:35:21.452

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Hai persoas que, por ocupar un papel na retagarda se lles resta importancia, pero todos sabemos que non ten por que ser así. Moitas veces, detrás do primeiro plano, existen “enerxías” imprescindibles, sen as cales a máquina non avanza.

Este é o caso do profesor José Manuel Costas Capelo, vigués nado no “Camiño da Raposa”, no popular barrio de Coia e coruñés de adopción. Socio de honra de AETINAPE (Asociación Española de Titulados Náutico Pesqueiros) é un dos seus auténticos motores.

O seu recente falecemento espertou no mundo académico relacionado coa pesca e coa mariña mercante un fondo sentimento de orfandade e baleiro. Con todo, a súa figura e a importancia da actividade que desenvolveu en vida fai que conflúan nel numerosas razóns para recibir a maior homenaxe a unha impecable traxectoria profesional.

O capitán José Manuel Costas Capelo, obtivo o título da Escola Oficial de Náutica da Coruña en 1964. Nesa mesma cidade transcorreu a súa maior parte da vida académica, ao obter en 1971 a praza de profesor adxunto como profesor de Construción Naval. Previamente entre 1966 e 1971 navegou en diferentes buques mercantes.

En 1972 ingresou como profesor da Universidade Laboral Crucero Baleares da Coruña, como profesor de Navegación e Meteoroloxía, centro no que se xubilou

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:36
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:37:42
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 11/06/2025 11:37:42.754

como Catedrático de Navegación e Instalacións Mariñas, actividade que compaxinou coa docencia no IES Universidad Laboral de A Coruña.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Como profesor marcou o norte de moitas xeracións náutico-pesqueiras e proxectou a súa vocación marítima moito máis alá das aulas, pois a súa preocupación pola formación e a seguridade do persoal técnico foi o fundamento da súa vida. Milleiros de mariños mercantes e náutico-pesqueiros pasaron polas aulas deste gran capitán, extraordinario profesor e mellor persoa.

Recentemente a súa figura foi glosada no propio Parlamento de Galicia lembrando que inspirou coas súas propostas iniciativas sobre seguridade marítima que se atopan en estudo relacionadas coa sinalización das bateas, a prohibición de que os buques pesqueiros faenen e naveguen en condicións meteorolóxicas extremas, a necesaria incorporación de botes de rescate en substitución das balsas salvavidas para aqueles buques que faenen en augas xelidas, así como a substitución das bengalas con luces LED.

Tanto a través de iniciativas vinculadas á AETINAPE como con numerosos artigos publicados na revista deste entidade, Costas converteuse nunha das principais fontes de coñecemento do sector, a cuxa dimensión técnica contribuíu de xeito decisivo ao largo da súa vida.

Existe un convencemento xeral entre gran parte dos profesionais náutico pesqueiros de Galicia da importancia de render unha homenaxe respectuosa a este persoeiro que nos deixou de forma case repentina.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un acto de homenaxe en lembranza e recoñecemento de José Manuel Costas Capelo, no que se inclúa a elaboración dun busto ou placa conmemorativa, para salientar a súa importancia no sector náutico-pesqueiro e na mariña mercante de Galicia, así como na formación neste ámbito”.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/06/2025 11:36:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:37:42
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 11/06/2025 11:37:42.754

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:37:42
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 11/06/2025 11:37:42.754

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:37:43

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 11/06/2025
11:53
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Iria Taibo Corsanego** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, establece no seu Artigo 5:

“O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia”.

Este informe nunca foi remitido ao Parlamento Galego, senón que o goberno asumiu que podía substituílo por unha comparecencia do Secretario Xeral da Lingua. Porén, en 2024 non se produciu a devandita comparecencia, nin o goberno galego cumpriu a literalidade da Lei Valentín Paz-Andrade remitindo un informe do cumprimento da lei.

A marxe de mellora no cumprimento e avance desta Lei é moi ampla, tanto no que se refire á evolución da presenza do portugués no ámbito educativo ou no que ten que ver coa relación cos diferentes países de lingua portuguesa.

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:53
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta o goberno galego a cumprir o artigo 5.º da Lei Valentín Paz-Andrade, elaborando un informe sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei e remitíndoo ao Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 11:53:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/06/2025 11:53:10

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 11:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 11:56:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 11:56:39
Nº Rexistro: 27155
Data envío: 11/06/2025 11:56:39.458

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:13
Nº Rexistro: 27164
Data envío: 11/06/2025 12:50:13.928

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, a atención hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo é prestada polo Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), que ten como principais centros os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Este complexo dá cobertura a unha poboación de máis de 566.000 persoas, incluíndo os concellos de Cangas e Moaña, que suman máis de 46.000 habitantes.

Na contorna do hospital Meixoeiro tamén se atopan centros educativos como o CIFP Manuel Antonio, IES Ricardo Mella, CIFP Valentín Paz Andrade e a Escola Universitaria de Enfermería, así como residencias de maiores. Un gran número de persoas residentes no Morrazo, especialmente en Moaña, Cangas e tamén Bueu, desprázanse diariamente a Vigo por motivos laborais, formativos ou asistenciais.

A conexión mediante transporte público entre O Morrazo e os hospitais resulta, porén, ineficiente. A duración do traxecto actual, que pode chegar ata os 110 minutos, non permite cumprir cos horarios de entrada das quendas hospitalarias (15:00h e 22:00h), o que dificulta a asistencia puntual ao traballo e fomenta o uso de vehículos particulares. Este problema está a provocar o abandono do transporte público por parte dos usuarios.

A situación podería agravarse en xuño do 2025, coa previsión de obras na Avenida de Madrid en Vigo, que é parte do itinerario actual do autobús. Estas actuacións poderían causar importantes retrasos nos percorridos.

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Carlos López Font

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89914

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:13
Nº Rexistro: 27164
Data envío: 11/06/2025 12:50:13.928

Dada esta realidade, faise necesaria unha mellora da liña de transporte público, con percorridos máis directos e tempos de viaxe inferiores á hora. As administracións públicas deben garantir un sistema de mobilidade eficiente, sostible e accesible, que fomente o uso do transporte colectivo e dea resposta real ás necesidades da cidadanía da comarca do Morrazo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer unha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro, cunha duración estimada inferior a 1 hora.
2. Establecer liñas de transporte directo que cubran os horarios da tarde e da noite, como sucede no caso do horario das mañás.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89915

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 11/06/2025 12:37:08

Carlos López Font na data 11/06/2025 12:37:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 12:37:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:13
Nº Rexistro: 27164
Data envío: 11/06/2025 12:50:13.928

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 12:50:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:50:13
Nº Rexistro: 27164
Data envío: 11/06/2025 12:50:13.928

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:41
Nº Rexistro: 27170
Data envío: 11/06/2025 12:52:41.229

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **María del Carmen Rodríguez Dacosta** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A senda peonil Allariz–Alto de Taboadela constitúe unha infraestrutura clave para a mobilidade sustentable, a cohesión territorial e a mellora da calidade de vida da veciñanza dos concellos de Allariz e Taboadela, así como doutros núcleos próximos da comarca de Ourense. Esta senda foi concibida como un proxecto integral para facilitar o tránsito seguro de peóns e ciclistas, favorecendo o uso de medios de transporte non motorizados e promovendo hábitos de vida saudables.

Con todo, dende o ano 2017 permanece sen rematar un tramo central do itinerario, concretamente o comprendido entre os puntos quilométricos

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Carlos López Font

Asinado o día 11/06/2025 ás 12:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89918

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:41
Nº Rexistro: 27170
Data envío: 11/06/2025 12:52:41.229

PQ11+540 e PQ12+720, que conecta Outeiro da Orraca e Gundiás, no termo municipal de Allariz. A interrupción desta parte do percorrido rompe a continuidade da senda e obriga ás persoas usuarias a circular por un treito da estrada OU-320, que non foi deseñado para o tránsito peonil nin conta coas condicións mínimas de seguridade viaria necesarias.

Esta carencia supón un risco evidente para a integridade física das persoas que fan uso da senda, tanto veciñas da zona como visitantes, ao verse expostas ao tráfico rodado sen protección nin espazo delimitado. Cómpre lembrar que a estrada OU-320 é unha vía con circulación de vehículos a motor, na que a velocidade media adoita ser elevada, polo que a presenza de peóns sen infraestrutura axeitada pode derivar en situacións de perigo real.

Ademais, na contorna do núcleo de Gundiás tamén se detecta a ausencia de pasos peonís seguros e sinalización adecuada, elementos imprescindibles para garantir unha convivencia equilibrada entre os distintos modos de mobilidade. A falta destes pasos supón un obstáculo para a accesibilidade de persoas maiores, nenos e persoas con mobilidade reducida, vulnerando o dereito á mobilidade segura e inclusiva.

Non é comprensible que, despois de tantos anos, o proxecto siga sen executarse completamente, malia as demandas reiteradas da veciñanza e dos concellos afectados.

Neste contexto, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para retomar e completar de inmediato o tramo central pendente, executar os pasos peonís necesarios na zona de Gundiás e instalar





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:41
Nº Rexistro: 27170
Data envío: 11/06/2025 12:52:41.229

a sinalización viaria correspondente para advertir da presenza de peóns e reforzar a seguridade do tráfico.

Todo isto contribuirá non só a mellorar a seguridade e mobilidade da cidadanía, senón tamén a dar cumprimento aos obxectivos de desenvolvemento sostible e planificación territorial responsable aos que se compromete a administración autonómica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder de maneira inmediata ao remate do tramo central da senda peonil Allariz–Alto de Taboadela, entre os PQ11+540 e PQ12+720 (Outeiro da Orraca a Gundiás), pendente dende o ano 2017.
2. Executar os pasos peonís necesarios á altura de Gundiás (Allariz), co obxectivo de mellorar a seguridade viaria da zona, instalando a sinalización correspondente para advertir da presenza de peóns e limitar a velocidade do tráfico rodado nos tramos con presenza peonil.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89920

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/06/2025 12:37:03

Carlos López Font na data 11/06/2025 12:37:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 12:37:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:41
Nº Rexistro: 27170
Data envío: 11/06/2025 12:52:41.229

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 12:52:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 12:52:41
Nº Rexistro: 27170
Data envío: 11/06/2025 12:52:41.229

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:03:52
Nº Rexistro: 27173
Data envío: 11/06/2025 13:03:52.585

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:02
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o mantemento do posto de traballo social no servizo de saúde mental ambulatoria no centro de saúde de Tui.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:02
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A unidade de saúde mental de Tui é a unidade de referencia para a poboación adulta (+ de 16 anos) que atende a 60.296 habitantes, segundo datos do INE 2024, dos concellos da comarca do Baixo Miño: Tui, Tomiño, A Guarda, O Rosal e Oia, e tamén para o Concello de Salceda de Caselas.

O decreto 389/1994 de 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galiza, establece que as Unidades de Saúde Mental se contemplan como os dispositivos básicos de atención sobre os que se asentarán todas as accións de saúde mental. As/os pacientes acceden a estas por derivación dende Atención Primaria.

As Unidades de Saúde Mental contan cun equipo multidisciplinar no que se integran psiquiatras, psicólogos/as clínicos/as, DUES e traballadores/as sociais, xunto co persoal de xestión e servizos.

Que se encargan de :

- Atender os/as pacientes que lles sexan remitidos a través dos servizos competentes, e os que se atopen en réxime de hospitalización domiciliaria.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:02
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Realizar a interconsulta e a psiquiatría de ligazón nos hospitais xerais que non dispoñan de unidade de hospitalización psiquiátrica.
- Participar, cando sexa posible, nas decisións de ingreso psiquiátrico, en coordinación coa unidade de hospitalización.
- Participar na rehabilitación e integración comunitaria dos/das pacientes e facer o seguimento dos casos dados de alta nestas unidades en colaboración cos/coas profesionais de atención primaria.
- Apoiar e asesorar aos/ás profesionais de atención primaria, dos servizos de urxencias e de intervención en crise.
- Apoiar e asesorar aos dispositivos sociais e educativos relacionados coa saúde mental, os/as facultativos/as das institucións penais e, de acordo coa normativa vixente, a autoridade xudicial.
- Desenvolver programas de promoción da saúde mental, prevención da enfermidade e educación sanitaria.

A Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde Tui, que presta servizo a poboación adulta de toda a Comarca do Baixo Miño, está atendida por 6 profesionais: 2 psiquiatría, 1 psicoloxía, 1 enfermería, 1 traballo social e 1 administración.

No que ten haber co persoal de traballo social vense de coñecer a intención da consellería de sanidade de suprimir esta praza a partir do día 1 de xuño, o que causou o rexeitamento de colectivos sociais, sanitarios e incluso de corporacións municipais do Baixo Miño.

Ante este posicionamento as últimas novas que se teñen dende a consellería é a de manter durante 2 días a esta persoa de traballo social, sendo unha contramedida





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

insuficiente para as necesidades sanitarias, no que ten haber coa saúde mental, na comarca do Baixo Miño.

Este redución do persoal de traballo social vai afectar negativamente á calidade de vida das persoas enfermas, ás súas familias e coidadoras, non responde aos propios obxectivos do Plan de Saúde Mental de Galiza e non contribúe a solucionar os problemas das listas de agarda en saúde mental, que no Baixo Miño rondan a media dun ano.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a manter o posto de traballo social na unidade de saúde mental no centro de saúde de Tui os 5 días á semana que viña estando até agora.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/06/2025 13:02:17

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2025 13:02:28

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2025 13:02:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:03:52
Nº Rexistro: 27173
Data envío: 11/06/2025 13:03:52.585

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:03:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:03:52
Nº Rexistro: 27173
Data envío: 11/06/2025 13:03:52.585

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/06/2025
13:21
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, relativa aos reiterados incumprimentos legais da Xunta de Galiza en relación co Consello Regulador do Ribeiro e ao seu amparo de actuacións reprobábeis.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:15
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Legalmente, o Consello Regulador da Denominación de Orixe O Ribeiro constitúese como unha corporación de dereito público, dotada de personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, á que se lle atribúe a xestión da denominación de orixe Ribeiro e o resto de funcións recollidas na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño. Desta maneira, o Consello Regulador actúa en réxime de dereito privado exercendo toda clase de actos de administración e xestión, excepto nas actuacións que impliquen o exercicio de potestades ou funcións públicas nas que debe suxeitarse ao dereito administrativo.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:15
Por Noa Presas Bergantiños

No seo do Consello Regulador, de acordo coa normativa vixente, existe un órgano de control e certificación que debe manter unha separación funcional e orgánica total dos órganos de xestión do propio Consello para desenvolver a súa actuación con absoluta independencia respecto á dirección do Consello Regulador e baixo a tutela da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consellería competente, neste caso, a Consellería do Medio Rural. Así mesmo, é imprescindible garantir a independencia do persoal que desempeña as funcións de control e certificación. Este persoal debe ser habilitado pola Consellería do Medio Rural, e calquera decisión de remoción debe estar debidamente motivada e contar co informe favorable da devandita Consellería. Este requisito busca garantías democráticas: evitar posibles inxerencias no desenvolvemento do traballo e nas decisións.

Da mesma maneira, a regulación europea apunta no mesmo sentido e, singularmente, o Regulamento 2017/625 establece as obrigas das autoridades competentes que delegan funcións de control oficial, incluíndo a organización de auditorías e inspeccións, así como a revogación total ou parcial da delegación cando se detecten irregularidades, incumprimentos ou se comprometa a independencia do organismo delegado. Polo tanto, enténdese que a Consellería do Medio Rural ten pleno coñecemento das funcións delegadas no Consello Regulador da D.O. Ribeiro.

Porén, este Grupo Parlamentario tivo coñecemento de distintos incumprimentos do marco legal e accións reprobábeis por parte da Consellaría do Medio rural que, resumidamente, incorren no incumprimento da obriga legal de tutela da Consellería do Medio Rural sobre o órgano de control e certificación do Consello Regulador do Ribeiro, na falta de cumprimento das formalidades preceptivas para a remoción de persoal do órgano de control e na inxerencia do secretario xerente coa connivencia da presidencia do consello regulador na labor do órgano de control. Máis aínda, todo fai indicar que estas actuacións supoñen un uso espurio das institucións para favorecer represalias políticas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, reprobar ao goberno galego e, singularmente á Consellaría de Medio rural, polas súas responsabilidades á hora de permitir o uso espurio das institucións ao incumprir da obriga legal de tutela sobre o órgano de control e certificación do Consello Regulador do Ribeiro para permitir inxerencias contravindo a normativa aplicable e favorecer represalias políticas sometendo as institucións referidas ao descrédito e incorrendo en riscos e consecuencias xurídicas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2025 13:15:04

Secundino Fernández Fernández na data 11/06/2025 13:15:18

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 13:21:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:22:32
Nº Rexistro: 27177
Data envío: 11/06/2025 13:22:32.037

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:22:32
Nº Rexistro: 27177
Data envío: 11/06/2025 13:22:32.037

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:22:32

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:22
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual sistema de clasificación profesional do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) está absolutamente desfasado. A única normativa vixente sobre categorías profesionais data do ano 1992, nun contexto tecnolóxico, organizativo e laboral radicalmente distinto ao que hoxe define o sector audiovisual público galego. En máis de tres décadas, a CRTVG experimentou un profundo proceso de transformación e dixitalización, incorporando novas ferramentas, dinámicas e responsabilidades en todas as súas áreas, sen que isto se vise acompañado dunha revisión do marco laboral que recoñeza e regule as novas funcións asumidas polo seu cadro de persoal.

Esta falta de actualización ten consecuencias moi graves: precarización das condicións laborais, solapamento de funcións, inseguridade xurídica e desigualdades retributivas. A título de exemplo, a CRTVG vén aplicando modificacións substanciais das condicións de traballo desde o ano 2018 sen recoñecemento profesional nin compensación salarial correspondente, derivando en múltiples litixios e nunha crecente conflitividade interna.

Resulta particularmente ilustrativo o caso do denominado “Grupo Soporte”, conformado por traballadores e traballadoras de diferentes categorías técnicas —desde operadores de medios audiovisuais (OPMV) ata analistas

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:22
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:21
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89933

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUtaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066

programadores/as— que recibiron máis de 250 horas de formación nas novas ferramentas dixitais e que, na práctica, exercen funcións superiores sen un encadramento profesional ou retributivo acorde. De feito, máis do 44% dos OPMV perciben actualmente un complemento de responsabilidade, mais noutros departamentos nos que tamén se modificaron as funcións (como inxesta PAM, edición avanzada ou MAN), non existe tal recoñecemento, perpetuando así un sistema arbitrario e inxusto.

Outros exemplos significativos inclúen a asunción de tarefas de edición básica por parte de redactores, locutores e auxiliares de redacción (antes función exclusiva de OPMV); a redefinición da categoría de grafista/titulador fóra do marco normativo actual; ou a multiplataformización do traballo nas delegacións territoriais (radio, TV, web, OTT), sen criterios definidos para a asignación de funcións.

En 2023, un total de 104 persoas recibiron complementos por desempeñar funcións de superior categoría, das cales 61 foron por funcións de nivel superior (o 59%). A existencia de perfís dixitais asumidos por profesionais de redacción ou contratos en prácticas, ou a redefinición arbitraria das funcións da categoría de produtor/a (nivel 1) evidencian unha situación insostible e desregulada.

A Representación Legal do Persoal (RLT) leva anos solicitando a reactivación da mesa de clasificación profesional, paralizada desde xuño de 2024. A última solicitude formal, datada do 30 de abril de 2025, segue sen resposta firme nin fixación de prazos por parte da dirección da corporación. A masa salarial autorizada pola Dirección Xeral da Función Pública —imprescindible para unha negociación efectiva— tampouco foi actualizada desde 2024, impedindo avances reais.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89934

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066

A CSAG está a aplicar cambios organizativos de xeito unilateral, burlando o principio de negociación colectiva e evitando os custos que suporía regular debidamente os novos perfís e funcións. Esta situación vulnera o artigo 22 do Estatuto dos Traballadores, que establece a obrigatoriedade de contar cun sistema de clasificación profesional que defina, mediante negociación colectiva, as funcións, responsabilidades e requisitos de cada categoría, sen discriminación e con transparencia.

Neste contexto, resulta urxente e imprescindible activar un proceso negociador serio, áxil e transparente, que permita actualizar o cadro de categorías profesionais da CRTVG, recoñecer a realidade funcional actual e garantir os dereitos laborais do seu persoal.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión polo que se fai preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reactivar de forma inmediata a mesa de negociación da nova clasificación profesional, paralizada desde xuño de 2024, fixando un calendario concreto, verificable e con prazos definidos para avanzar nos traballos.
2. Garantir a participación efectiva da representación legal do persoal na definición das novas categorías profesionais, co obxectivo de que os cambios se produzan sempre no marco da negociación colectiva e con pleno respecto á legalidade vixente.
3. Impulsar unha reforma integral do sistema de clasificación profesional, substituíndo o obsoleto cadro de categorías de 1992 por unha estrutura actualizada e adaptada ás necesidades do sector audiovisual galego,

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89935

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066

garantindo o cumprimento da lexislación laboral e dos plans de igualdade.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89936

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/06/2025 13:21:48

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 13:22:01

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 13:22:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 13:22:26

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 13:30:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:33:51
Nº Rexistro: 27187
Data envío: 11/06/2025 13:33:51.066

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:33:51

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:45:59
Nº Rexistro: 27188
Data envío: 11/06/2025 13:45:59.538

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:42
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lugar onde un realiza o seu traballo diario ten que ser un espazo confortable e cun ambiente saudable. Por varios motivos, a redución do estrés laboral, promovendo a saúde física e mental do persoal. Contribúe a ser un espazo que permita unha maior concentración e a ser máis eficientes. Un entorno que xere unha maior satisfacción reduce os riscos de lesións e mellora a saúde.

Se a isto lle engadimos que este espazo é un lugar onde se desenvolve un servizo público e, polo tanto, onde pasa moita xente diariamente, compre aínda mais facer de este espazo un lugar acolledor, seguro e en boas condicións.

Isto non está a acontecer nos xulgados de Lugo. Estamos vendo como debido as filtracións que se dan nos edificios propiedade da Xunta de Galicia, están provocando goteiras e desprendementos obrigando a reubicar algún xulgado para evitar danos persoais.

Esta situación xa era coñecida pola Xunta de Galicia pero nada fixo ata a visita ás instalacións do presidente do TSXG, Jose María Gómez y Díaz-Castroverde o pasado 28 de maio. Evidenciando a situación precaria na que se atopan e amosaba así o seu apoio á xuíza decana de Lugo.

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:42
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 11/06/2025 ás 13:41
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89939

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:45:59
Nº Rexistro: 27188
Data envío: 11/06/2025 13:45:59.538

O propio presidente do TSXG recalcaba a necesidade de garantir a seguridade do persoal que traballa no edificio así como de que as dependencias xudiciais deber ter e dicía literalmente “dignidad que la función judicial necesita”.

Ante isto a Xunta reacciona e formaliza un contrato menor de urxencia para as reparacións mais necesarias e como unha medida provisional namentres non se lle da unha resposta definitiva.

A Xunta de Galicia anunciou que tras estes arranxos urxentes vai a acometer as obras necesarias para a adecuación definitiva da cuberta. Os antecedentes que obran neste caso fan dubidar que o fagan de maneira inmediata e sen dilatar unha solución definitiva no tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Consignar fondos suficientes para o arranxo definitivo da cuberta así como o sistema de aire acondicionado e calefacción dos xulgados.
2. Redactar o anteproxecto, proxecto e posterior licitación das actuacións e acometelas a maior brevidade posible.

Santiago de Compostela, a 10 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89940

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/06/2025 13:41:49

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 13:42:04

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 13:42:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 13:42:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:45:59
Nº Rexistro: 27188
Data envío: 11/06/2025 13:45:59.538

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:46:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:45:59
Nº Rexistro: 27188
Data envío: 11/06/2025 13:45:59.538

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:55:10
Nº Rexistro: 27193
Data envío: 11/06/2025 13:55:10.292

Asinado o día 11/06/2025
13:53
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonso** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da empresa EINSA PRINT no Concello das Pontes.

Asinado o día 11/06/2025 ás
13:53
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa EINSA PRINT leva máis de 20 anos situada no concello das Pontes sendo unha referencia internacional no ámbito da industria gráfica, a impresión e a loxística.

Actualmente traballan no centro 107 persoas e a dirección da compañía ven de comunicar ao comité de empresa a súa intención de realizar un expediente de regulación de emprego de carácter extintivo, e aínda que está por determinar o alcance da medida proposta as primeiras impresións conducen ao pesimismo.

Cabe sinalar que fai quince meses, esta mesma empresa enviou á rúa 113 traballadoras e traballadores, logo de concluír un procedemento de regulación de emprego, semellante ao que agora se anuncia novamente.

É de salientar que esta empresa foi a primeira en instalarse nas Pontes ao calor do Plan de desenvolvemento económico-industrial que os sindicatos xunto con todo o corpo social da Vila conseguiron impulsar co concurso económico da Xunta de Galiza e máis de ENDESA a finais dos anos 90 para paliar o impacto sobre o emprego que o peche da mina, previsto para uns anos máis tarde, podería ter no concello das Pontes.

Asinado o día 11/06/2025 ás
13:52
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un plan impulsado en previsión, é dicir, antes de producirse o peche da mina. Un plan que avanzaba a través de reunións dunha comisión de seguimento que se reunía mensualmente e de recoñecido carácter executivo.

A comparación coa crise e a parálise actual na vila das Pontes debería provocar senón a dimisión fulminante dos responsábeis políticos da promoción económica e industrial da Xunta de Galiza, si, cando menos, a vergoña máis absoluta. Hoxe en día co desmantelamento da térmica en marcha, logo de solicitar o peche en decembro do ano 2019, aínda non hai sobre a mesa plan ningún para paliar o desastre económico e social que este peche pode supoñer para o Concello das Pontes e para toda a comarca, con un impacto só no Concello das Pontes, estimado por un estudo realizado pola Universidade da Coruña, na destrución de máis de 1.200 empregos, e isto se ter en conta o anuncio que ven de realizar EINSA PRINT.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reunirse de urxencia coa representación legal do persoal de EINSA PRINT e a promover a través das Consellarías con competencias en materia de emprego e industria as solucións necesarias para evitar a destrución de emprego nesta importante empresa das Pontes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 11/06/2025 13:52:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/06/2025 13:53:02

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/06/2025 13:53:10

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 13:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:55:10
Nº Rexistro: 27193
Data envío: 11/06/2025 13:55:10.292



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 13:55:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 13:55:10
Nº Rexistro: 27193
Data envío: 11/06/2025 13:55:10.292

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e dos deputados **Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre a autorización de servizo de pasaxe desde o porto pesqueiro de San Adrián de Cobres (Vilaboa).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto pesqueiro de San Adrián de Cobres, no concello de Vilaboa, non está autorizado para a prestación de servizos de viaxeiros/as. Aínda que durante anos se prestaban desde este porto servizos de pasaxe para o acceso á illa de San Simón, desde o ano 2024 non se autorizan este tipo de servizos.

En contra deste criterio, o pasado domingo 8 de xuño utilizouse o porto de San Adrián para o embarque de pasaxeiros/as para asistir a unha actividade autorizada pola Xunta na Illa de San Simón.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta a abrir unha investigación sobre a autorización da prestación do servizo de pasaxe o domingo 8 de xuño desde o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porto pesqueiro de San Adrián á Illa de San Simón, e a enviar os resultados ao Parlamento.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 11/06/2025 16:32:55

Paulo Ríos Santomé na data 11/06/2025 16:33:14

Rosana Pérez Fernández na data 11/06/2025 16:33:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 16:36:29
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 11/06/2025 16:36:29.257

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 16:36:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 16:36:29
Nº Rexistro: 27211
Data envío: 11/06/2025 16:36:29.257

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a proposta de que o SERGAS facilite información sobre nomes galegos ás mulleres embarazadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os nomes propios en galego teñen unha grande importancia simbólica para a normalización da nosa lingua. Cando unha familia elixe un nome en galego para o seu fillo ou filla, está a demostrar un claro compromiso co futuro da nosa lingua, ademais de transmitir ás súas crianzas a importancia deste patrimonio, e influír tamén noutras persoas.

Entre os materiais informativos que se entregan ás mulleres nas consultas médicas que se producen ao longo do embarazo, mesmo no puerperio máis inmediato, sería posíbel facilitar unha listaxe de nomes na nosa lingua que faciliten esa escolla. Existen xa listaxes, tanto da Real Academia Galega como do proxecto Apego, ou o folleto “Ímoslle chamar...” da propia Xunta de Galiza, que o Servizo Galego de Saúde podería entregar sen moita dificultade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O parlamento insta o Goberno galego a entregar ás mulleres embarazadas, no transcurso das consultas médicas relacionadas co embarazo ou inmediatamente despois de daren a luz, unha listaxe con suxestións de nomes galegos, xunto con argumentos a favor desa escolla”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 17:22:19

Iria Carreira Pazos na data 11/06/2025 17:22:30

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 17:22:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:23:45
Nº Rexistro: 27216
Data envío: 11/06/2025 17:23:45.117

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:23:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:23:45
Nº Rexistro: 27216
Data envío: 11/06/2025 17:23:45.117

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:39:27
Nº Rexistro: 27219
Data envío: 11/06/2025 17:39:27.148

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:37
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia estamos a promover unha contratación pública estratéxica. Onde se prime os produtos de proximidade co fin de contribuír a loitar contra o cambio climático a par do fomento dunha alimentación máis saudable. Dentro de esta estratexia pública que defendemos se busca un impacto en termos económicos, sociais e ambientais.

O fin é garantir unha alimentación máis saudable que reduza a contaminación e o desperdicio e a súa vez contribúe a fortalecer o sector primario e todo o ecosistema que se xera no seu entorno potenciando a economía de proximidade e circular.

O pasado 20 de febreiro do ano en curso aprobábase por unanimidade unha iniciativa do Partido Socialista onde o Goberno galego se compromete a que todas as entidades do sector público autonómico foméntase, a través de criterios de valoración ou condicións especiais de execución, que nos contratos de servizos de comedores foméntanse o consumo de produtos de tempada ou Km0.

Isto non pode quedar nunha declaración de intencións como xa fixo o Goberno de Galicia a través do conselleiro de Facenda que anunciaba coma un futuro a Estratexia Galega de Contratación o día 6 de outubro no ano 2023, pero na

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:36
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:36
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89955

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:39:27
Nº Rexistro: 27219
Data envío: 11/06/2025 17:39:27.148

que nada se fixo. Dende o PSdeG-PSOE queremos seguir dando pasos neste camiño sen retorno, e que a alimentación sustentable chegue tamén aos albergues de peregrinos.

O Camiño de Santiago é un dos produtos turísticos que aunan un catálogo moi diverso de experiencias nunha mesma viaxe e poucos tamén son capaces de atraer ao mesmo tempo perfís tan heteroxéneos e con capacidade de interaccionar coa poboación local. Pero dentro de esa heteroxeneidade hai un denominador común, todos os peregrinos comen, é queren comer ben, de xeito saudable e produtos locais. Como parte da experiencia que é facer o camiño de Santiago. Falase moito de aloxamentos, de percorridos, da natureza, da historia dos lugares por onde pasamos, de arte, de todas as experiencias vividas na transcurso do peregrinaxe. Pero a cuestión culinaria non ten o mesmo protagonismo.

A gastronomía é unha sinal de identidade de Galicia, de feito é un dos motivos máis aló do Camiño de Santiago polo que escollen Galicia como destino turístico. A gastronomía convértese en embaixadora do noso país pola calidade dos produtos así como pola cociña propia da nosa terra. Converténdose nunha aproximación máis plena coa nosa cultura e tradición tamén da cociña de vangarda.

Dende a Xunta de Galicia en colaboración con outras administracións e entidades dispón dun menú coñecido como “o Menú do Peregrino”. Nace coa idea de ser unha comida económica e enerxética adecuada para os peregrinos que percorren o camiño. O perfil das e dos peregrinos, como decímaos, é moi variado e defendemos que o poder adquisitivo da e do peregrino non condicione a calidade e cantidade do mesmo.

O estómago do peregrino vén percorrendo os mesmos itinerarios dende fai anos e ven como a evolución foi en decadencia, e non so afectan aos prezos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

89956

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:39:27
Nº Rexistro: 27219
Data envío: 11/06/2025 17:39:27.148

senón tamén a calidade. E o dereito a comer ben non pode ser privilexio de poucos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Implementar con garantías nos albergues públicos o menú da e do peregrino con produtos de proximidade, xerando riqueza no territorio fomentado a economía circular e mantendo a calidade sen que supoñan un esforzo económico para a persoa consumidora.
- Concienciar nos albergues privados a cultura da alimentación saudable polo seu impacto en termos económicos, sociais e ambientais.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89957

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/06/2025 17:36:47

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 17:36:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 17:37:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:39:27
Nº Rexistro: 27219
Data envío: 11/06/2025 17:39:27.148

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:39:27
Nº Rexistro: 27219
Data envío: 11/06/2025 17:39:27.148

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:39:27

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:39
Nº Rexistro: 27224
Data envío: 11/06/2025 17:42:39.720

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a importancia de a Xunta se implicar para que a Colección Orol faga parte do catálogo patrimonial público galego.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acaba de se facer pública a poxa da Colección Orol, unha colección única de moedas que pertence a un numismático galego, Antonio Orol Pernas, xa falecido, considerado un dos máis destacados investigadores da numismática galega e un dos maiores coleccionistas.

É autor dunha extensa bibliografía realcionada co estudo da numismática.

A colección de moedas exposta a poxa pública destaca polo alto valor histórico e polo incalculábel valor económico, tal e como se pode apreciar no prezo de saída dalgún lote de 15.000, de 12.000 ou 6.000 euros, que mesmo contan xa con comprador.

Trátase dunha colección que conta con pezas cualificadas como moi probabelmente únicas, pertencentes algunhas ao reino suevo.

Sirva como mostra o exemplar dunha moeda que está no lote 17 da poxa que probabelmente date do século VI e que o coleccionista recuperou nunha poxa en Nova York.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:41
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, no BNG entendemos que un patrimonio cultural desta altura debería pasar a facer parte do patrimonio cultural galego co obxectivo de ser exposto para o coñecemento e goce da sociedade galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a analizar a Colección Orol, actualmente ofertada en venda en poxa pública, para valorar a incoación do expediente BIC daquelas que foren patrimonio histórico cultural galego e valorar a compra, exercendo o dereito de tanteo que lle permite a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza, para asegurar a súa permanencia no catálogo patrimonial público galego.

Asemade, insta a solicitar ao goberno do Estado que as declare inexportábeis”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/06/2025 17:41:02

Daniel Castro García na data 11/06/2025 17:41:08

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 17:41:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:39
Nº Rexistro: 27224
Data envío: 11/06/2025 17:42:39.720

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:42:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:42:39
Nº Rexistro: 27224
Data envío: 11/06/2025 17:42:39.720

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:47:19
Nº Rexistro: 27231
Data envío: 11/06/2025 17:47:19.282

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:44
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Valle Inclán en O Grove é un centro plurilingüe de referencia neste concello, que na actualidade con 3 unidades de educación infantil e un total de 25 alumnos dos cales 2 deles presentan unha discapacidade de grado II e grado III respectivamente.

Unha educación inclusiva implica que estes nenos/as teñan necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo e isto se atope en equilibrio cunha atención axeitada a todo o alumnado.

Para que isto sexa así e para cumprir os fins acadados no artigo 4 do Decreto 1555/2022 do 15 de setembro a comunidade educativa deste centro demanda da Consellería de Educación a creación dunha nova unidade para educación infantil.

Demanda que apoiamos dende o Grupo Parlamentario Socialista por entender que a creación desta unidade para 6º de educación infantil o vindeiro curso 2025/2026 cumpre os requisitos establecidos no acordo cos sindicatos de educación e a maiores contribuirá a mellorar significativamente as condicións de aprendizaxe e responderá á diversidade do alumnado existente.

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:44
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 11/06/2025 ás 17:44
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

89964

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:47:19
Nº Rexistro: 27231
Data envío: 11/06/2025 17:47:19.282

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dunha nova unidade para 6º de educación infantil do CEIP Valle Inclán en O Grove para o vindeiro curso 2025/26.

Santiago de Compostela, a 11 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89965

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/06/2025 17:44:21

Julio Abalde Alonso na data 11/06/2025 17:44:28

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 17:44:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 17:44:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:47:19
Nº Rexistro: 27231
Data envío: 11/06/2025 17:47:19.282

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 17:47:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 17:47:19
Nº Rexistro: 27231
Data envío: 11/06/2025 17:47:19.282

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a presenza da lingua portuguesa no ensino público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos obxectivos da denominada Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada hai once anos, é o de introducir a lingua portuguesa no ensino: “É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”.

O propio texto da Lei Paz-Andrade reconece a importancia da educación para a consecución destes obxectivos. Na exposición de motivos da lei afirmase “debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional”, e os seus artigos 1 e 2 están dedicados a este asunto:

“Artigo 1

Os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 2

O Goberno galego incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Na convocatoria de prazas de profesorado para 2024 non se incluía ningunha nova praza de portugués, inicialmente. Aínda que se corrixiu a convocatoria, foi para incluír só 4 prazas de portugués para Escolas Oficiais de Idiomas, e ningunha para educación secundaria, co que o obxectivo da Lei Paz-Andrade en relación coa “introdución progresiva” do portugués non se está a cumprir. En vista de que na convocatoria de 2024 non se incluía ningunha praza para educación secundaria, a convocatoria de 2025 debería compensar esta eiva e, a pesar disto, só incluíu 5 prazas para educación secundaria máis unha de aceso de corpo de A2 a A1.

Hai outros elementos que non favorecen a consolidación e ampliación da presenza da lingua portuguesa na educación pública que establece a Lei Paz-Andrade. Por unha banda, o goberno galego debería facer un esforzo por fomentar a adquisición da especialidade por parte do profesorado. Na actualidade, unha parte importante das persoas que dan aulas de lingua portuguesa faino desde outras especialidades e, cando deixan de impartir a materia por diferentes motivos, desaparece a materia, co que se perde todo o traballo feito polo centro e da comunidade escolar por crear grupos de portugués. Poderían establecerse medidas concretas para incentivar que o profesorado adquira a especialidade, xa que contar cunha especialidade adicional é positivo profesionalmente (os profesionais teñen máis puntos no baremo da carreira docente, por exemplo).

Ademais disto, outro xeito de fomentar a presenza da lingua portuguesa nos centros de ensino é facilitar o cambio de corpo do profesorado. Existen na actualidade persoas formadas en lingua portuguesa, mais ao non existir un corpo único, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

movemento entre o corpo de Escolas Oficiais de Idiomas e Educación Secundaria non é sinxelo, e sería desexábel que as persoas que queiran poidan facelo sen seren penalizadas ou prexudicadas. Sería positivo que, cada vez que haxa oposicións de portugués, se abra a posibilidade de cambio de código, de 590 (secundaria) para 592 (escola de idiomas) e viceversa.

Por outra banda, non se permite o acceso aos corpos de profesorado de persoas con formación e capacidade suficientes para impartir esta materia procedentes doutras titulacións, como o Grao de Tradución e Interpretación, que en moitas ocasións estarían en condicións de incorporarse ás listaxes de substitución e na actualidade non poden facelo, debido aos requisitos de acceso. Sería preciso establecer unha proba de coñecemento da lingua, tanto porque estas persoas formadas non poden incorporarse ao corpo de profesorado como para acreditar o nivel de coñecemento de todas as persoas candidatas.

A oferta de portugués debería estar presente en todas as Escolas Oficiais de Idiomas. O goberno galego manifestou en diversas ocasións no Parlamento Galego que a oferta de linguas en todas as EOI está adaptada á demanda, mais é responsabilidade da Xunta de Galiza, especialmente se temos en conta a literalidade da Lei Paz-Andrade, crear esa demanda, entre outras cousas, informando a poboación sobre as vantaxes da aprendizaxe do portugués. A ausencia do portugués resulta especialmente rechamante no caso da EOI de Verín, pola súa proximidade con Portugal (e pola coñecida demanda de formación nesta lingua na área).

En relación con isto, a Xunta de Galiza debería pór en marcha unha campaña propia para informar sobre as vantaxes do coñecemento do portugués, ademais das opcións para estudar esta lingua actualmente en Galiza, e divulgala amplamente cos medios de que dispón o goberno galego, ademais de dar a coñecer os vídeos que a DPG, en acordo coa SXPL, ten realizado e publicado sobre isto tudo, sobre a vantaxe e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidades de estudar portugués nas diferentes etapas do ensino regrado galego:
<https://www.dpgaliza.org/campanhas/>.

Ademais, é imprescindible que se inclúa a lingua portuguesa no sobre de prematrícula para coñecer a demanda real, e tamén para poder crear, en base a esa demanda, novos grupos onde sexa preciso, e non ter que agardar ou depender de que os centros fagan campañas para divulgar e fomentar a matrícula.

Na actualidade, a pesar dos obxectivos que establece a Lei Paz-Andrade, o aumento de alumnado de portugués que se produce ano tras ano é debido á iniciativa dos centros e da comunidade escolar, ademais das entidades do sector, cando debería ser o goberno galego o que tomase a iniciativa e asumise como prioridade a lingua portuguesa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a 1. Aumentar o número de prazas de profesorado de lingua portuguesa, nun mínimo total de 10 en cada convocatoria de concurso?

2. Incorporar a oferta de lingua portuguesa en todos os centros de educación secundaria do país.

3. Iniciar as negociacións cos sectores implicados para a elaboración de decretos que que desenvolvan a Lei Paz-Andrade no ensino.

4. Pór en marcha unha campaña de concienciación sobre os aspectos positivos da aprendizaxe de portugués, co obxectivo de concienciar da plusvalía que temos como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos e galegas podendo acadar a excelencia nunha lingua internacional se temos acceso á súa aprendizaxe.

5. Establecer medidas para promover a adquisición da especialidade de lingua portuguesa por parte do profesorado de educación secundaria.

6. Establecer medidas para posibilitar o cambio de corpo de profesorado de lingua portuguesa.

7. Establecer medidas para facilitar o acceso ao corpo de profesorado de lingua portuguesa de profesionais con formación e capacitación suficiente nesta lingua procedentes doutras titulacións.

8. Pór en marcha unha proba para acreditar os coñecementos das persoas candidatas ao corpo de profesorado de lingua portuguesa procedentes doutras titulacións.

9. Implantar a ensinanza do portugués en todas as Escolas Oficiais de Idiomas de Galiza.

10. Incluír a lingua portuguesa no sobre de prematrícula en todos os centros de educación secundaria”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/06/2025 18:21:17

Cristina Fernández Davila na data 11/06/2025 18:21:24

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2025 18:21:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:22:59
Nº Rexistro: 27236
Data envío: 11/06/2025 18:22:59.303

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 18:23:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:22:59
Nº Rexistro: 27236
Data envío: 11/06/2025 18:22:59.303

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:08
Nº Rexistro: 27242
Data envío: 11/06/2025 18:28:08,598

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Dentro do eido da sanidade, o Centro Integral de Saúde (CIS) en Carballo, é clave xa que se ampliará nun 50 % a superficie do actual centro de saúde. Incluirá unha área integral de hemodiálise con 25 postos, evitando desprazamentos á Coruña, así como novas consultas de reumatoloxía, cirurxía e oftalmoloxía.

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

89975

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:08
Nº Rexistro: 27242
Data envío: 11/06/2025 18:28:08,598

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a iniciar nesta anualidade o compromiso orzamentario de executar o Centro Integral de Saúde (CIS), en Carballo.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89976

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 18:26:37

Elena Espinosa Mangana na data 11/06/2025 18:26:44

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 18:26:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 18:26:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:08
Nº Rexistro: 27242
Data envío: 11/06/2025 18:28:08,598

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 18:28:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:08
Nº Rexistro: 27242
Data envío: 11/06/2025 18:28:08,598

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:32
Nº Rexistro: 27243
Data envío: 11/06/2025 18:28:32.420

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Dentro do eido da sanidade, o Centro Integral de Saúde (CIS) en Carballo, é clave xa que se ampliará nun 50 % a superficie do actual centro de saúde. Incluírá unha área integral de hemodiálise con 25 postos, evitando desprazamentos á Coruña, así como novas consultas de reumatoloxía, cirurxía e oftalmoloxía.

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/06/2025 ás 18:26
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

89979

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:32
Nº Rexistro: 27243
Data envío: 11/06/2025 18:28:32.420

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a iniciar nesta anualidade o compromiso orzamentario de executar o Centro Integral de Saúde (CIS), en Carballo.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89980

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 11/06/2025 18:26:02

Elena Espinosa Mangana na data 11/06/2025 18:26:10

Silvia Longueira Castro na data 11/06/2025 18:26:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/06/2025 18:26:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:32
Nº Rexistro: 27243
Data envío: 11/06/2025 18:28:32.420

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2025 18:28:32
Nº Rexistro: 27243
Data envío: 11/06/2025 18:28:32.420

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/06/2025 18:28:33

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27251
Data envío: 12/06/2025 08:50:18,296

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:32
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés é un dos destinos turísticos máis valorados de Galicia, grazas á beleza das súas paisaxes, a riqueza da súa cultura mariñeira e a calidade das súas praias.

Un dos principais recursos naturais e económicos desta zona son os bivalvos, como as ameixas, os berberechos ou os mexillóns, cuxa explotación está regulada e controlada a través de plans de xestión marisqueira.

A actividade de sementar cría de bivalvos na zona é unha práctica fundamental para a conservación e rexeneración dos bancos marisqueiros da ría. Esta acción, que implica a introdución de sementes de moluscos como a ameixa fina, ameixa babosa ou ameixa xapónica, busca restablecer a produtividade dos fondos mariños e garantir a sustentabilidade do sector marisqueiro.

Porén, nos últimos anos tense detectado un incremento de visitantes que, por descoñecemento da normativa, recollen bivalvos e sementes nas praias de maneira ilegal. Esta práctica ten consecuencias negativas tanto para o medio mariño como para o sector produtivo.

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:32
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 12/06/2025 ás 08:32
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89983

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27251
Data envío: 12/06/2025 08:50:18.296

A extracción non autorizada de sementes interrompe os ciclos naturais de reprodución destas especies e diminúe os recursos dispoñibles para os profesionais do marisqueo, afectando directamente ao seu modo de vida.

Ademais, esta actividade representa un risco para a saúde pública, xa que os bivalvos extraídos sen control sanitario poden conter biotoxinas perigosas, como as derivadas das mareas vermellas, que fan que o seu consumo sexa altamente perigoso.

A actual sinalización nas praias e puntos de acceso é escasa ou pouco visible, e non sempre está dispoñible en varios idiomas o que fai que as mariscadoras teñan en moitas ocasións que facer de “policías das praias” e apercibir aos turistas o que soe xerarlles moitos problemas.

Por este motivo, dende o Grupo Socialista cremos que o goberno da Xunta ten que levar a cabo unha campaña informativa máis efectiva, clara e multilingüe, que inclúa carteleira visible en zonas de paso, paneis informativos en puntos estratéxicos, códigos QR con acceso a vídeos explicativos, e material divulgativo nos aloxamentos turísticos, puntos de información e negocios locais...

O obxectivo é fomentar un turismo responsable e sostible, que respecte o patrimonio natural e económico da Illa de Arousa e coide o medio mariño como recurso común e garantir a rexeneración dos bancos marisqueiros e a sustentabilidade do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en coordinación cos concellos costeiros da comarca do Salnés e confrarías da zona, levar a cabo accións

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

89984

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27251
Data envío: 12/06/2025 08:50:18.296

orientadas a previr a recolección ilegal de bivalvos e sementes por parte de persoas alleas ao sector marisqueiro, sensibilizar á poboación visitante e garantir un turismo respectuoso co medio mariño. En concreto:

- a) Unha campaña informativa máis efectiva, clara e multilingüe, que inclúa carteleira visible en zonas de paso, paneis informativos en puntos estratéxicos, códigos QR con acceso a vídeos explicativos, e material divulgativo nos aloxamentos turísticos, puntos de información e negocios locais.
- b) Campaña de sensibilización visual e de difusión nas redes sociais e medios dixitais de promoción turística da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

89985

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 8:32:34

Julio Abalde Alonso na data 12/06/2025 8:32:43

Carlos López Font na data 12/06/2025 8:32:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 8:33:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27251
Data envío: 12/06/2025 08:50:18.296

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 8:50:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27251
Data envío: 12/06/2025 08:50:18.296

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Juan Casaes Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Noelia Pérez López, Manuel Santos Costa, Cristina Sanz Arias e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, a través do Plan de simplificación administrativa 2025-2027, está a poñer en marcha un conxunto de medidas para facer da Administración galega unha Administración máis próxima, áxil e centrada nas necesidades das persoas. Neste contexto, destacan os novos servizos proactivos xa habilitados, como a Tarxeta Benvida —que permite ás mulleres embarazadas recibir automaticamente información e acceso á axuda sen ter que realizar xestións innecesarias— e as declaracións censuais anuais de explotacións gandeiras, onde os titulares reciben unha ligazón directa á Oficina Virtual para cubrir os datos de forma sinxela e inmediata.

Estes exemplos evidencian un cambio de paradigma: a Administración galega adiantase ás necesidades da cidadanía, aproveitando os datos dispoñibles e eliminando trámites e burocracia innecesarios. Grazas a esta estratexia, a cidadanía accede de maneira máis sinxela a prestacións e dereitos, o que redundará en maior confianza e satisfacción. Non en van, as enquisas realizadas amosan niveis de satisfacción superiores ao 85 % entre os usuarios destes servizos.

O Plan de simplificación administrativa 2025-2027 prevé, ademais, a creación de novos servizos proactivos nos vindeiros anos —como a prórroga do Bono Aluguer, a renovación da Tarxeta de Identidade Marítima Náutica de Lecer ou o Bono Emancípate—, co obxectivo de seguir reducindo as cargas administrativas e mellorar a atención á cidadanía.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular considera fundamental que a Xunta de Galicia continúe apostando por esta liña de traballo, consolidando e ampliando

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:03
Por Julio García Comesaña



as medidas de simplificación administrativa que teñen demostrado a súa eficacia e que contribúen a construír unha Administración máis eficiente, próxima e ao servizo da cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar impulsando as medidas recollidas no Plan de simplificación administrativa 2025-2027, consolidando e ampliando as iniciativas de servizos proactivos como a Tarxeta Benvida e as declaracións censuais de explotacións gandeiras, e eliminando cargas burocráticas para construír unha Administración máis próxima, áxil e centrada nas necesidades das persoas.
- 2.- Recoñecer o liderado de Galicia na posta en marcha de servizos públicos innovadores, como estes dous exemplos destacados, e na mellora continua da relación entre a Administración e a cidadanía”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 12/06/2025 10:03:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:04:14
Nº Rexistro: 27256
Data envío: 12/06/2025 10:04:14.096

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 10:04:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:04:14
Nº Rexistro: 27256
Data envío: 12/06/2025 10:04:14.096

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Paula Prado del Río, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Goberno de España anunciou recentemente a creación de novos Xulgados de Violencia sobre a Muller en Galicia, unha medida que, en principio, podería contribuír a mellorar a resposta institucional fronte á violencia de xénero. Porén, nas cidades da Coruña e Vigo esta medida materialízase mediante a transformación de xulgados de instrución xa existentes —o Xulgado de Instrución nº 8 da Coruña e o Xulgado de Instrución nº 8 de Vigo—, o que supón, na práctica, unha redución da planta xudicial penal en dúas das cidades con maior carga de traballo de Galicia.

Segundo datos oficiais, os xulgados de instrución de Vigo asumen un volume de causas que acada o 98,2 % do limiar obxectivo fixado polo propio Ministerio de Xustiza, e prevese que ese valor se supere a curto prazo. No caso da Coruña, a situación é tamén preocupante: os sete xulgados de instrución actuais acumulan unha carga de traballo que supera amplamente os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial. En concreto, o Xulgado de Instrución nº 8 —o afectado pola reforma— xestionou en 2023 un volume de asuntos que representa arredor do 115 % do módulo de entrada recomendado, segundo datos do propio TSXG.

A supresión destes órganos instrutores suporá unha sobrecarga inmediata e directa para os restantes xulgados de instrución, afectando negativamente á tramitación de dilixencias previas, medidas cautelares e causas complexas que requiren especial atención. Ademais, tanto Vigo como A Coruña presentan características demográficas, sociais e xurisdicionais que as fan especialmente sensibles á perda de recursos: ambas son cabeceiras de partido xudicial e sedes de

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:24
Por Alberto Pazos Couñago



órganos especializados e provinciais, e atenden tamén a poboación doutros municipios da súa contorna.

O rexeitamento a esta medida foi manifestado por múltiples institucións e actores xurídicos. O propio Concello de Vigo, gobernado polo Partido Socialista, cualificou de "desafortunada e errónea" a decisión, reclamando un novo xulgado de violencia sen suprimir os xa existentes. O Colexio de Avogados da Coruña, a través dun comunicado oficial, advertiu que "a creación de novos órganos especializados debe facerse sumando recursos, non reducindo capacidades", e cualificou a decisión como "inxustificada e regresiva". A Xunta de Galicia, pola súa parte, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, expresou o seu malestar pola falta de diálogo institucional e pola perda real de medios na administración de xustiza en Galicia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia leva anos reclamando, con informes técnicos contrastados, a creación de novos xulgados de instrución na Coruña e Vigo. A eliminación de órganos existentes por parte do Goberno de España non responde a criterios de racionalidade nin de interese xeral, senón a un reparto desigual que prexudica especialmente a Galicia e ignora as necesidades do territorio.

Desde o Grupo Parlamentario Popular reiteramos o noso compromiso co fortalecemento do sistema xudicial e coa loita contra a violencia de xénero, pero consideramos inaceptable que se faga a costa de debilitar outros piares esenciais da xustiza penal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Manter integramente a planta xudicial penal das cidades da Coruña e de Vigo, evitando a supresión dos Xulgados de Instrución nº 8 en ambas cidades, e mantendo todos os órganos instrutores actualmente existentes.



- 2.- Crear novos Xulgados de Violencia sobre a Muller nas cidades da Coruña e Vigo, como órganos adicionais e específicos, sen que iso supoña a transformación nin eliminación de xulgados de instrución.
- 3.- Planificar a planta xudicial de Galicia de forma rigorosa, transparente e dialogada coa Xunta de Galicia, atendendo a informes técnicos, datos de carga de traballo e criterios de equilibrio territorial.
- 4.- Garantir unha resposta eficaz, especializada e suficiente fronte á violencia de xénero, reforzando os medios materiais e humanos sen deteriorar o funcionamento doutros órganos xurisdicionais fundamentais”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 10:24:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 10:25:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 10:25:11
Nº Rexistro: 27278
Data envío: 12/06/2025 10:25:11.493

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:01:27
Nº Rexistro: 27289
Data envío: 12/06/2025 11:01:27.632

Asinado o día 12/06/2025
10:59
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade galega acumula eivas ao longo e ancho do país, sen que ningunha área sanitaria quede á marxe destas, con mobilizacións bastas no territorio ao respecto de distintos servizos, que non se ven garantidos ou cuxas minguas e desleixo implican un empeoramento da atención prestada aos doentes.

Este é o caso do concello de Lalín que, a pesares de contar cunhas novas instalacións, sofre graves deficiencias no servizo sanitario. Aos problemas de falla de atención pediátrica en horario de tarde e diminución de pediatras en quenda de mañás, engádense a ausencia de outras especialidades prometidas cando se inaugurou o CIS e que quedaron unicamente nisto, incumpríndose o acordado naquel momento cos veciños e veciñas de Lalín. Máis iso non é todo, xa que os lalinenses sofren na actualidade unha grave precarización no caso da atención de saúde mental.

Nunha área de arredor de 40.000 habitantes dependentes do CIS para a atención no caso da saúde mental, cóntase neste centro integral cun psicólogo e un psiquiatra, carecendo deste xeito da dotación de persoal necesaria, que a poboación sofre en detrimento da súa atención. É tanto así que as agardas para a primeira consulta son de meses, con revisións de longa periodicidade que non garanten unha calidade asistencial

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:59
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 12/06/2025 ás
10:59
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

adecuada nos casos de procesos mentais, ao igual que os poucos minutos que se lle adican a cada doente por imposibilidade de medios por parte dos profesionais.

Así a situación, unha grande parte da poboación que precisa do servizo de saúde mental e sabedora de que a agarda é excesiva, opta pola sanidade privada no caso de poder sufragar as consultas médicas precisas, co cal a discriminación é clara coas persoas que non poden, por unha cuestión de recursos económicos acudir ao psicólogo ou psiquiatra privado, co que iso significa no desenvolvemento da súa vida.

Tras tratar o tema a través dunha moción presentada polo BNG no Concello de Lalín solicitando que este lle comunicase á Consellería de Sanidade a necesidade de garantir un servizo de saúde mental de calidade en Lalín coa incorporación de dous novos profesionais que reduzan notablemente as listas de agarda, trasladamos así mesmo a demanda ao Parlamento Galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar dunha praza de psicólogo e psiquiatra a maiores das xa existentes no CIS de Lalín, chegando a contar con dous psicólogos e dous psiquiatras no centro de saúde.
2. Asegurar que a poboación de Lalín e a comarca teña un servizo de saúde mental de calidade garantido, sen listas de agarda que impidan a correcta atención e seguimento dos casos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 12/06/2025 10:59:34

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2025 10:59:48

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2025 10:59:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:01:27
Nº Rexistro: 27289
Data envío: 12/06/2025 11:01:27.632

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:01:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:01:27
Nº Rexistro: 27289
Data envío: 12/06/2025 11:01:27.632

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención sanitaria que se presta nos centros penitenciarios é competencia do Ministerio do Interior a través da Secretaría de Estado de Institucións Penitenciarias.

Este organismo, a través de cada un dos cárceres, ten a obriga de manter o seu propio servizo sanitario para atender á poboación reclusa da que é responsable.

A Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, do 25 de Abril establece un modelo mixto, onde a prestación da asistencia primaria levarase a cabo por Institucións Penitenciarias, cos seus propios medios, ou cando non dispoña deles, por medios alleos concertados, e a asistencia especializada, prestarase a través do Sistema Nacional de Saúde.

No referente á atención sanitaria especializada, o Servizo Galego de Saúde ten formalizado un convenio de colaboración coa Administración penitenciaria en base a este novo modelo onde a atención hospitalaria é prestada dentro do SNS có financiamento da asistencia a cargo da Administración Penal.

Malia isto, o Goberno central arrastra unha débeda de máis de 15 millóns de euros pola asistencia sanitaria prestada polo Sergas aos internos dos centros penitenciarios pertencentes a esta Comunidade Autónoma, xerando un prexuízo económico.

Asinado o día 12/06/2025 ás
11:25
Por Alberto Pazos Couñago





Dende Galicia sempre se brindou a máxima colaboración có Ministerio do Interior para facer máis doada a asistencia sanitaria do reclusos con accións como acceder ás historias clínicas dos internos, participar das experiencias de telemedicina que ten en marcha o Sergas, etc., pero isto debe ir da man da lealdade institucional e co saldo das débedas pendentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle o aboamento da débeda contraída no que corresponde ás prestacións de asistencia sanitaria dadas polo Servizo Galego de Saúde aos internos dos centros penitenciarios situados en Galicia”.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 11:25:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:26:21
Nº Rexistro: 27295
Data envío: 12/06/2025 11:26:21.547

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:26:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:26:21
Nº Rexistro: 27295
Data envío: 12/06/2025 11:26:21.547

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:12
Nº Rexistro: 27297
Data envío: 12/06/2025 11:28:12.530

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:24
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 4 de xuño, o xa ex conselleiro do Mar, Alfonso Villares, presentaba a súa dimisión así como o rexeitamento de aforado. Isto ocorría tras coñecerse que o Sr. Villares recibira unha notificación do Tribunal Superior de Xustiza na que informábaselle da súa condición de investigado “nun proceso xudicial”.

O devandito proceso era unha denuncia por agresión sexual por uns feitos que ocorrían a finais do ano 2024 . O Tribunal Superior de Xustiza confirmaba que Villares tiña aberta unha investigación por un presunto delito contra a liberdade sexual. A denuncia fora presentada uns meses antes, en Ferrol. E pola condición de aforado, o xulgado remitiu o caso á sala do Civil e Penal do TSXG; sendo admitida a trámite e practicándose as dilixencias.

Isto supón que, durante eses meses, Villares ocultou este feito e, segundo explicou con posterioridade, tamén o ocultou o presidente da Xunta de Galicia, que tamén era coñecedor destes feitos desde o mes de febreiro de 2025.

A noticia destes feitos, e mesmo da dimisión de Alfonso Villares, ten unha transcendencia considerable; tanto polo que supón a natureza do ocorrido, o

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:24
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:24
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

90005

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:12
Nº Rexistro: 27297
Data envío: 12/06/2025 11:28:12.530

comportamento silente do presidente da Xunta así como as consecuencias políticas que poidan derivarse.

É sorprendente como ante un acto desta natureza, a Televisión de Galicia apenas lle deu cobertura. Aínda é máis: estruturou a noticia en torno a toma de posesión da nova conselleira do Mar, Marta Villaverde, mentres o xa ex conselleiro era despedido entre palmadas e abrazos por Alfonso Rueda e o resto de conselleiros. De xeito que o eixo principal da noticia, unha denuncia por un presunto delito contra a liberdade sexual, reducía a gravidade deste tipo de delitos ao tempo que revitimiza á presunta vítima.

E deste xeito, en apenas un día, pechou a noticia na que facía pasar inadvertida a causa da renuncia de Villares, ensalzando a súa valía e anunciando á nova conselleira.

Ante o devir dos acontecementos, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Formular un protocolo de actuación para a emisión de noticias sobre os delitos contra a liberdade sexual, de xeito que non se revitimice ás vítimas e non se minimice a gravidade dos feitos ante a sociedade.
2. Traballar conxuntamente co Colexio de Xornalistas de Galicia coa fin de ofrecer módulos de formación para o tratamento da información relativa ás denuncias por delitos contra a liberdade sexual.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

90006

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/06/2025 11:24:17

Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/06/2025 11:24:23

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 11:24:30

Patricia Iglesias Rey na data 12/06/2025 11:24:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 11:24:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:12
Nº Rexistro: 27297
Data envío: 12/06/2025 11:28:12.530



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:28:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:28:12
Nº Rexistro: 27297
Data envío: 12/06/2025 11:28:12.530

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:38:45
Nº Rexistro: 27304
Data envío: 12/06/2025 11:38:45,608

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:33
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:33
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:33
Por José Manuel Golpe Acuña

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Luis Bará Torres, Daniel Pérez López** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre irregularidades na tramitación do proxecto industrial dos parques eólicos Campelo e Lamas de Feás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os parques eólicos de Campelo e Lamas de Feás foron adxudicados á empresa Kaekias Eólica SA concurso eólico de 2010. Esta empresa resultou adxudicataria de 75 MW. Dado que non se lle concederon os 108 MW solicitados, a empresa renunciou a executar o Plan Industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, e optou por monetarizalo, resultando unha cantidade de 11.721.971 euros, que a empresa debería ingresar no fondo de capital risco SOGIGA do IGAPE no prazo dun mes desde a posta en funcionamento dos parques.

Os activos de Kaekias Eólica SA foron mercados por GREENALIA WIND POWER SLU en setembro de 2016, data na que os parques eólicos anteriormente mencionados non estaban en construción.

Os compromisos referentes á monetización do plan industrial foron xustificadas por Greenalia a través de diversas inversións, e a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais aceptou a proposta de modificación e xustificación do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plan industrial presentada en novembro de 2019 por Greenalia, mediante resolución do 21 de xullo de 2021.

No transcurso do tempo estes proxectos eólicos tomaron camiños diferentes. O parque Lamas de Feás foi rexeitado na súa avaliación ambiental, denegándose a súa autorización mediante resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático de 12 de febreiro de 2025.

O proxecto correspondente ao parque eólico Campelo veuse sometido a un proceso xudicial mediante un recurso contencioso administrativo presentado pola Asociación para a defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Plataforma para la defensa de la Cordillera Cantábrica, contra o acordo do Consello da Xunta de Galiza de 18 de novembro de 2021, polo que se outorga autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos mineiros e forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campelo, localizado nos concellos de Coristanco e de Santa Comba (A Coruña), e promovido pola sociedade "Greenalia Wind Power Campelo, SLU".

Este recurso foi fallado a favor das demandantes pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no recurso contencioso-administrativo 7052/2022, e recorrido pola promotora, a Xunta de Galiza e a asociación Eólica de Galiza diante do Tribunal Supremo.

A sección quinta da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo na súa Sentencia núm. 316/2025 de data 21 de marzo de 2025 estimou o recurso de casación 7213/2023 interposto pola Xunta de Galiza, pola mercantil Greenalia Wind Power Campelo, S.L.U. e pola Asociación Eólica de Galiza (EGA) contra a sentenza 171/2023, de 26 de maio, ditada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no recurso contencioso-administrativo 7052/2022.

Tanto o plan industrial presentado por Greenalia, como a a asunción do seu cumprimento por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, presentan indicios de vulneración da legalidade do que se derivou que, a organización ecoloxista Adegas presentou denuncia diante da Fiscalía de Medio Ambiente, o pasado 9 de febreiro de 2024, pola comisión de presuntos delitos de prevaricación e malversación.

Estando a resolución do 21 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, baixo instrución xudicial, ao igual que os actos da asinante da mesma, e logo de verse modificado o obxecto que deu lugar ao plan industrial presentado inicialmente por Kaekias Eólica SA, son moitas as dúbidas que se presentan a respecto da futura construción do parque eólico Campelo.

Dúbidas a respecto do cumprimento dos condicionantes da Orde do 29 de marzo de 2010, baixo a que se tramita e autoriza o parque eólico Campelo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Anular a resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 2021 pola que se acepta a proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA, por considerala manifestamente ilegal e prexudicial para as arcas públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Recalcular a proposta presentada inicialmente pola empresa Kaekias Eólica para a monetarización do plan industrial na cantidade de 11.721.971 euros, que deberá ingresar no fondo de capital risco do IGAPE no prazo de un mes desde a posta en funcionamento dos parques, tendo en conta as actuais condicións da concesión”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 12/06/2025 11:33:34

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/06/2025 11:33:46

Luis Bará Torres na data 12/06/2025 11:33:55

Daniel Pérez López na data 12/06/2025 11:34:11

Iria Carreira Pazos na data 12/06/2025 11:34:22

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2025 11:34:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 11:38:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 11:38:45
Nº Rexistro: 27304
Data envío: 12/06/2025 11:38:45,608

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:28:56
Nº Rexistro: 27314
Data envío: 12/06/2025 12:28:56.127

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:24
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Coristanco leva anos figurando nos anuncios e promesas da Xunta de Galicia no que respecta á mellora das infraestruturas básicas, nomeadamente no ámbito do saneamento.

En concreto, foron reiteradamente anunciados proxectos para a mellora e ampliación da rede de saneamento nos lugares de O Rodeiro e Podrizo, así como a actuación necesaria sobre a estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Vietie. Non obstante, a día de hoxe, estas actuacións continúan sen materializarse, e os veciños e veciñas seguen padecendo as consecuencias dunha rede deficiente ou, directamente, inexistente.

A situación agrávase pola falta de vontade reivindicativa do goberno municipal de Coristanco, presidido polo Partido Popular, que semella conformarse coas promesas sen esixir o seu cumprimento real e efectivo. Esta actitude permisiva contribúe a un abandono estrutural que impide mellorar a calidade de vida da veciñanza e que compromete a protección ambiental dun territorio que depende, en gran parte, do seu medio natural.

Neste contexto, resulta imprescindible coñecer con detalle o estado de tramitación dos proxectos comprometidos pola Xunta de Galicia, así como os

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:24
Por Carlos López Font

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:23
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

90015

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:28:56
Nº Rexistro: 27314
Data envío: 12/06/2025 12:28:56.127

prazos previstos para a súa execución, co fin de garantir que as actuacións anunciadas non queden, unha vez máis, nun mero exercicio de propaganda institucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar, con carácter urgente, sobre o estado actual da tramitación dos proxectos de mellora da rede de saneamento no lugar de O Rodeiro, da mellora da rede de saneamento en Podrizo e da actuación sobre a estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Vietie, todos eles no concello de Coristanco.
2. Establecer un calendario concreto de execución para cada un destes proxectos, con previsión orzamentaria suficiente, garantindo a súa posta en marcha no prazo máis breve posible.
3. Impulsar, en colaboración co concello de Coristanco, todas as medidas necesarias para asegurar que estas actuacións se leven a cabo con axilidade e sen máis demoras, atendendo ás demandas veciñais e ás necesidades ambientais da zona.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

90016

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 12/06/2025 12:23:59

Carlos López Font na data 12/06/2025 12:24:06

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 12:24:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 12:24:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 12:28:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 12:28:56
Nº Rexistro: 27314
Data envío: 12/06/2025 12:28:56.127

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Borja Vereza Fraiz, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde e Miguel Ángel Viso Diéguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago constitúe unha das expresións máis senlleiras do patrimonio cultural, espiritual e turístico de Europa, recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade e pola propia Unión Europea como primeiro Itinerario Cultural Europeo. Os anos santos xacobeos, representan unha oportunidade histórica para a proxección internacional da nosa comunidade, así como para o fortalecemento da Marca España e Marca Galicia a través dun turismo de valores, sostible e ligado á identidade cultural.

Nos últimos anos, Galicia consolidouse como referente do turismo espiritual e de peregrinación grazas á aposta institucional polo Camiño de Santiago e polos distintos roteiros xacobeos. O éxito do Xacobeo 21-22, ampliado pola pandemia, demostrou a capacidade mobilizadora deste evento, xerando beneficios económicos, sociais e culturais, non só en Galicia, senón tamén noutras comunidades polas que discorren os diferentes camiños.

Neste contexto, resulta esencial anticipar a planificación do próximo ciclo xacobeo 2027-2032, para o cal é imprescindible a declaración do Xacobeo 2027 como Evento de Excepcional Interese Público (AEIP). Esta figura supón unha ferramenta clave para o financiamento público-privado e para a difusión nacional e internacional do evento. A súa solicitude xa conta co respaldo da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e o visto bo do Ministerio de Cultura, así como coa unanimidade do Parlamento de Galicia. Cómpre, pois, que o Goberno de España avance con celeridade na aprobación desta declaración, permitindo iniciar os traballos preparatorios e garantir a continuidade dunha estratexia sustentada na calidade e no respecto polo legado cultural do Camiño. Así mesmo, resulta oportuno reclamar un apoio económico máis decidido do Estado ao conxunto do “lustró Xacobeo”, como parte dunha visión estratéxica que transcenda os fitos anuais e aposte por unha promoción sostida no tempo.

O Parlamento de Galicia non pode permanecer alleo á importancia desta oportunidade histórica. Por iso, cómpre solicitar formalmente á Xunta que inste o Goberno de España a avanzar nesta dirección, coa máxima ambición e compromiso institucional.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que apoie a solicitude unánime do Parlamento de Galicia de conceder, canto antes, ao Xacobeo de 2027 a declaración como evento de excepcional interese público (EEIP), que conta xa coa aprobación da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e co visto e praxe do Ministerio de Cultura. Na mesma liña, instarase o Goberno central para un maior e firme apoio económico ante o próximo "lustró Xacobeo 2027-2032", co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva, como os xacobeos anteriores, para o reforzo turístico da marca España e da marca Galicia."

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 13:00:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 13:01:50
Nº Rexistro: 27319
Data envío: 12/06/2025 13:01:50.062

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 13:01:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 13:01:50
Nº Rexistro: 27319
Data envío: 12/06/2025 13:01:50.062

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais desafíos sociais que afectan a milleiros de cidadáns en Galicia e no conxunto de España. Trátase dunha cuestión sensible, que require unha planificación seria, estabilidade normativa, financiamento suficiente e, sobre todo, cooperación leal entre administracións.

Nos días previos á Conferencia de Presidentes celebrada o 6 de xuño de 2025 en Barcelona, o presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, remitiu unha carta aos presidentes autonómicos anunciando a súa intención de impulsar un suposto Acordo Estatal de Vivenda 2026-2030, con referencias xerais a un incremento do investimento, ao blindaxe da vivenda protexida e á creación dunha base pública de datos sobre prezos inmobiliarios.

Porén, na citada Conferencia de Presidentes non se presentou ningunha proposta formal nin se promoveu debate, nin votación algunha, en materia de vivenda por parte do Executivo central, demostrando que a carta enviada previamente tiña un carácter meramente propagandístico e sen vocación real de acordo.

Así mesmo, tal como confirmou o presidente da Xunta de Galicia na sesión plenaria celebrada o 11 de xuño no Parlamento de Galicia, non existiu ningunha proposta formal nin diálogo institucional efectivo sobre vivenda antes, durante ou despois do devandito foro multilateral.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos inadmisíbel que, unha vez mais, o Sr. Sanchez realice anuncios baleiros, sen contido nin vontade de consenso. As comunidades autónomas, e nomeadamente Galicia, teñen propostas concretas e solicitudes pendentes nesta materia que deben ser atendidas con seriedade por parte do Goberno de España.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixirlle ao Goberno de España:

1. Remitir, tal e como expresaba o presidente do Goberno na carta enviada ás comunidades autónomas con motivo da Conferencia de Presidentes do 6 de xuño de 2025, unha proposta formal e detallada para iniciar a negociación real dun Acordo Estatal de Vivenda 2026–2030, acompañado de cronogramas, financiamento, e garantías de execución.
2. Reclamar que calquera medida ou iniciativa en materia de vivenda sexa previamente consensuada e dialogada coas comunidades autónomas, garantindo o respecto ao principio de lealdade institucional e ás competencias exclusivas ou compartidas recollidas no marco constitucional e estatutario.
3. Reclamar que atenda de forma efectiva as peticións, propostas e necesidades expostas polas comunidades autónomas en materia de vivenda e, particularmente, as formuladas pola Xunta de Galicia, garantindo un tratamento equitativo, transparente e estable.
4. Convocar a Conferencia Sectorial de Vivenda que leva desde o mes de outubro sen reunirse, como foro de cooperación multilateral no que facer efectiva a participación das comunidades autónomas na definición do interese xeral, o apoio á unidade de acción e o respecto ao autogoberno e a diversidade.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 14:04:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27334
Data envío: 12/06/2025 14:06:01.396

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 14:06:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27334
Data envío: 12/06/2025 14:06:01.396

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:58
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **José Ramón Gómez Besteiro**, e do seu deputado e da súa deputada **Carlos López Font** e **Paloma Castro Rey**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de lei para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda constitúe un dos maiores retos sociais, económicos e xeracionais aos que se enfronta Galicia. O acceso a unha vivenda digna, segura e alcanzable é un dereito constitucional que, porén, leva anos gravemente comprometido pola falta de planificación estratéxica, a inacción institucional e a renuncia da Xunta de Galicia de Alfonso Rueda a exercer unha política pública ambiciosa e sostida no tempo.

Galicia carece dun parque público de vivenda acorde ás necesidades da súa poboación. Mentres países como Austria ou os Países Baixos contan cun parque público ou social que representa entre o 15 % e o 25 % do total de vivendas, Galicia sitúase moi por debaixo do 5 %, á cola de Europa. Este déficit estrutural é especialmente grave no contexto actual de inflación inmobiliaria, onde amplas capas da poboación, especialmente a mocidade, as familias traballadoras e as persoas maiores, ven como o dereito á vivenda se transforma nun privilexio.

A realidade é incontestable: máis de 22.000 familias en Galicia están en lista de agarda para acceder a unha vivenda pública e cada día se suman 18 novas solicitudes. Mentres tanto, os prezos de compra e alugueiro continúan

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:58
Por Carlos López Font

Asinado o día 12/06/2025 ás 16:58
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

90027

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

disparados e o mercado expulsa a milleiros de persoas cara á incerteza, á precariedade ou directamente ao risco de exclusión residencial.

En vez de actuar con responsabilidade, a Xunta de Galicia está a optar pola parálise, a confrontación partidaria e a renuncia aos recursos. O caso máis grave produciuse recentemente: o presidente da Xunta rexeitou 380 millóns de euros ofrecidos polo Goberno de España no marco do novo Plan Estatal de Vivenda 2025–2028, aprobado na Conferencia de Presidentes. Un investimento que multiplicaba por 2,5 o do período anterior e que permitiría construír 4.000 vivendas públicas de protección permanente en todo o territorio galego.

A decisión da Xunta de Galicia non ten outra explicación que a obediencia cega aos intereses do Partido Popular a nivel estatal. Mentres comunidades como Euskadi, Navarra, Canarias ou Asturias aceptaron os fondos e puxeron en marcha os mecanismos para aproveitalos, Galicia quedou fóra dunha oportunidade histórica para garantir o dereito á vivenda.

Cómpre lembrar que a proposta estatal non se limitaba ao investimento: incluía tamén medidas estruturais, como a creación dunha base de datos pública sobre prezos reais de mercado, a blindaxe do parque público de vivenda para evitar a súa desprotección e a implicación directa das comunidades autónomas e entidades locais nun novo modelo de planificación a longo prazo.

Non é admisible que, por motivos ideolóxicos, a Xunta de Galicia rexeite fondos estatais que pertencen á cidadanía galega. Non se trata dunha disputa entre administracións, senón da obriga ética e política de garantir un dereito básico para milleiros de persoas que viven coa angustia de non poder acceder a un teito digno.

O que está en xogo é a cohesión social, a igualdade de oportunidades, o reequilibrio territorial e o futuro dunha xeración enteira que non pode iniciar

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

90028

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

proxectos vitais nin arraigar nas súas vilas e cidades. Galicia precisa unha política pública de vivenda valente, responsable e aliñada cos retos do presente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aceptar os 380 millóns de euros do novo Plan de Vivenda Estatal promovido polo Goberno de España, para garantir a construción de, polo menos, 4.000 vivendas públicas protexidas en Galicia.
2. Aumentar ata un 40 % o seu financiamento para o vindeiro Plan Estatal de Vivenda e aceptar a proposta de financiamento formulada polo Estado.
3. Deixar de antepoñer os intereses partidistas ás necesidades da cidadanía galega, e que actúe con responsabilidade para facer fronte á emerxencia habitacional.
4. Trasladar ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana do Goberno de España o seu apoio á solicitude realizada polo Partido Socialista para manter a proposta de financiamento dirixida á comunidade galega, facilitando así que os recursos poidan ser activados en canto a Xunta rectifique a súa negativa.
5. Apostar por un novo Plan Galego de Vivenda Pública con participación das entidades locais que priorice a construción en réxime de alugueiro e garanta o carácter permanente da protección das vivendas.
6. Que non bloquee as propostas en materia de vivenda presentadas polo Goberno do Estado e colabore activamente para a súa implementación, incluíndo a xestión áxil e eficiente dos fondos estatais dirixidos á vivenda.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

90029

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU TaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

90030

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/06/2025 16:58:14

Carlos López Font na data 12/06/2025 16:58:23

Paloma Castro Rey na data 12/06/2025 16:58:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

CSV: BOPGDSPG-sq0vGU Tac-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 17:03:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:03:16
Nº Rexistro: 27339
Data envío: 12/06/2025 17:03:16.188

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cecilia Vázquez Suárez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O Goberno galego segue avanzando no seu obxectivo de mellorar a seguridade nas estradas autonómicas, nomeadamente na AC-840, onde están a ser executadas, por preto de 1,2 M€, as obras de mellora da mobilidade peonil no concello de Oza-Cesuras para a execución dun paso peonil baixo a vía do tren, resolvendo así o problema histórico que xerou o terraplén da vía.

Trátase de dar solución ao estreitamento nesta vía á altura do quilómetro 8+280, no paso baixo o ferrocarril. Neste punto agora mesmo só hai espazo para a circulación de vehículos, de xeito que as persoas que queren pasar andando teñen que facelo pola estrada.

A solución consiste en habilitar un paso exclusivo e seguro duns 128 metros para peóns e ciclistas non deportivos, través dun itinerario separado da calzada da estrada e con conexión coas beirarrúas a ambos lados do paso baixo o ferrocarril, o que redundará en maior seguridade nesa contorna. O proxecto tamén inclúe a dotación de iluminación en todo este treito e a execución de rede de drenaxe de pluviais.

A solución deseñada ten a vantaxe de que permite evitar afeccións significativas durante a execución das obras ao tráfico viario na propia estrada AC-840 e tamén ao tráfico ferroviario.

Nesta actuación existe afección a terreos do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), empresa pública de titularidade estatal competencia do Ministerio de Transportes, cuxa autorización se está a demorar, sen sentido, co que os traballos non poden comezar. E isto, a pesar de que a Xunta de Galicia está a resolver un problema que xerou a infraestrutura ferroviaria e





que debería acometer o Estado. A obra, con todo, foi adxudicada o 17/04/2024.

Esta demora é responsabilidade única de ADIF cun expediente iniciado no ano 23 que está a tramitarse dun modo moi dificultoso, máis do razoable, co resultado de que o proceso non para de dilatarse. A Axencia Galega de Infraestruturas, pola súa banda, ten actuado con dilixencia, dando resposta en cada momento á ADIF

Non é esta unha situación excepcional na Administración do Estado, con organismos como a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, que realizan unha aplicación da normativa que na práctica bloquea as actuacións que teñen que informar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia colaborar co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para axilizar o máximo posible a execución da obra do paso baixo a vía do tren na AC-840, no termo municipal de Oza-Cesuras e, así mesmo, o Goberno galego solicitará ao Goberno de España que axilice a emisión da autorización pendente para poder culminar esta actuación.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 17:23:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:23:59
Nº Rexistro: 27341
Data envío: 12/06/2025 17:23:59.298

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/06/2025 17:24:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 17:23:59
Nº Rexistro: 27341
Data envío: 12/06/2025 17:23:59.298

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, María Deza Martínez Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia coñeceu o pasado xoves 11 de xuño o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se suspende cautelarmente a modificación da resolución pola que se determinan as épocas hábiles de caza en Galicia na tempada cinexética 2024-2025.

Esta decisión xudicial implica que ata o vindeiro 31 de xullo deste ano non se poderán adoptar medidas de control en casos de danos recorrentes causados por ataques de lobo á gandaría, o que poderá traer graves consecuencias para o sector agrogandeiro galego, que terá que limitarse ás medidas de prevención e a solicitar axudas para compensar os danos cando se produzan.

É por iso fundamental que a Xunta defenda, como o fixo ata o de agora, e, ante as instancias que sexan precisas, o equilibrio e a convivencia entre a protección da especie, as necesidades dos gandeiros, un sector clave na nosa economía, e a biodiversidade; e máis cando o criterio empregado polo TSXG é contrario ao seguido polos tribunais doutras comunidades -Cantabria e Castela e León- que rexeitan a suspensión cautelar das accións de control sobre o lobo, ao entender que o estado das súas poboacións é favorable.

É paradoxo porque en Galicia temos a mesma situación, pois o número de mandas da especie –segundo recolle a Xunta no último estudo remitido ao Goberno central de cara á elaboración do informe sexenal- aumentou de 84 en 2014 a 93 nas últimas estimacións, e está presente en máis do 90% do territorio galego. De feito, só desde o ano 2021 os avisos por ataques de lobos na comunidade aumentaron un 77% e o número de reses afectadas un 57%.





É tamén un contrasentido tras os últimos cambios que se produciron a nivel normativo en Europa e en España.

A nivel europeo, modificando o regulamento que consideraba que o lobo no admitía medidas de xestión por ser unha especie especialmente protexida. A propia Europa constatou a tendencia positiva desta especie, que ocupa territorios cada vez máis amplos. É máis, recuperouse en todo o continente dobrando a poboación en 10 anos, un éxito desde o punto de vista da conservación desta especie, como recoñece a propia Comisión europea.

E en España este cambio en Europa incorporouse recentemente por Lei, eliminando o lobo o norte do río Douro do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), momento no que a Xunta retomou o plan de xestión que estaba vixente ata 2021.

Apelando á importancia de garantir o mantemento da protección do lobo xunto cunha maior flexibilidade da xestión para protexer ás explotacións gandeiras en Galicia, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a defender, ante as instancias que sexan precisas, incluído os recursos pertinentes ante a Xustiza, o equilibrio e a convivencia entre a protección do lobo e as necesidades dos gandeiros, así como seguir defendendo as accións de control sobre esta especie tendo en conta o estado favorable das súas poboacións”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:


Alberto Pazos Couñago na data 12/06/2025 18:09:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2025 18:10:57
Nº Rexistro: 27351
Data envío: 12/06/2025 18:10:57.836

CSV: BOPGDSPG-sq0vGUTaC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

